



Asperpento

C.P. Campdongo


Pontevedra




Xuño. 1998
Número 16



por Jorge



Sumario



| | | | |
|----------------------|----|--------------------|-----|
| EDITORIAL | 4 | OPINANDO | 38 |
| NADAL | 8 | FANTASEANDO | 57 |
| DIA DA PAZ | 9 | ECOLOXIA | 59 |
| ENTROIDO | 14 | INVESTIGANDO | 70 |
| MAIOS | 18 | CREANDO | 79 |
| LETRAS GALEGAS | 22 | AULAS FORA | 91 |
| NOVAS | 33 | DEPORTES | 97 |
| ENTREVISTAS | 34 | BRINCADEIRAS | 105 |



EDITA:

C.E.I.P. CAMPOLONGO

MESA DE REDACCIÓN:

MARÍA CAMPOS, JORGE DOMÍNGUEZ, XOSÉ L. FORTES, R. JIMÉNES, BLANCA LUAES, SANTIAGO LUNA, SARA MÍGUEZ, LIDIA PIÑEIRO, VÍCTOR CASAS, IGNACIO GARCÍA, MANUEL VIÑAS E EDUARDO M. SECO

PORTADA:

JORGE DOMÍNGUEZ

CONTRAPORTADA:

SANTIAGO LUNA

TRATAMENTO INFORMÁTICO:

XOSÉ L. HERMOSO, ADRIÁN GARCÍA, MANUEL C. ALARCÓN, ANA YAÑEZ, BORJA RODRÍGUEZ, PAULA OTERO, ANXELA MARTÍNEZ, ANGELA POSE, XOSÉ L. FORTES, OSCAR VILAS, XABIER COLÓN, PAULA VELASCO, ANXELA VIDAL, XOSÉ COSTAL, XABIER CENTENO, SALETA IGLÉSÍAS, HUGO ALDATZ, PATRICIA GARCÍA, BEGOÑA LORENZO, SANDRA GONZÁLEZ, CARLOS A. LINO, HELENA JABOIS, SARA MÍGUEZ, ROBERTO BENAVIDES, SANDRA PEÑA, BLANCA LUACES, DAVID NODAR, OSCAR OSORIO, LIDIA PIÑEIRO, SARA TEIJEIRA, MANUEL VIÑAS, IGNACIO GARCÍA, ALBERTO PIÑÓN, JAVIER BLANCO, SARA LÓPEZ E MARÍA SECO

DEBUXANTES:

XOSÉ L. HERMOSO, XABIER PENNA, XURXO CASAL, CRISTINA FRANDE, MARÍA PÉREZ, CARME M^A SANTALÓ, CARME REY, JORGE DOMÍNGUEZ, MARIO PRADO, SANTIAGO LUNA, MÍGUEZ PÉREZ, LORENA PATRICIO, ALEJANDRO PORETO, IGNACIO PITA, ALBERTO RODRÍGUEZ

AGRADECIMENTOS:


A TÓDALAS ALUMNAS E ALUMNOS QUE COLABORARON, ÁS MESTRAS E ÓS MESTRES QUE ANIMARON, A MARISOL LORENZO E A TI, LECTOR/AMIGO/A, QUE RECREAS ESPERPENTO '98.

CORRECIÓN LINGÜÍSTICA:

EDUARDO M. SECO

COORDINACIÓN XERAL:

EDUARDO M. SECO



Despedida

Sómo-la primeira promoción de Secundaria e parece que non se produce o desastre que moitos agoiraban. Non nos consideramos mal preparados. Fainos ilusión pensar que a partir de agora tódolos máis novos seguirán os nosos pasos, disfrutando e aguantando o mesmo plan de estudos e os mesmos profesores ano tras ano. Sentimos pena por deixar estas lousas que tanto sufriron baixo os nosos pés, por abandona-los pupitres que manchamos coa suor do traballo e dos exames, por separarse de moitos compañeiros ós que lles contámo-los nosos segredos e que posiblemente sigamos camiños distintos. Sentimos, pois humanos somos, despedirnos dos mestres que tanto se esforzaron na nosa educación e aprendizaxe. Coidamos que os mestres deberían ser máis valorados por esta sociedade e non tan criticados.

Gracias á loita

Na nosa permanencia de oito ou dez anos neste centro conseguimos un lugar de traballo máis agradable e máis limpo, incluso temos xabón e servilletas, xardíns moi mellorados, sinais de tráfico, pasos de peóns, moitas colchonetas, un potro e ata un minitrán, un parque infantil e moitas cousas máis. Gracias por axudarnos a loitar. Os nosos irmáns, amigos ou veciños seguirán disfrutando das melloras

Neste panorama alentador incrustase un problema intermitente, un problema que se reproduce cada sete días: as fins de semana aparece misteriosamente polo contorno do centro xente e mais xente para beber, fumar e ensucia-los patios.

O Concello di que é normal, a policía ten isto abandonado. E nós a sufrir.

Ensino público

Somos defensores do ensino público, eliximolo voluntariamente e non nos arrepentimos. Pero lamentamos que a Administración do público o estea deteriorando coa implantación cutre da Secundaria. Presupostos escasos aínda manteñen colexios sen o profesorado obrigatorio e sen talleres axeitados para certas materias. ¿Por que non interesa o ensino público? Pois o ensino público fai cidadáns máis plurais e libres, mellor preparados para integrarnos na sociedade.

Algo está cambiando.

Vemos moi escuro o noso futuro como estudantes, pois o campus universitario de Pontevedra segue desmantelándose. Quérennos mandar 300.000 toneladas de vasura diarias. Non é xusto e témolo que impedir con manifestacións coma a do 5 de xuño, que congregou a 30.000 persoas non manipuladas e sen ningunha bandeira.

Alégranos comprobar que Pontevedra xa non dorme e sabe defender na rúa o seu futuro. De seguir así uns anos máis, serémo-la capital da vasura; perdón, perderémo-la capital pero gañarémo-la vasura. E nós queremos un futuro limpo e agradable, sen cheiros e sen tantas afeccións respiratorias e alérxicas. ¿Escoitrá alguén os nosos desexos? Quizais sexan tamén os teus, lector amigo ou lectora amiga. ¿Quen dixo que "aquí no ha pasado nada"? Aquí algo pasou.

Colectivo 2º Secundaria.

OS PEQUENOS



ESTAMOS MOI CONTENTOS PORQUE ESTREAMOS PARQUE ESTE CURSO

Esperpento

C.E.I.P CAMPOLONGO · 6



OS PEQUENOS



...E AQUI PASAMOLO GUAÍ

2º SECUNDARIA


GRUPO A




Esperanto


C.E.I.P. CAMPOLONGO · 7

GRUPO B



GRUPO C





ARBORE DE NADAL DE PAPEL

—FANI MAYO · 6º PRIMARIA—

É sinxela de facer. Explicáreivos como confeccionala.

Necesitaredes :

Papel pinocho de cor verde.

Cartolina verde a xogo.

Un anaco de cartolina branca, dourada ou prateada.

Papel de calco.

Un lapis.

Cinta adhesiva.

Purpurina dourada ou prateada.

Pegamento.

Punzón ou clip.

Tesoiras e alfinetes.

Periódico.

Grinaldas pequenas e lazos en miniatura (de venda en librerías) ou demais adornos pequenos.



Confección :

- Cun lapis, calca os patróns. Despois, recórtaos. Coloca o patrón do cono enriba da cartolina verde e debuxa o contorno cun lapis, logo recorta. Fai o mesmo para confeccionar dúas estrelas de cartolina branca, prateada ou dourada.

- Suxeita con alfinetes os patróns dos volantes no papel pinocho e recorta uns 50 ou 60 volantes de cada tamaño.

Cun punzón ou clip, fai buraciños no cono. Os buracos teñen que estar separados uns 2'5 cm aproximadamente.

- Na parte superior da árbore, os buraciños teñen que estar máis preto, aproximadamente uns 12 mm.

Enrola o borde estreito dos volantes e méteos polos buracos. Unha vez dentro, pon un anaciño de cinta adhesiva para pegalo ó cono.


- Os volantes grandes abaixo, os medianos no centro e os pequenos enriba.

- Enrola o cono. Monta un pouquiño os bordes e pégaos con cinta adhesiva.

- Coloca tamén unha cinta na parte de dentro.

Coloca as estrelas de cartolina enriba do periódico e ponlle pegamento a unha das caras das dúas estrelas.

- Salfire con purpurina dourada ou prateada. Pega as dúas estrelas xuntas, co lado da purpurina mirando cara a fóra. Coloca un brazo da estrela no buraco da parte superior da árbore. Decóralo con grinaldas e lazos.



A PAZ

Presentación.

Na Terra moitísima xente pasa fame, sobre todo no terceiro mundo, onde máis do 75% das persoas carecen de alimentos. Nós vivimos nun dos países máis ricos, onde se desprezan moitos alimentos. Cada día morren máis de 34.000 nenos de fame, de frío e de enfermidades, pero este feito podería evitarse se cada unha das persoas do primeiro mundo dese 100 pesetas ó día. De todos modos a paz é vital para a humanidade e todos deberíamos loitar para que cada día haxa menos guerras e menos enfrontamentos.

A violencia ó noso arredor .

A violencia non só está onde hai guerra senón que tamén a podemos atopar ó noso arredor , por exemplo:

-Nos deportes, como o fútbol. Nos campos de fútbol os espectadores soen tirar obxectos ó campo.

-Nos institutos os alumnos cando teñen algunhas diferencias soen ameazar ós seus compañeiros con navallas, coitelos u outros obxectos, pero na maior parte soe ser cos

paños. Na maioría dos institutos hai polo menos dous grupos que soen ameazar, anque a maioría das veces non cumpran as súas ameazas.

-Noutros casos a violencia chega ós fogares, mulleres e fillos maltratados e nunha minoría os homes.

-Incluso ás veces a violencia chega a estar entre os amigos por causa das drogas, do alcohol do tabaco ou ben por cousas tan ridículas como o fútbol ou asuntos amorosos.

-Os sucesos de nenos asasinados ó estilo do acribillamento, deixou de ser novidade, para desgracia da sociedade. Segundo un artigo do xornal "El País", sería demasiado simple e tranquilizador dicir que a criminalidade en torno ós doce anos se desenvolve exclusivamente en terras norteamericanas. A aclimatización da súa cultura a case calquera zona asegura que o fenómeno se estenderá. Máis que o problema da nacionalidade, é un asunto de socialidade.

Un estudio de 1992 sobre as escolas de ensinanza media da zona sur de Chicago establecía que un 47% dos estudantes, entre os 12 e 18 anos, tivera a experiencia de ter sido acoitelado; un 61% declarou ter presenciado tiroteo e un 45% fora testigo dalgún asasinato. Finalmente, un 25% posuía a vivencia das tres cousas á vez.

As guerras .

Hai moitos países que aínda agora, rematando o século XX, están en guerra, ben polos límites xeográficos ou por outros asuntos.

Outros que están intentando arranxa-lo que destruíu a guerra, pero moitas cousas

son imposibles de substituír, como os fillos, os irmáns, os pais ou incluso toda a familia .

Todo iso e moitas cousas máis é o que fai a guerra, por exemplo, que a xente teña que emigrar a outros países, que pasen fame e o máis cruel de todo é o que todos sabemos que en tódalas guerras sempre matan.

En tódalas guerras, utilízanse as minas, que son elementos moi perigosos e destrozan a vida de moita xente. Todo vai encadeado contra a paz: a violencia , a guerra e as minas.

Temos que axudar a que a paz sexa máis forte que tódalas demais cousas .

Tampouco hai que esquece-la solidariedade e a tolerancia, son tan importantes como a paz .

Todos deberíamos face-la paz e non a guerra .

As minas .

É importante ter coñecementos básicos sobre as minas terrestres.

As minas terrestres foron xeralmente concebidas para ferir ou mutilar, máis que para matar. Sen embargo, os nenos son fisicamente máis pequenos que os adultos, sofren unha maior perda de sangue e a extensión das feridas é tamén maior

Hai dous tipos de minas terrestres : as minas antitanque, destinadas a vo ar vehículos, e as minas antipersoais, destinadas a ferir a persoas .

As minas antitanque son grandes : pesan entre 5 e 20 quilos e conteñen material explosivo.

As minas antipersoais foron creadas especificamente para ferir persoas. Son bastante pequenas, livianas, habitualmente de plástico para que poidan flotar e están deseñadas para ser disimuladas nos lugares que frecuenta a xente.

Hai minas de rebote, minas de estaca con arame de zancadilla, minas bolboreta ...

De todos modos, pouco importa coñecer os nomes exactos das minas que se encontran nunha zona, o que conta é saber como funcionan.

Normalmente funcionan a presión, algunhas como a mina bolboreta son lanzadas desde os helicópteros .

O racismo .

No noso planeta hai moitas etnias e culturas diferentes, como a negra, oriental, paíes, xitanos, indios, etc.

A igualdade fundamental entre tódolos homes esixe un recoñecemento cada vez maior , porque todos e todas, dotados de alma racional, coa mesma natureza, a mesma orixe e, ante todo, todos somos fillos de Deus .

É evidente que non témo-la mesma capacidade física, as cualidades intelectuais e morais, é certo, temos moitas diferencias, pero hai algo máis forte que nos une: todos pertencemos á mesma especie, á especie humana .

Nestes últimos meses cando lémo-los xornais e vémo-las noticias na televisión, chegan moitas novas que indican racismo. No noso planeta hai moita xente racista, como os "nazis" (Alemaña), os brancos dalgúns países sudafricanos, The bell curve (EE UU) .

O racismo dáse cando hai diferenza sexual, condición social : homes que maltratan ás súas mulleres ou compañeiras, machismo, persoas que ven un pobre non se acercan por se os atracan, por se lles contaxian algunha enfermidade ou lles pasa algo polo estilo, e moitísimas veces son máis honrados cás persoas que teñen diñeiro .

¿Que importa o sexo, a raza a cor da nosa pel, a condición social , a lingua ou a fai libres ós seres humanos é a cultura, o saber que todos formamos parte dun mesmo mundo e que polo tanto todo o mundo ten que ter respecto ós demais, e o que fai a paz é iso e moito máis .

A liberdade forma parte da paz, por iso se queremos conseguí-la paz, temos que loitar tamén pola liberdade, loitar pacificamente, falando, mediante pactos ...En temas ambientais fálase de que tódalas especies son necesarias para a vida, isto é o que pasa cos humanos, por exemplo : os negros soen ser mellores nos deportes, os chineses descubriron moitas

TODOS CONTRA O TERRORISMO

—GONZALO VALENCIA CASTILLO • 1º SECUNDARIA—

Hai pouco os xornais, televisión e radio. Informáronnos de que os terroristas volverán a actuar matando xente inocente.

O terrorismo, segundo o dicionario enciclopédico “Gran Enciclopedia Larrousse”, é o medio de loita violenta practicada por unha organización ou grupo política, fronte o poder do estado e para a consecución dos seus fins.

Dende hai tempo os terroristas mataron en España xente inocente: nenos, políticos, militares e civís, cun total oitocentas novè vítimas.


A xente tiña medo e non se atrevía a plantarlle cara, pero dende a morte de Miguel Angel Blanco, nenos e maiores saíron á rúa para protestar por tan brutal asasinato.

Isto significa que España enteira se está a

concienciar de que o terrorismo ten que rematar. Xa que ninguén aguanta máis o que está a facer esta xente que non ten ningún aprezo pola vida.

Por todo isto tratamos de dicir **BASTA XA.**

En Pontevedra, un grupo de xoves que se fan chamar “UNIDOS POLA LIBERDADES”, veñen facendo concentracións na praza da Ferrería cada vez que os terroristas cometen un atentado contra a vida de persoas inocentes: e para que todos recorden que temos dereito á liberdade están recadando fondos para construír un monumento á Paz e á Liberdade, que se pora na praza enriba do aparcamento que están construíndo en fronte do noso colexio. Esta praza se chamará Praza da Liberdade.



A PAZ NO NOSO CONTORNO

—SANDRA PEÑA DÍAZ, LORENA PATRITICIO CAL, BLANCA LUACES MÉNDEZ, ELENA JABOIS SUEIRO • 2º ESO—

A paz é harmonía, felicidade, benestar entre as persoas. Pero face-la paz non é so evita-las guerras e inxustizas maiores, senón tamén evita-la violencia entre os adolescentes e respectarse uns ós outros.


Algúns xoves de hoxe en día cren que, polo feito de berrar, insultar e ata chegar a pegar ós demáis van ser superiores e así levar sempre a razón. Estes actos, presentes na vida cotiá, demostran a inmadurez por parte dalgunhas persoas.

Sen embargo, a situación en Estados Unidos é moito peor e os rapaces ñchegan a levar armas ó colexio.

Outro factor importante son os medios de comunicación que, sobre todo os debuxos animados, presentan un grao moi alto de violencia. Tales

son series de debuxos animados como Songoku, que tanto éxito produce entre os rapaces.






En xeral, debemos evita-las disputadas entre os compañeiros e protestar e eliminar determinadas series que presentan moita violencia.



SÓMO-LAS POMBAS,
QUERÉMO-LA PAZ.
E FELICES SOMOS
TENDO SEMPRE
UN MUNDO EN PAZ


Esperpento

C.E.I.P. CAMPOLONGO · 13



Esperpento

C.E.I.P. CAMPOLONGO · 14




Esperpento

C.E.I.P CAMPOLONGO · 15



BENVIDOS, AMIGOS Ó NOSO CARNAVAL
AQUÍ BAILAMOS E RIMOS.
É UNHA FESTA SEN IGUAL



HISTORIA DE TÓDOLOS DÍAS

—ELENA JABOIS SUEIRO, BLANCA LUACES MÉNDEZ, CARMEN LABACA CASAL, SANDRA PEÑA DÍAZ • 2ª SECUNDARIA—

Ano tras ano hai que comentar
certas historias moi coñecidas
das que día tras día
estamos sempre a falar

En Pontevedra segue a empacadora
que a tantos vai molestar
A xente protesta e protesta
e a Pedrosa querenlle pegar

Fóra da cidade temos a Aznar;
corre perigo o seu posto
pois Borrell está moi disposto
a quitarlle o título de gobernar.

Se imos por Estados Unidos,
podemos lembrar
ese lamentable escándalo
que tanto deu que falar.

A Clinton fóiselle a man
e, segundo certas linguas,
con varias bravas mulleres
vaise o presidente atopar.

do fútbol tamén se pode falar:
o Real Madrid perdeu a liga,
o Barça rezou un pouco á Moreneta
e a algúns fíxolle a puñeta.

Titanic este ano
arrasa nas vendas
¡É que Leonardo DiCaprio
é unha marabilla!

Na música de agora,
podemos moi ben falar,
dos guapos Backstreet Boys
que as nenas fan desmaiar

e agora Médico de Familia
volve ás nosas teles

Caramba co gran embarazo:
¡qué présa que teñen!
e á infanta Dona Elena
nótaselle a barriguíña
e esperamos que en agosto
teña unha fermosa meniña

Estas historias e outras máis
certas veces pódennos cansar.
Pero se todo isto non ocorrese,
¿de qué poderíamos criticar?

Sómo-las rapazas de 2º B
separadas dos rapaces-bebé.
faltalle algo de cerebro
a máis non poder.

Temos moita variedade:
temos gorillas e bichos
e non podía faltar
e algún que outro redicho.

Na clase temos que estar
sempre con paraugas,
porque ñcomo se che cae un lapo
podemos morrer asqueadas.


Hai científicos, chapóns e manitas,
tamén temos algunhas nenitas.
Falan demasiado, e por culpa deles
estamos castigados veces infinitas.

Cando chegan os mestres
comezamos a tremer,
por se preguntan a lección
e un carolo pode caer.

Chámannos ninañatas,
a pesar de todo isto;
sempre o di un neno
que se cre moi listo.

Esperpento

C.E.I.P. CAMPOLONGO · 17



Marta
6 años



4 años

Noelia

4 años




ANDRÉS
4 años



Víctor

4 años



O MAIO

¡Xa estamos en maio!
¡Por fin, xa era hora!
O-verán está a chegar
e nós queremos criticar.

O Barcelona gañou a Copa,
o Mallorca deixouña escapar,
foi unha verdadeira lástima
ver ó porteiro chorar.

González optou por Almunia,
saiulle o tiro pola culata,
máis impúsoxe Borrell
e Pujol está que mata.

Aquí no colexio, todo ben,
algún bota as mans á cabeza,
non quero nombrar a nadie,
pero a cousa está que queima.

Este é o maio,
e o que falta por chegar,
por iso deixo de escribir,
e túbome a descansar.

SANDRA GONZÁLEZ CHAPELA
2º E.S.O.

Coplas dos maios

A Asociación Pipicán
protesta con severidade,
alí á vista de todos
non teñen intimidade.

De seguir multando ós amos
por ensuciar beirarrúas
apelarán en Bruxelas
ó Tribunal das Mexaduras.

Señores excelentísimos,
queremos máis intimismo,
pois somos cans moi honrados.
¡Fóra o exhibicionismo!

Deixemos xa de ladrar,
ou arránxan a cuestión
ou seguiremos manchando
as rúas a mogollón.

Para que cando pasedes
polas rúas de peóns,
perfumede-los zapatos
con "caquita", con perdón.

• COLECTIVO SECUNDARIA

OS MAIOS

Os Maios, como o seu nome indica, celébranse os primeiros días de maio dependendo da localidade. Estas festas caracterízanse polas cantigas: as persoas prepáranas para dar algunha queixa do concello, instalacións, estados dos centros escolares, ou simplemente para alegrar-la celebración.

Os Maios representan a primavera, e claro, unha primavera non está completa sen flores, polo que os vehículos e tendas, ademais das rúas, decóranse con flores e froitas de diversas cores e formas.

Estas festas teñen lugar nas rúas máis céntricas das cidades e pobos. Nos Maios tamén participan os nenos que levan uns paos para ir marcando o ritmo mentres cantan.

• CARMEN BENAVENTE, 5º

OS MAIOS

—EMILIO R. GREGORIO FERNÁNDEZ—

OS MAIOS. NOTAS PARA UN ESTUDIO
DO CICLO DO MAIO. MUSEO DE PONTEVEDRA

En Pontevedra, días antes do primeiro de maio, os rapazotes dos barrios comezaban a pedir ovos polas casas dos veciños, ou ben os roubaban cada un na súa. Pedíanse cucados ou ben eran cucados logo por eles, para rematar por lle facer un burato en cada extremo, por onde tiña logo que pasa-lo fío para facer unha ringleira deles.


Os ovos recolleitados pasaban á casa do director ou “xefe” do maio —a miúdo tamén xefe da banda do barrio—. O como íase facendo namentres se pedían ou se roubaban os aros, os varaes de salgueiro para o esqueleto, para os palitroques que se acompañaban no canto, o fiúncho e mailas flores —roubadas sempre como rezaba unha das cantigas máis coñecidas—, tanto en Pontevedra coma en Caldas:

Para facer este maio
tivemos que ir a roubar
o fiúncho e mailas flores
á horta de (algún coñecido
que tivera tal horta)

O día primeiro de maio saía polas rúas este cono,

decorado con tódolos materiais devanditos mais bandeirolas, e ostentando enriba un fino trezado de ovos e flores. Á beira del, nun pau longo, ía a “croa”, para a confección da cal tiñan os rapaces loitado entre eles polo aquel de que para ser unha boa “croa” había levar ovos de diferentes paxaros. Hoxe a “croa” vai no maio case sempre.

Polo corrente, o maio ía montado sobre unhas angarellas, tendo que ser ergueito cada vez que o cantor se metía baixo del para comezar a cantar. Transportábanse polas rúas entre dous ou catro rapaces, tendo ás veces, polo seu peso e feitura, que ser transportado ata por oito rapaces. Non era doado atopar maíos sobre carros, aínda que se podían dar cando polas razóns expostas, ou porque viña de moi lonxe, era preciso tal vehículo. Nos días 1, 2 e 3 de maio saía polas rúas da cidade cantando, sempre e cando os rapaces non tivesen a menos saír con el murcho. De ser así facíanlle un arranso xeral para o voltar á rúa o 3, día de Santa Cruz, no que se vían tamén ás rapazs, ben coa cruz, ben coa estampíña na man. O día 3 o maio desfacíase a forza de o someter a unha tunda con paus e pedras. Nos barrios próximos ó río guindábano logo ó auga.



MAIOS FIGURADOS. PONTEVEDRA

Antano saian dous dias —como mínimo— o 1 e o 3, diferenciándose na coroa, que ó primeiro é floral de forma varia, e o tres tiña que por forza rematar nunha cruz. Na “Boa Vila” sempre se consideran tradicionais os cónicos, non sendo admitidos desde que se organizaron os primeiros concursos outros distintos. Na súa feipregan moito fiuncho para cubri-la armazón, e como adornos: as flores, laranxas agres, cascas de ovos, agora de galiña pero noutros tempos eran de paxaros.

Hai constancias de que un do século pasado levaba mais de trescentas cascas.

Son poucos os que van sos, pois cada un vai sempre acompañado dun fermoso ou artístico ramo ou “coroa” floral que xeralmente vai separada. Antes algúns levaban enriba unha madamita en boneca que simboliza a raiña do mar ou María.

Acompañan as cantigas cuns golpes rítmicos de paos, anque antigamente o tradicional era que fosen dando con fungueiros ou

estadullos no chan.

Segundo parece, o uso de palitroques débese a un concurso que se celebrou na praza de touros e como na area non podían petar, entón acordouse troca-los clásicos instrumentos formados por dous paos curtos. O solista agáchase dentro da figura para cantar, mentres o corro dá voltas ó redor.

As coplas mais antigas que se posúen datan de 1840, e semellan de carácter tradicional, pois carecen de crítica, que será o que predomine nas posteriores

*Este mes de maio
é ñmes das flores
cando os paxariños
deixan ve-los seus amores
¡Velo aí ven o maio
por detrás de San
Francisco
velo aí ven o maio
cargadiño de trobisco*

Os maios decimonónicos máis soados foron os que dirixían ‘o caballito’ e o ‘Ruan’. Algunhas das poucas estrofas que se conservan de mediados de século refírense a esta liorte entre ámbolos dous grupos de rapaces, capitaneados polos

mencionados individuos:

*O noso maio
é mais bonito
que tódolos que fixo
o pillo o Caballito!
¡Viva o maio de Ruán
Morra o do caballito!
Para o día de San Xosé
comeremos un cabrito*

Gracias á magnífica colección de coplas do maio de Pontevedra sabemos que sucedeu desde 1870 na capital de Galicia e mesmo en todo o estado español, pois estes versos (os máis deles de cativo valor literario) son documentos excepcionais dos feitos da épocaollados baixo unha óptica moi especial, que non podemos dicir de nenos porque o normal era, e ségueo sendo, que os autores sexan persoas maiores.

Desde o último cuarto do século XIX e ata os primeiros anos do século XX, as únicas coplas que se conservan están en castelán. Iso non quere dicir que deixasen de ser en galego nin moito menos. O que pasou foi que os grupos que dispoñían de medios económicos para imprenta-

los eran os da cidade, mentres que os que vivían nos arrabaldos seguían mantendo a tradición tanto na figura do maio coma nas cantigas.

Unha de 1888 publicada no xoral "O Galiciano", — organizador dos primeiros concursos—, empeza contando os traballos que pasaron para face-lo maio.
Antes de explicá-lō choio, que nos causou este maio, saudamos con respecto

ós señores do Xurado.

Fartos de rapar fiuncho por congrostas e valados, vimos cheñños de breccas cos osos esnaquizado.

Pois para pillar os varales máis as laranxas do po, andivemos cantas hortas hai de Curro a Campañó.

E rachamos nas silveiras os chaleques e os calzóns e ferimos nas cacholas canto can correu tras nós

E en pago de tanto choio como nos causou o maio, vimos a busca-los premios que regala o GALICIANO.

E se gañamo-lo premio, pois maio mellor non hai imos andar de riola da vila a Perdecanaí.

—CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ—
A FESTA DOS MAIOS
COLECCION RAIGAME. IR INDO 1989

OS MAIOS

—IRIA ARGIBAY ABOAL—


Este ano unhas amigas de Poio invitáronme a actuar no seu maio, eu dixen moi rápido que si, pero faltaban os meus pais.

Non me custou moito convencelos. Todalas tardes tiñamos que ir case dúas hora a ensaiar. A miña amiga Carolna cantaba debaixo do maio e os demais tocabamos os paos e repetíámolos dous últimos versos de cada estrofa.

Os días 25, 26, 27 e 29 de abril, fomos vender coplas e recadamos bastante diñeiro para a excursión que faremos no verán.

O 30 de abril a estrutura do maio estaba feita, pero faltaba adornalo e colocarlle


todo. Esa mesma tarde fomos a por margaridas, pampullos e fiuncho, levamos tódalas flores e o fiuncho para onde ensaiábamnos e fomos cosendo as florres



mentres os maiores colocaban o fiuncho. Cando empezou a anoitecer fomos rouba-las rosas ás casas do arredor e ninguén nos viu. Cando chegamos coas rosas tivémolas que poñer no maio, e despois fomos durmir mentres os maiores quedaban ata as catro da mañá.

Ó día seguinte fomos tocar a Poio pola mañá, e gañamos; tres trofeos, dúas roscas e 15.000 pesetas, e pola tarde fomos a Combarro e déronno-lo premio ó mellor maio e 12.000 pesetas.

En resumo, eses días paseino xenial, e gustoume moito esa experiencia. Teño que repetir para ñique non morra esta tradición.



GRANDES TROBADORES

—SALETA IGLESIAS FERNÁNDEZ, MARÍA GAYOSO GARCÍA • 2º ESO—

Benvídeos á misteriosa Idade Media. Alá polos séculos XIII celebrábase en Vigo unha feira na que se atoparon os tres grandes xogrades da nosa terra, Mendiño, Xoán de Cangas e Martín Códax, vestidos cos seus flamantes traxes de época.

Saudáronse, e fala Mendiño:

-¿ Estadés convidados ó banquete que dá hoxe o Conde do Castro en honor ó rei de León?

-¡ Home e logo! - Contestou Xoán de Cangas.

- Non, a min non me convidaron, pero irei troba-las sete cantigas que lle teño preparadas a El Rei. - dixo Martín Códax.

E aló se marcharon os tres polas rúas de Vigo camiño do castelo. Para facer máis levadeiro o camiño cada un deles recitaba de vez en cando algunha das súas cantigas, e no fondo soaban con forza as ondas da ría de Vigo que acariñaban as mulleres que esperaban ó seu amigo.

A xente que pasaba quedaba abraiada, mirando para eles, e outra seguíaos ó seu carón.

Así ían soando de pouco en pouco as distintas voces dos trovadores; soa agora a de Martín Códax recitando a súa primeira cantiga.


-¡ Ai Deus!, ¡ se soubese agora o meu amigo como eu estou senlleira en Vigo! Un pouco máis arriba óese a voz de Xoán de Cangas:

- Amigo, se me queredes ben, ide a San Mamede e alí me veredes.

Nas portas do Castelo os gardas ábrenlles e pasan ó gran comedor onde xa nobres e viláns, acompañando a El Rei, estaban celebrando o banquete. No medio desta gran algarada fórmase un momento de silencio cando Mendiño comeza a declama-la súa cantiga, acompañado polos músicos que estaban presentes no acto facendo soar diversos instrumentos dos que saen harmoniosas melodías:

-Estaba eu na ermida de San Simón e cercaronme as ondas, ¡que grandes son!. A festa continuou e todo o mundo escoitou as fermosas cantigas que Xoán de Cangas e Martín Códax escribiron para ser oídas e recitadas, non só nestes tempos senón tamén para os nosos días. O banquete rematou trala actuación de distintas soldadeiras, trovadores, xogrades, músicos e mimos que alí se atopaban para render homenaxe a El Rei.

Martin Códax, Mendiño e Xoán de Cangas despedíronse desexando volverse a atopar para de novo as cantigas recitar.



UNHA APROXIMACIÓN Á POESÍA GALEGA MEDIEVAL

—ROBERTO BENAVIDES SANZ · 2ª SECUNDARIA—

EXTRACTADO DE:
AS ERMIDAS E O MAR
VARIOS

Entre o século XII e mediados do XIV desenvolveuse a nosa lírica medieval. Se ben en Galicia hai indicios de que existise con anterioridade unha tradición popular oral de cancións con diversa finalidade, é a chegada do lirismo provenzal a que determina o nacemento da nosa poesía. O Camiño de Santiago, os monxes de Cluny e a presenza de trovadores franceses nas cortes foron os camiños por onde entrou a lírica occitana, que botou as súas raíces nos xéneros de amor e de escarnio, mentres a modalidade de amigo ten orixe autóctona.

Sitúase 1196 como data de composición da cantiga escarriña de Johán Soares de Pavía *Ora faz ost' o senhor de Navarra*, o que a converte na primeira obra escrita en romance galego-portugués da que se ten noticia.

Foi Compostela o centro impulsor deste lirismo, que rapidamente se espallou polas cortes de Castela con D. Dinís de Portugal e Afonso X de Castela. As orixes dos nosos poetas encóntranse na súa maioría na nobreza. En xeral, seguindo a terminoloxía da época, distínguense estes tipos:

Trobador: Compositor, ás veces interpretada el mesmo as súas composicións, xeralmente de condición nobre. Destacaron: Xoán Airas de Santiago, Xoán Romeu de Lugo, Paio Gómez Chariño...

Xograr: Era o intérprete de composicións alleas, aínda que algún chegou a compondor e a ter máis sona có propio trobador. Os máis coñecidos: Mendiño, Xoán de Cangas, Martín Códax, Martín de Xinzo, Pero Meogo...

Segrel: Era o trobador que tiña o cantar coma un oficio. Normalmente eran escudeiros ou xente de baixa nobreza. Afonso Eanes de Cotón, Xoán Baveca e Pero da Ponte, son algúns nomes.

Menestrel: Eran os instrumentistas que executaban o acompañamento musical das cantigas.

Soldadeiras: Mulleres de mala reputación que danzaban durante as representacións e acompañaban os exércitos nas súas campañas militares. Famosas foron María Balteira e María Negra.

Máis de dúas mil cantigas compuxeron estes nosos poetas; cantigas que se recollen nos *Cancioneiros da Ajuda, da Vaticana e da Biblioteca Nacional de Lisboa*. Consérvanse, igualmente, unha folla de pergameo que contén as sete cantigas codacianas (o Pergameo Vindel), e outra folla que, coma a anterior, tamén se atopou como capa dun libro (o Pergameo Sharrer), onde figuran varios fragmentos de sete cantigas de amor do rei Don Denis; ámbolos dous pergamiños teñen natación musical. Ademais, están aínda os catro códices que

contéñen o conxunto das cantigas marianas, gardados na Biblioteca do Escorial, na Biblioteca Nacional de Madrid e na Biblioteca Nacional de Florencia.

Atendendo á temática, a lírica medieval clasifícase en cantigas relixiosas e cantigas profanas. Dentro das primeiras sinálase a monumental obra do obradoiro de Afonso X: as *Cantigas de Santa María*, que se dividen en dous tipos:

a.- Cantigas narrativas: Cancións nas que se contan milagres atribuídos á Virxe.

b.- Cantigas líricas: Cantos de louvanza á Virxe.

En canto á lírica profana, tres son os xéneros que a constitúen:

1.- **Cantiga de amor:** Aparece relacionada coa poesía provenzal e cumpre tódolos tópicos do amor cortés. Escrito nun ton mesurado ó mesmo tempo que artificioso.

2.- **Cantigas de escarnio e maldicir:** Pertencen ó xénero burlesco e entre elas existe unha diferenza:

a.- Cantigas de escarnio: Son ataques ou sátiras cubertas, indirectas, onde xunto á interpretación literal hai outra figurada.

b.- Cantigas de maldicir: Son ataques ou sátiras descubertas, directas, onde só hai unha interpretación literal.

A sátira podía ser de tipo moral e relixiosa, política e militar, literaria, social, de costumes e crenzas.

3.- **Cantiga de amigo:** A súa orixe é autóctona, aínda que ten elementos de influencia provenzal. Están compostas por trovadores, é unha muller que fala. Caracterízase pola repetición que ven dada polo uso reiterado do paralelismo e o leixaprén.

As cantigas de amigo divídense nestes subxéneros:

a.- **Bailadas:** Case todas incitan ó baile.

b.- **Mariñas ou barcarolas:** O mar é o escenario destas cantigas, ou ben o interlocutor da muller. Por exemplo: as cantigas de Martín Códax e de Mendiño.

c.- **Romarías:** fan referencia a romaxes ou santiarios consagrados a santos avogosos. De romaría son as cantigas de Xoán de Cangas.

d.- **Albas e alboradas:** Escasean na nosa literatura, e tratan da separación dos amantes ó alborexar.



¡ERA UNHA VEZ... GALICIA!

"Era unha vez, un pobo con lingua e cultura propia no extremo máis occidental de Europa, Galicia"


Se fosemos dar unha volta polos montes galegos, encontraríamos milleiros de sinais das culturas das persoas anteriores a nós, desde a prehistoria cultura megalítica.

Máis adiante, no século V, despois da liberación dos romanos empezou a Idade Media. A finais desa época, Galicia acadou o seu maior esplendor literario.

Nos séculos XII e XIII, apareceron trovadores, que eran considerados auténticos profesionais da composición. Compoñían cantigas no noso idioma, xa que por entón, era un prestixio ter idioma e cultura propios, como é agora.

Fernando Esquío, Paio Gómez Charriño, Arias Numes, Xoán do Cangas, Mendiño e Martin Códax, son trovadores de prestixio da Idade Media. Ós tres últimos esta dedicado o ano 1998 e o Día das Letras Galegas o 17 de maio.

MARTIN CÓDAX



Non existen datos concretos del. Procedía da clase humilde, pero cunha educación exquisita.

Gracias ós seus textos podemos reconece-la súa personalidade, o encontrar continuas referencias a Vigo, e o seu mar.

"Ondas do mar de Vigo
¿vistes o meu amigo?"

¡Ai Deus! ¿e virá cedo?
"Ondas do mar de Vigo
¿vistes o meu amado?
¡Ai Deus! ¿e virá cedo?"


"vistes o meu amigo
por quen eu suspiro
¡Ai Deus! ¿e virá cedo?
"vistes o meu amado
por quen eu teño unha gran
pena?
¡Ai Deus! ¿e virá cedo?"

XOÁN DE CANGAS

Naceu en Cangas do Morrazo. Desenvolveu a súa aptitude poética no século XIII. fíxose famoso gracias a tres romarías das que se ofrecen datos xeográficos

"Amigo, se me queredes ben
ide a San Mamede e alí me veredes;
pero hoxe non me mintades.

Xa que aquí non me podedes dicir nada
ide a onde teñades lecer connigo;
pero hoxe non me mintades.



Estarei convosto en San Mamede do Mar
na ermida, e así Deus o quiser;
pero hoxe non me mintades".

MENDIÑO

—CARMEN REY, RAQUEL VIEITEZ—

EXTRACTADO DE *OS TROBADORES DO REINO DE GALIZA*.
MARTÍN CÓDAX, MENDIÑO E XOÁN DE CANGAS.
MERCEDES QUEIXAS.
A NOSA TERRA

Xograr galego do primeiro tercio do século XIII, época de información escasa So se conserva unha cantiga, cunha alta-calidade artística.

Ó igual que Xoan de Cangas e Martin Códax, existe unha referencia xeográfica, a Illa de San simón na ría de Vigo.

“Estaba eu na ermida de San Simón e cercáronme as ondas ¡que grandes son!

E eu, mentras esperaba polo meu amigo, pensaba ¿virá?

“Estaba eu na ermida de San Simón e cercáronme as ondas ¡que grandes son!

E eu, mentras esperaba polo meu amigo, pensaba ¿virá?

E cercáronme as ondas do bravo mar ¡qué grandes son! e non teño aquí nin barqueiro nin remador.

E eu, mentras esperaba polo meu amigo, pensaba ¿virá? Non teño aquí barqueiro nin sei remar;

morrerei eu, fermosa, no mar maior.

E eu, mentras esperaba polo meu amigo, pensaba ¿virá? Non teño aquí barqueiro nin sei remar;

morrerei eu, fermosa, no mar maior.

E eu, mentras esperaba polo meu amigo, pensaba ¿virá?

CANTARES DE CREGO

—COLECTIVO 2º SECUNDARIA—

O dezasete de maio
é unha festa oficial
Parece que se fai algo
pero todo segue igual

O dezasete de maio,
Día das Letras galegas,
o medievo recupera
pero o futuro non chega

O dezasete de maio
é todo unha foguetada
rememórase o pasado
que non compromete a nada

O dezasete de maio
prazas, rúas vai tomar
Traxes, folclore a mangallo
para o galego enterrar

Concello de Pontevedra
vas poñe-la pica en Flandes
a zona vella será
igualiña que era antes

Do pasado colle a palla,
o presente ¡que máis da!
É a lingua dos trobeiros
cámbiase pola castelá.

Mentres anuncian o día
do dezasete de maio,
normaliza-lo galego
rexéitase por maioría

“Alá polo mil douscentos
a lingua que hoxe falamos
xa comeza a ser escrita
por poetas e notarios

Falan en lingua galega
reis, labregos e señores
abades dos mosteiros
e os soldados e doutores

Rei Afonso de Castela
cantaba a Santa María

coas verbas máis fermosas
que na nosa terra había

Mártin Códax o de Vigo,
Xoán de Cangas e Mendiño
dicían os seus cantares
nas terras que baña o Miño

E ordenanzas se escribían
e crónicas e tratados
e os acordos dos concellos
en galego eran labrados

O dezasete de maio
celebrariades coma reis,
se usases máis o galego
porque o mandan as leis

Agradezo e non o nego
que o bando da vasura
viñese escrito en galego
¿Convicción ou cara dura?

No Palacio de Congresos
loce o festival galego
No concello á mesma hora
impoñen a empacadora

E mentres enerxía gastan
en fogos e vaidade,
outros levan para Vigo
pezas da capitalidade

¿E todo isto por que?
Seguide votando ¿que, que?
A capital está segura.
a capital da basura


Pontevedra e boa vila,
dá de cheirar a quen pasa,
Ence-Elnosa está na ría,
a empacadora na casa.

Os cidadáns xa falaron
en gran manifestación
O Concello non escoita
e consuma a gran traizón

LETRAS GALEGAS 199

EDUCACIÓN INFANTIL

ÓS ESCRITORES
GALEGOS
QUERÉMOSELLES AGRADECE
TANTO BEN
QUE NOS DEIXAN
DENTRO DOS LIBROS
QUE FAN.



SARA
ASTOR

5 ANOS



LITERATURA POPULAR

O REFRANEIRO

Os primeiros refráns galegos que foron impresos deben se-los que figuran na obra "Refranes o proverbios en romance" do comendador Hernán Núñez, publicada en Salamanca no 1555, onde aparecen 129 refrans na nosa lingua

Séguelle a obra de Correas, que se limita a dar unha mestura lingüística e toma a liberdade de face-la traducción castelá. Ó longo do seu libro atopamos 50 refráns galegos.

A que segue é unha publicación inglesa (1959-60) onde un dos últimos capítulos está dedicado ós "Refranes o Proverbios en romance , o la Lengua Castellana; a los que se han añadido algunos Portugueses, Catalanes y Gallegos..."

REFRANEIROS GALEGOS

Entre os refraneiros tan só galegos, o primeiro que temos resistrado é o do P. Sobreira Salgado (1745-1805) que pasou á Biblioteca da Real Academia de la Historia e poucos anos despois xa se daba por extraviado.

O primeiro refraneiro impreso é o que Manuel Muguía engade como apéndice na súa "Historia de Galicia" (1865), en total inserta 179 refráns, procedentes na maioría da complicación de Hernán Núñez.

Séguelle en importancia e cronoloxicamente a colección de Xoán A. Saco e Arce, que na súa "Gramática Galega" (1868) chegou a xuntar 581 refráns.

Cando faleceu, tiña na imprenta o libro "Literatura popular de Galicia". Colección de coplas, villancicos, romances, cuentos y regranos gallegos", que non se publicou ata 1987. Nel recóllense 1050.

Por último, está a colección de Antonio de la Iglesia, en "El Idioma Gallego", en total recolle 231 refráns - algúns dubidosos-.

REFRÁNS GALEGOS:

DO TEMPO.

"Xeada nas covas, vento sur por arrobos".
 "Por moito sol que faga, non deixes a capa."
 "En lugar ventoso, tempo en repouso".
 "O sol no inverno, sai tarde eponse cedo".
 "Cando brúa Frouseira, colle o maío e vai á eira".
 "Sol madrugueiro, chuvia no eido".
 "Vento solán auga na man".
 "Sol de outono, mata ó seu dono".
 "Norte escuro, vendaval seguro".
 "Sol de marzo, queima as donas no pazo".
 "Vento das Pontes, auga nas fontes".
 "Vender sol e mercar lua, mala fortuna".
 "Cando a carballeira canta sabe ben a manta".
 "A lúa de agosto, dá no rostro".
 "Vento do norte, auga forte".
 "Lúa posta, baixamar na costa".
 "Se sopra nordés, bon tempo fixo tés".

"O sol da Pascua, queima coma unha ascua".
 "Nordés polo serán, vento sur pola mañán".
 "Roupa lavada, polo sol agarda".
 "Cando hai vento, hai mal tempo".
 "Sol con barbas, vento ou auga".
 "Ceo escampado, vendaval ó rabo".
 "Noite de lúa, noite de tuna".
 "A inverno chuvioso, verán abondoso".
 "Lúa posta, mar a media costa".
 "As augas de febreiro enchen o graneiro".
 "Lúa chea, preamar ás dúas e media".
 "Ano de nevadas, ano de fornadas".
 "Circo na lúa, auga segura".
 "Xía sobre lodo, auga sobre todo".
 "Por moito que queira, o sol de outono non queima".
 "Auga en febreiro fai palleiro".

DOS MESES DO ANO.

“En xaneiro sete capelas e un sombreiro”.
 “En xaneiro, un pouco ó sol outro ó fumeiro”.
 “Poucas chuvias en xaneiro enchen o celeiro”.
 “Auga en xaneiro, cada gota val diñeiro”.
 “En xaneiro vive o home a carón do caldeiro”.
 “Cando non chove en febreiro, nin bo prado nin bo lameiro”.
 “Febreiro quente, trae o demo no ventre”.
 “Febreiriño campesiño, nin boa meda, nin bo palleiro”.
 “En febreiro sae o oso do oseiro”.
 “A chuvía de febreiro fai o palleiro”.
 “Marzo enganador, un día malo e outro peor”.
 “O sol de marzo queima ás donas no seu pazo”.
 “En marzo, abrigo, nocas e pan trigo”.
 “En marzo, podar e cavar, se queres colleitar”.
 “Marzo ventoso, abril chuvioso, abren o maio florido e fermoso”.
 “No comenzo e na fin, abril será ruín”.
 “Marzo amola e abril estola”.
 “Abril, augas mil”.
 “Abriles e cabaleiros son ás veces traizoeiros”.
 “Quen queira mal a unha veciña que lle dea en abril sardiña”.
 “Abril frío e fomos quentes, ledicia para os meus dentes”.
 “Levántate maio que tanto durmiches, pasou o inverno e non o sentiches”.
 “Ben veñas maio, o mellor mes de todo o ano”.
 “Maio chuvioso, verán caloroso”.
 “En maio aínda a vella quente o saio”.
 “Ata o corenta de maio non quíte-lo saio, e se volve chover vólveo poñer”.
 “Polo San Xoán a sardiña pinga no pan”.
 “Polo San Xoán as nove con día dan”.
 “Se o San Xoán chora, a silveira non dá mora”.
 “Madrugada de San Xoán, madrugada a máis garrida, que baila o sol cando nace e ri cando morre o día”.
 “Xullo xulleiro, que tráe-lo centolo baldeiro”.

DOS PEIXES

“Do mar o mero e da terra o cameiro”.
 “O besugo en xaneiro, val por carneiro”.
 “Dende que ven o cuco, fóra o pulpo”.
 “A solla non a come quen se molla”.
 “A faneca e a solla, na caída da follá”.

“San Bieito rega a eito”.
 “Polo Santiago o coello esconde o rabo, e para o San Miguel volve deixalo ver”.
 “A chuvía no mes de agosto non é mel, é mosto”.
 “O orballo de agosto dá polo rostro”.
 “Agosto pasou, quen mallou, mallou”.
 “En agosto secan os montes e en setembro as fontes”.
 “Os comezos de setembro aparelha as cubas para vendima-las uvas”.
 “San Andrés de Teixido, o onde vai de morto o que non foi de vivo”.
 “En setembro come e vende, pero que non sexa tanto comer que non deixes para vender”.
 “Setembro ou seca as fontes ou leva as pontes”.
 “En setembro colle o viño e non durmas no camiño”.
 “En setembro e outono bebe viño vello e deixa esta-lo novo”.
 “A horta en outono mantén ó seu dono”.
 “Auga de outono, non lle convén nin ó xomaleiro nin ó seu dono”.
 “Outono quente, trae o demo no ventre”.
 “Flores en outono, fame no año novo”.
 “As berzas en outono comen ó seu dono”.
 “Dichoso mes que comenza con Santos, media con Euxenio e remata con San Andrés”.
 “Polo San Martiño proba o teu viño”.
 “Despois do San Martiño deixa a auga e bebe o viño”.
 “Polo San Martiño mata o teu porquiño”.
 “Polo San Martiño andan as nocas a roliño”.
 “Tra-lo verán de San Martiño, chega Nadal co seu inverniño”.
 “Se quere un bol allal, seménteo no mes de Nadal”.
 “Dende a Santa Lucía mingua a noite e medra o día”.
 “Se a noite de navidade aí de escuro, sementa no terrón duro”.

“Primeiro a sardiña, despois a galiña”.
 “Por San Xoán a sardiña molla o pan”.
 “Camarón que dorme a corrente lévao”.
 “Saia peixe ou saia ran, ó cesto van”.
 “Candorcas na ría, arroaces á costa”.

DO MAR E DA PESCA.

“Gaivotas no porto, tempo revolto”.
 “Maraxe tardeira leva os barcos á ribeira”.
 “Gaivotas na terra, mariñeiros na taberna”.
 “Arrieiro no porto, tempo revolto”.
 “Non hai treboada que polo mar non veña”.
 “O fillo do patrón, caga xunto ó temón”.
 “O palangre chucha o sangue”.
 “Patrón que non bebe, calada que perde”.
 “Preamar de seis, baixamar ás doce”.
 “Patrón mandar, mariñeiro facer”.
 “En martes non cases nen te embarques”.

DAS LABRAS E COLLEITAS

“Quen dorme, dórmelle a facenda”.
 “De marco a marco, non hai arco”.
 “Terra sen abono, acaba co seu dono”.
 “O palleiro non se fai sen palla”.
 “Malia o dente que come a semente”.
 “Año de liño, ano mesquiño”.

DO PAN

“O que sementa sen semente, sega sen fouciño”.
 “Trigo que non has de colleitar, deixa de visitar”.
 “O que ten avea, non pasa sen cea”.
 “Polo San Damián, ten o millo da túa man”.
 “O millo raxado, enche a cesta e o ferrado”.
 “Nin millo engrolado, nin millo queimado”.
 “Ante o novo e o vello, fame do demo”.
 “Onde non hai fariña, todo e riña”.

DO HOME

“Home pequeno fol de veneno”.
 “Vale máis ser pillo, que pillado”.
 “Vale máis pequeno e agudo, que grande e burro”.
 “Home peludo, home forzado”.
 “Besta de home, canto gaña, canto come”.
 “Tabaco, viño e muller, botan un home a perder”.
 “Ás nove, déitate home, ás dez durme se ques”.
 “De enamorado a louco, vai moi pouco”.
 “Home narigudo, poucas veces é cornudo”.

“Pau se remas, pau se non remas”.
 “A sardiña de abril tráese no mandil”.
 “Temon sin ferro, non goberna”.
 “Barco grande, ande non ande”.
 “Lampreas en San Xoán, para o can”.
 “Vieira doce, raíña da ribeira”.
 “A muller e a sardiña, pequeniña”.
 “Os caramuxos en xaneiro saben a camciro”.
 “O que non se molla non come a solla”.
 “O peixe grande come o pequeno”.
 “A rapeta non te metas”.

“Se non o dá o campo, non o dá o santo”.
 “Año de nocas, ano de voces”.
 “Quen non traballa non ten migalla”.
 “Regos tortos, patacas como zocos”.
 “A horta, xunto á porta”.
 “Tales terras, tales nabos”.

“Pan comido, non ten gusto”.
 “A moita fame, non hai pan duro”.
 “Queixo pesado, pan liviano”.
 “Onde pan se come, migallas quedan”.
 “Polo pan ten o can”.
 “Con pan e viño andase o camiño”.
 “Cando a fame pica, sabe ben a bica”.
 “A pan duro, dente agudo”.
 “Caldo sen pan, no inferno o dan”.

“Home de moita verba, todo é merda”.
 “A ocasión fai ó home ladron”.
 “En martes, non te cases nin te embarques”.
 “O casado casa quer, e o solteiro muller”.
 “Casaras e amansaras”.
 “Solteirón e corentón, ¡que sorte tes, ladrón!”.
 “Fillos criados, traballos dobrados”.
 “O mal do pai, co fillo vai.”.
 “Home prevenido, nunca foi vencido”.
 “Pais tordos, fillos revirados”.
 “Fillo fuches, pai serás, cal fixeras toparás”.

DA MULLER

“No andar e no comer, coñecese a muller”.
 “Amor forasteiro, amor pasaxeiro”.
 “Mentres moza, bo pasar; pero de vella choutar”.
 “Hónrame na casa, que eu te honrarei na praza”.
 “Fillo sin dor, muller sen amor”.
 “A muller e o vento, cambéan nun momento”.
 “Muller doente, muller para sempre”.
 “O que ten muller, non lle falta que facer”.
 “Na casa da muller rica, ela manda, ela grita”.
 “A mulles sen home, ela guisa, ela o come”.
 “A muller e o can, non ladran cando lles dan”.
 “Muller casada; burra amolada”.

“Sogra, nora e xenro, son a entrada no inférno”.
 “O traballo da muller é facer e desfacer”.
 “A muller e a sartén, na cociña están ben”.
 “A vella, para comer, ten que correr”.
 “O melón e a muller, son malos de coñecer”.
 “A muller e a troita, préndese pola boca”.
 “A madrastra, o nome lle basta”.
 “A muller e a sardiña, redondiña e ben feitaña”.
 “A muller rezadora, bótaa fóra”.
 “A muller e a loba; do máis feo se namora”.
 “Muller parida, carreiras abaixo, carreiras arriba”.
 “Muller morta, sete á porta”.

DE DEUS E DO DEMO


“O que con Deus anda, con Deus medra”.
 “Deus axuda a quen madruga”.
 “Quen erra e se enmenda, a Deus se encomenda”.
 “Dá Deus as noces a quen non ten dentes”.
 “O demo sabe máis por vello que por demo”.

“Da rapa á rebola, veña o demo e escolla”.
 “Deus que dá á chaga, dá a menciña”.
 “Fianza en Deus, que é santo vello”.
 “O tempo dáo Deus de balde”.
 “Cando Deus non quere, os santos non axudan”.

DITOS E DIRETES

“A voda nin bautizado, vaias sen ser chamado”.
 “Ó amigo e ó cabalo, non cansalo”.
 “Forza de mozo, e consello de vello”.
 “Oullo que busca a palla, acaba por atopala”.
 “Val mais dor de pés que de cabeza”.
 “Onde vivires, fai como vires”.
 “Pola sona, búscase a persoa”.
 “Á casa da tua tía, non vaias cada día”.
 “Do río o do señor, canto máis lonxe mellor”.
 “Corte ou cortello, e non o intermedio”.
 “Mellor que onde naces, onde paces”.

“Criado do avó nunca é bo”.
 “Con brevas, auga non bebas”.
 “Onde viven cen, vive ti tamén”.
 “Se xantas castañas, de visita non vaias”.
 “Casa vella, toda e goteiras”.
 “Neno mimadiño, neno perdidioño”.
 “O que ten maña, apaña”.
 “Vicios poñas, que non collas”.
 “Quen se pica, allos come”.
 “Porta aberta, garda a casa”.
 “De tal xente, tal semente”.



ADIVIÑAS

ADIVIÑAS

1.- Son un señor adoitado
que ando mellor có reló
levántome cedo
e déitome coa oración.

2.- Unha señorita,
moi enseñoritada
con moitos remendos
e ninguna puntada.

3.- Redondiña, redondela,
non ten porta nin cancela.

4.- Son o amo que mando aquí,
teño un pucho cor rubí,
e ó neno desperto así...
Ki... Ki... riqui...

5.- Un ha árbore con doce ponlas,
cada póla catro fillos,
cada fillo sete fillos,
e cada un co nome distnto.


6.- Catro andantes,
catro mamantes,
un tomamoscas,
e dous apuntantes.

7.- Unha señorita moi aseñoritada,
sempre está na casa,
e sempre está mollada.

8.- Pequena coma un ratoon,
garda a casa coma un león.

9.- Onte oviño,
hoxe capullino,
maña voarei
como un paxariño.

10.- Dous irmanciños van ó compás,
cos pés para diante,
e os ollos para tras.




DIAS DAS LETRAS GALEGAS HOMENAXEADOS

- | | |
|-----------------------------------|------------------------------------|
| 1963- Rosalía de Castro. | 1981- Vicente Risco. |
| 1964- Castelao. | 1982- Amado Carballo. |
| 1965- Eduardo Pondal. | 1983- Manuel Leiras Pulpeiro. |
| 1966- Francisco Añón. | 1984- Armando Cotarelo V. |
| 1967- Manuel Curros Enríquez. | 1985- Antonio Losada Diéguez. |
| 1968- Florentino López Cuevillas. | 1986- Aquilino Iglesias Alavariño. |
| 1969- Antón Noriega Varela. | 1987- Francisca Herrera Garrido. |
| 1970- Marcial Valladares. | 1988- Ramón Otero Pedrayo. |
| 1971- Gonzalo López Abente. | 1989- Celso Emilio Ferreiro. |
| 1972- Valentín Lamas Carbajal. | 1990- Luís Pimentel. |
| 1973- Manuel Lago González. | 1991- Alvaro Cunqueiro. |
| 1974- Xoán Vicente Viqueira. | 1992- Bouza Brey. |
| 1975- Xoán Manuel Pintos. | 1993- Eduardo Blanco Amor. |
| 1976- Ramón Cabanillas. | 1994- Luís Seoane. |
| 1977- Antón Villar Ponte. | 1995- Rafael Dieste. |
| 1978- Antón López Ferreiro. | 1996- Xesús Ferro Couselo. |
| 1979- Manuel Antonio. | 1997- Anxel Fole. |
| 1980- Afonso X O Sabio. | 1998- Xoán de Cangas. |
| | Martín Códax. |
| | Mendiño. |

—MIRIAM CANTERO MUÑOZ • 2ª SECUNDARIA—

RELACIONA:




Os autores galegos coas súas obras

- | | |
|------------------------------|---------------------------|
| 1. Ánxel Fole | a) Dos arquivos do trasno |
| 2. Manolo Rivas | b) Cousas |
| 3. Rafael Dieste | c) Os biosbardos |
| 4. Afonso Rodríguez Castelao | d) ¿Que me queres, amor? |
| 5. Eduardo Blanco Amor | e) Á lus do candil |
| 6. Álvaro Cunqueiro | f) Merlin e familia |
| 7. Suso de Toro | g) A sombra cazadora |
| 8. Fina Casalderrey | h) Contos da néboa |
| 9. Agustín Fernández Paz | i) Tristes armas |
| 10. Rosalía de Castro | l) As bruxas |
| | m) Cantares Gallegos |
| | n) Sempre en Galiza |
| | ñ) Terra Brava |

- a) b) c) d) e) f) g) h) i) l) m)
- n) ñ)

—MIGUEL MAGDALENA ARIAS • 2ª SECUNDARIA—



DIARIO DUN DESASTRE ECOLÓXICO

Luns, 27 de abril.

Na mina de Aznalcóllar, situada en Huelva produciuse un desastre ecolóxico. Todo comezou cando a presa desa mina, que contiña residuos tóxicos, rompeu por causas descoñecidas verténdoos no río Agreo e Guadamar ata chegar ó Parque Nacional de Doñana onde foron paradas por un muro de contención. Despois de pasar esta riada de residuos tóxicos, a paisaxe era desoladora, tódolos campos de cultivo e toda clase de vexetación quedou destruída. A todo isto a ministra de medio ambiente, asegurou que o parque quedou salvado da contaminación directa.

Había denuncias por filtracións ó entorno de Doñana, que foron arquivadas fai dous anos, e por parte tamén de dous afectados que sufriron dermatite ó metérense nesas augas para rescatar dous animais, outros veciños denunciaron ó director da presa por perdas de campos de cultivo.

O grupo ecolóxico Greenpeace enviou a Doñana o buque Miss Greenpeace para avaliar no contorno do coto os danos que está causando a avalancha tóxica.

A organización WWF/Adena calificou a riada como "unha das peores catástrofes ambientais europeas" e pediu á fiscalía que depure responsabilidades neste suceso.

Anque Doñana estea salvada dun desastre maior, as augas tóxicas dirixense á desembocadura do río Guadalquivir.

Martes, 28 de abril.

A ministra de medio ambiente, Isabel Tocino, declarou onte que Doñana, un dos ecosistemas emblemáticos europeos, se salvou da "riada tóxica".

O Fiscal Xeral do Estado, Xesus Cardenal, tamén quere estar informado sobre o estado do parque.

Aínda que os danos ambientais e económicos sobre os cultivos e os cauces non foron cuantificados, calcúlase que unhas 4.800 hectáreas de chan agrícola foron seriamente afectadas.

Mércores, 29 de abril.

Os efectos do desastre son impredecibles, incluso para dentro de trinta anos aseguraron os expertos, mentres o director

do parque advirte da filtración tóxica nas capas freáticas. A ministra segue dicindo que o parque está salvado, cando 5 millóns de metros cúbicos de material altamente tóxico se encontran no río Guadamar. A riada tóxica chegou á desembocadura do Guadalquivir. Os efectos sobre Doñana e os 100 millóns de aves que o transitan cada ano son, aínda, impredecibles.

Xoves, 30 de abril.

Aparecen en Doñana as primeiras aves mortas por efecto da marea negra. Técnicos de medio ambiente recollen peixes mortos nas inmediacións do couto de Doñana. A estimación das perdas superan xa os 15.000 millóns de pesetas en cultivos e danos a unha superficie de 1000 hectáreas.

O director da empresa mineira asume con vergoña as responsabilidades.

Domingo, 3 de maio.

A partir de agora, segundo o conselleiro de industria, os residuos tóxicos serán vertidos nunha mina abandonada de Aznalcóllar. Posiblemente isto traia consecuencias graves nun futuro, segundo dixeron os ecoloxistas.

Xoves, 7 de maio.

Hoxe, F. Javier Torres, denuncia que a protección do parque era insuficiente.

Domingo, 10 de maio.

Comenzan os traballos para depurar as augas do parque. Agora o río Guadimar evoluciona cara á normalidade.

Luns, 11 de maio.

O director da estación biolóxica asegura que o parque estaba contaminado desde o primeiro día, e a Xunta considerounas alarmistas, as advertencias contra o paso de rocieiros.

Mércores, 13 de maio.

Cada vez a situación é máis desesperante, aparecen cinco cabalos mortos, por tomar auga contaminada.

Este diario témolo que cerrar, pero o desastre continúa. O único que desexamos é que todo remate pronto, e poidamos esquece-lo ocorrido, sen lamentar danos irreparables.

ENTREVISTAS



CONVERSA CON PEPE CARREIRO

Pepe Carreiro é un ilustrador de libros moi coñecido. Temos na parede do noso ximnasio unha das súas obras, que representa a historia de Galicia.

Despois de remata-la súa obra fixémoslle estas preguntas:

1ª.- ¿Que o motivou a adicarse á pintura?.

- Dende pequeno gustoume debuxar, e por iso quixen adicarme á pintura.

2ª.- ¿Cal foi o primeiro libro que ilustrou?.

- O Pintos do vento, da Editorial GALAXIA.

3ª.- ¿Cal foi o libro que máis lle gustou ilustrar?.

- A historia de Galicia, que son 20 libros pequenos.

4ª.- ¿A que anos decidiu facerse ilustrador de libros?.

- Os 20 anos.

5ª.- ¿Aprendeu a ilustrar nalgunha academia?.

- Non, son un autodidacta, aprendín eu mesmo.

6ª.- ¿Dedicase a outra cousa ou vive soamente do debuxo?.

- Traballo de debuxante, deseñador gráfico e publicista.

7ª.- ¿Por que decidiu dedicarse á ilustración de libros e non a ser pintor?.

- Os cadros non son unha cousa que me agrada, gústame máis o debuxo cá pintura.

8ª.- ¿Gustaríalle algún día ter unha editorial propia?.

- Si, algún día. Gustaríame moito.

9ª.- Cando debuxa, ¿en que se inspira?.

- Por libros de historia, se son cousas antigas, e se é da actualidade pola vida.

10ª.- ¿Para que debuxou no colexio a historia de Galicia?.

- Para dar a coñece-la historia, porque hai persoas que aínda non coñecen a historia galega.

11ª.- ¿Sempre queda satisfeito dos traballos que ilustra?.

- Sempre lles encontro defectos, nunca quedo satisfeito.

12ª.- Se lle desen menos diñeiro para ilustra-la historia de Galicia e máis para a historia doutro sitio, ¿cal elixiría?.

- A de Galicia por suposto.

Moitas grazas, Pepe, por concedernos uns minutos ós lectores esperpenticos.

Esta entrevista foi realizada por:

- Angela Pose, Ana Yáñez, Raquel Vieitez e Cristina Navia, 1º ESO.

MIGUEL ÁNGEL LÓPEZ AVALADO ADESTRADOR DO C. NATACION BUDO

ENTREVISTA

1/¿ En que consiste a túa función como adestrador ?

En preparar ós nadadores para nada-lo máis rápido posible, o cal inclúe intentar motivalos para que teñan ganas, convencelos de que estudien para que os seus pais os deixen seguir vindo e axudarilles a que se alimenten ben.

2/¿ Cantos anos levas adestrando ?

Mentres estudiaba na universidade xa adestraba. Dende 1989, ou sexa, levo xa 9 anos.

3/¿ Cal foi o primeiro club que adestraches ?

Na universidade, mentres estudiaba en Estados Unidos, fun axudante do equipo que preparou a 5 medallistas olímpicos, entre eles Marín Lopez Zubero.

En España dirixín o Real Club Náutico de Vigo que en 1994 estivo entre os 15 mellores equipos no panorama nacional.

4/¿ Cal e a parte positiva de ser preparador ?

Traballar cun grupo de xoves agradables e sentirme máis xove ó seu lado.

5/¿ E a negativa ?

O medo a perde-lo teu traballo e ter que cambiar de cidade. Aínda que agora mesmo me sinto con moita seguridade porque estou nun equipo que me trata moi ben.

6/¿ Cal e a túa meta como profesional ?

Conseguir que un club galego chegue á elite nacional, e conseguir nadadores internacionais e olímpicos para Galicia e que a natación sexa un orgullo para Pontevedra.

7/¿ Que requisitos hai que ter para poder nadar no club ?

Saber nadar, aínda que non fai falla ser moi bo, ter ganas de traballar moito e de representar á comunidade con orgullo. Porque neste equipo adestrase bastante forte.

8/¿ Cal cres que é o nivel de natación en Galicia ?

Mellorou moitísimo, quedamos quintos no campionato de España por comunidades autónomas, que é a mellor clasificación de tódolos tempos, pero para seguir mellorando, farian falta mellores instalacións.

9/Na túa opinión, ¿ Onde hai máis nivel, nas mulleres ou nos homes ?

Está bastante equiparado, anque as nosas mulleres maiores son un pouco mellores e as junior son peores, nos homes pasa o contrario.

10/Para rematar, cóntanos algunha anécdota simpática que lembres na túa longa carreira.

Vou comenta-la máis recente. Neste campionato de España por comunidades autónomas, iamos moi igualados a comunidade vasca e estabamos no último relevo, para vencelos na puntuación final, necesitabamos que os andaluces lles gañasen no relevo ós vascos e por esa razón todo o equipo de Galicia estaba animando a Andalucía para que gañase, e así o fixo. Por esa razón gañamos por un punto de diferenza.

Gracias pola túa colaboración e por facer un oco na túa axenda.os lectores de Esperpento 98 saberancho agradecer.

Sandra Barros Couso.

2º de Secundaria.

SENÉN CORTEGOSO, FISIOTERAPEUTA DA SELECCIÓN ESPAÑOLA DE FÚTBOL

ENTREVISTA

—JAVIER COLÓN, SANTI FERNÁNDEZ • 2º SECUNDARIA—

Senén Cortegoso é o mellor fisioterapeuta galego e español do momento. Xa de novo masaxeaba ós futbolistas do Pontevedra, e máis adiante ós xogadores do club de balonmán Teucro, e a selección española de fútbol Sub-21. Despois marchou ó Tenerife e chegou a entrenar con Valdano e Heynckes e tamén na selección española con Clemente. Pouco despois recibiu unha oferta do Real Madrid, pero rexeitouna por motivos persoais e segue no Tenerife e, na selección absoluta preparándose para o próximo Mundial de Francia 98.

1ª. ¿É duro ser fisioterapeuta?
-Non, pero necesítase boa preparación física, sobre todo se te dedicas a terapia manual.

2ª. ¿Como leva o de estar en dous equipos á vez, Tenerife e Selección?
-Estar na selección é un privilexio e, polo tanto, é coma un premio, un recoñecemento a un labor profesional. Compaxinalo cun club é un pouco máis duro. Lévaeo peor á familia ó estar moito tempo fóra.

3ª. ¿Dá moito traballo a selección?
-Non, xa que á selección non van xogadores marcados. Non obstante na selección a dedicación é absoluta.

4ª. ¿É moi fatigoso viaxar tanto?
-Algunhas veces si, non pola selección pero, ó vivir en Canarias, os desprazamentos son moi longos. Cando xogamos de visitantes estamos catro días fóra da casa.

5ª. ¿Que sente ó poder estar con xogadores ós que moitos soñamos con coñecelos persoalmente?
-Ata certo punto é un privilexio, a xente do deporte soe ser moi sa.

6ª. ¿Que sentiu ó ver a Luís Enrique marcado no pasado Mundial USA 1994?
-Sentes rabia e impotencia pero o teu traballo consiste en axudar ó futbolista a se recuperar, e a que o seu traballo sexa máis doado.

7ª. ¿Hai posibilidades para o próximo Mundial de Francia 1998?
-Eu creo que todas, España ten varias opcións neste Mundial 98.

8ª. ¿Cre que é esta a mellor selección de tódolos tempos?
-Todo o mundo opina que si. Ten oito campións olímpicos do 1992.

9ª. ¿Hai rivalidade nos vestiarios?
-Sempre en toda actividade deportiva e competitiva existe rivalidade e iso é bo, xa que beneficia a mellora persoal e a do equipo.

10ª. ¿Que titulares cre que poñería Clemente na maioría dos partidos?
-É moi difícil contestar a esta pregunta. Zubizarreta seguro ¿non?.

11ª. ¿Cal é para vostede o mellor xogador da selección?
-Para min son todos bos, o estar nunha convocatoria da selección quere dicir que é un bo xogador.

12ª. ¿E o peor xogador da selección?
-Ningún futbolista se cre peor cós demais, e así é como debe ser.

13ª. ¿Que nos di ós seguidores da selección española?
-Que un bo equipo, e máis unha selección, non poden existir sen unha boa afección, cando o equipo e a afección se unen son invencibles.

MIGUEL CASAL, DIRECTOR DA TELEVISIÓN DE PONTEVEDRA

ENTREVISTA

—ÁNXELA MARTÍNEZ GARRIDÓ, CARMEN SANTALÓ NÚÑEZ,
RAQUEL MARTÍN LÓPEZ • 1º SECUNDARIA—

-¿Canto tempo leva dirixindo esta cadea?

O dous de xuño, fai tres anos.

-¿Por que decidiu empezar a dirixila?

Gustábame o traballo da televisión, e como a empezamos desde cero, eu era o que tiña máis experiencia.

-¿Ten algún plan para amplia-la cadea?

Plans moitos, pero a cadea está en período de evolución e o máis prudente é esperar.

-¿Traballou algunha vez con outra cadea de televisión?

Sí, con Televisión Ponte Areas.

-¿Cantas horas emite a televisión?

Nestes momentos 11 horas diarias.

-¿Cantas horas emite en directo e cantas en diferido?

En directo só os telediarios.

-¿Vai cambia-la programación?

A programación está cambiando constantemente.

-¿Ten algún problema coa cadea ou dálle moito traballo?

Non. É un traballo que hai que estar moi enriba, pero por sorte, hai moitos profesionais.

-¿A canto se eleva o presuposto da cadea?

25 millóns anuais, aproximadamente.

-¿Cales son os problemas máis complicados e os máis custosos?

Os telediarios.

-¿Considérase un bo director?

Nin bo nin malo, o caso é que isto funcione, normalíño.

-¿Canta audiencia ten a cadea?

O número de persoas abarca toda Pontevedra, desde Marín e Cangas ata San Vicente do Grove, é dicir toda a ría, menos excepcións, todos a ven.

-¿Cómo se dirixe unha cadea de televisión?

Con moita paciencia e coidado.

FUNCIONAMIENTO DA TELEVISIÓN DE PONTEVEDRA

O corazón da Televisión ten tres partes: a emisión, a realización e a edición.

.En realización é onde se realizan tódolos programas.

.En emisión emítense os programas gravados.

.En edición móntanse tódolos programas, que poden ser gravados ou facer anuncios.


Cada departamento ten a súa mesa de mesturas. A TVP ten tres platós, un é un xardín onde se fan as entrevistas e programas en verán. Outro é no que se fan os informativos e as entrevistas do fin de semana, outro é o plató deportivo.

En edición teñen a mesa de mesturas, un ordeador e dous vídeos, un plaier, e un recorder. Aí editan tódolos programas e anuncios, vídeos, musicais.. editan a partir das 19,30 h. as noticias, que é o que máis ocupa.

Realización é onde entran as cámaras do plató, cun vídeo gravan o que realizan nas entrevistas, mesturan coas cámaras dos platós e coa mesa do son e cos micros dos invitados.

En realización fan os informativos, que son en directo, tamén realizan programas.

En **emisión** emiten os masters, que son os programas ben montados e tamén os bloques de publicidade, os bloques son desde que aparece o logo TVP ata que volve a aparecer outro, no medio destes van os anuncios. Desde a emisión mandan a imaxe e o son ata a Caieira, desde alí ata toda Pontevedra. Mesturan un vídeo con outro ou con realización.




TODOS DEBEMOS CONTRIBUÍR NAS TAREFAS DA CASA

Non tódolos nenos queren limpar e axudar nas tarefas da casa; a miña opinión é que se os nosos pais nos dan de comer, nos mercan a roupa, nos coidan... Nós tamén teríamos que axudarlles un pouco. Outros din que os pais están para coidarnos, para comprárno-las cousas e

para que nos dean a paga. Pois no é así, porque eles dannos todo e nós tamén temos que por algo da nosa parte, non estar todo o día a rascar-la barriga, e xa sabéde-la miña opinión. Eu saco a conclusión de que somos un pouco vagos na casa. ¿E vós?

Iago Pena Villanueva
- 6º Primaria -



UNHA AMEAZA

—ALBERTO PIÑÓN ESTEBAN—

A droga encóntrase en todas partes: na rúa, cerca dos colegios, nos periódicos, no cine. ¿Quere isto dicir que non se pode vivir sen droga, que é a resposta a tódolos problemas?

¿Por que a droga?. A miúdo, ó chegar á adolescencia, facémonos esta pregunta. Porque de repente descubrimos que é fácil obter droga, aínda que esta prohibida pola familia ou pola lei. Quizais algúns amigos xa a probaron e propóñenos que fagámo-lo mesmo. Pois ben, aínda sabendo que causa estragos, pódese caer na tentación de probar.

PARA ESQUECER

Normalmente a experiencia acaba aí a maioría dos adolescentes que algunha vez fumaron “porros” e colleron uns “pedales” nin son drogadictos nin acabarán sendo.

Sen embargo, algúns dos xoves que experimentaron unha sensación pracenteira coa droga senten a necesidade de volver a probala. Cando se empeza a consumir unha droga con certa frecuencia hai que te-la valentía de preguntarse: ¿Por que? seguramente por nada, ou tal vez porque crecer é difícil, custa abandona-la infancia e entrar no mundo dos adultos. Na adolescencia, a vida parece excesivamente dura, séntese insignificante e feo e sen demasiadas esperanzas.

En ocasións, os problemas dos pais son demasiado pesados para sobrevalos sos, en silencio. O futuro dá medo. Algunhas veces a violencia na familia é insoportable. Tes ganas de amar, pero o amor dá medo. Con ese

físico recién estreado, aínda un pouco estraño, xórdeche a dúbida de se poderás amar algún día. Séntese só e rexeitado polos demais. Outras veces, polo contrario, a vida parece demasiado aburrida e sen alicientes. Tense a impresión de que ninguén escoita cando se exclama ou se murmura: “algo non vai ben”. Nestes momentos, por suposto, a droga parece formidable: aporta un benestar inmediato e a crueldade da vida desaparece. Pero ó día seguinte, a vida continúa sendo igual de dura ca onte.

CONSUMO DE DROGAS E DELINCUENCIA

É moi frecuente que quen comeza probando as drogas acabe converténdose en consumidor habitual.

As drogas non son baratas, e un adicto necesita consumilas a diario. Por iso, cando se queda sen diñeiro, non lle queda máis remedio, na maioría dos casos, que roubar para poder conseguila ou converterse en traficante, para ter fácil acceso a ella. En ambos casos acaba sendo un delincuente.

CONTRA A LEGALIZACIÓN

- Habería máis consumidores
- Os adolescentes veríanse presionados de todos aqueles que queiran facer diñeiro coa droga.
- As drogas son moi perigosas. Producen graves efectos físicos e psíquicos.
- ¿Quen vendería a droga? ¿O Estado ou os organismos privados?

DEIXALO COA METADONA

A metadona é un medicamento que se lles dá ás persoas enganchadas á heroína. Só a poden receita-los médicos dos centros especializados na drogadicción.

Este produto, ó actuar coma droga, evita os períodos de carencia. Trátase dun primeiro paso na desintoxicación, ademais evita, a quen non poida prescindir dunha certa dose diaria, que teña que delinquir para obtela. Por último, impide o contaxio da SIDA pola utilización de xeringuiñas infectadas.

NUNCA SE SABE COMO SE VAI REACCIONAR

O maior perigo dunha droga é que non se sabe cómo se vai reaccionar ante ela. Cando alguén empezou a consumir unha droga, o seu corpo vaíse acostumando pouco a pouco a ela. É o que se chama un hábito.

Pronto se necesitarán doses cada vez maiores e con maior frecuencia. Estase na difícil fase da dependencia; xa non se pode prescindir dela.


Hai outros produtos perigosos para a saúde, como o LSD ou as chamadas drogas de deseño (éxtases) que poden provoca-la loucura.

Cando o corpo non recibe a dose á que está habituado empeza, pouco a pouco, a sentir intensas dores físicas. É o síndrome de abstinencia. Unha persoa con este síndrome trema, súa moito, sente dores dos músculos e sofre contraccións violentas no ventre que lle producen diarrea e gómitos.

¿COMO ACTÚAN AS DROGAS?

As drogas calman a dor, son analxésicos, actúan sobre as células nerviosas do corpo, no umbral da dor. O noso corpo produce continuamente unhas substancias químicas, as endorfinas, que actúan sobre as células nerviosas e coa misión de dete-la dor.

A heroína produce o mesmo efecto cás edorfinas, pero tan accentuado que con ela non se experimenta ningunha sensación dolorosa. Así que o corpo deixa de producir endorfinas. Por iso ó desengancharse, o síndrome de abstinencia fai padecer esas terribles dores durante cinco ou seis días, á espera de volver a producir endorfinas o corpo.



MECANO

—BRUNO VIDAL BARREIRO—

Mecano é o grupo de música pop máis actual. "Ana, Jose, Nacho" é o título do álbum co que o grupo máis importante das últimas décadas volveu da-la cara.

Agora xuntos porque dende 1992 tod@s estiveron de actualidade polas súas carreiras en solitario.

Con 13 millóns de discos vendidos ó longo da exitosa carreira de Mecano, títulos coma Entre el cielo y el suelo, Mecano, Aí da la i, Descanso dominical, Mecano en concierto, ¿Dónde está el país de las hadas? ou Ya viene el sol.

O seu novo disco contén sete cancións novas e outras sete recompiladas das mellores cancións dos seus discos. Das novas destacan "El club de los humildes" e "Sterosexual" e das recompilacións "Una rosa es una rosa".

Por separado

• Nacho Cano foi o máis activo, editou dous elepés e correu toda España de concerto en concerto mostrando os seus cambios de imaxe.

• Jose Maria Cano, o irmán maior, investiu cinco anos na composición e gravación dunha ópera chamada "Luna" que, segundo el, deixouno arruinado porque tivo que vender parte da súa valiosa colección de cadros para custear-las voces de Plácido Domingo e Ainhoa Anteta no

seu disco. Inda está buscando alguén que queira estreala.

• Ana Torroja, a voz e alma de Mecano, estivo viaxando moito, e só ó final atreveuse a iniciar unha carreira en solitario que aínda non tivo tempo de desenvolver, con "Puntos cardinales", un disco que recentemente editou e que deu no centro da diana.

Pero despois destes seis anos, regresaron para volver a enlouquece-la xente.

SE EU FOSE ...

Eu quixera ser moitas cousas pero...

Se eu fose o vento:

Levaría o trigo de onde teñen moita comida a onde non a teñen; a choiva e as nubes ós sitios con seca.

Ó pasar por unha guerra sopraría e soplaría para que as balas non chegasen a ferir a ninguén.

Ó chegar a un mar soplaría a modifño para que tódolos barcos chegasen ben ó seu destino.

Despois de todo isto dedicárame a facer trasnadas. Quitaríalle-las perrucas ós calvos, as pamelas ás donas que van ás vodas. Meteríame nas festas e levaría voando tódolos globos.

Á fin, para descansar, deitaríame no papaventos dun neno e gambearíame entre as nubes.

Se eu fose o vento, sempre que soprase asubiaría unha canción.

Aida López, 5º

ENQUISA

Un día, con moitas ganas de facer de periodistas, saímos á rúa, preguntándolle a corenta persoas que era o que opinaban sobre temas da actualidade, como son a radio, a limpeza das rúas e os xornais.

1º.-A radio.

-¿Escoita a radio con frecuencia?

Si: 25 persoas. Non: 15 persoas.

-¿Sobre que hora do día?

Mañá: 15 p. Serán: 4 p.

-¿Que emisora?

SER: 21p. Onda Cero: 1p. M 80: 5p. C. Dial: 3p.

COPE: 4 p. RNE: 1 p. 40 Princ.: 4 p. C.100: 1p.

-¿Que programas?

Informativos: 15 p. Deportes: 8 p.

Música: 14 p. Debates: 3 p.

Comentario.

A maior parte da xente escoita a radio, sobre todo pola mañá e pola noite. A emisora máis escoitada é a cadea SER (segundo os últimos EXM ten 63.000 oíntes), seguida de moi lonxe por RNE (5.000), a COPE (3.000) e as de música. Os programas máis escoitados son: en primeiro lugar os informativos, en segundo os musicais e en terceiro os deportivos.

O liderato da SER recórdanos á concesión de licencias da Xunta pra emisoras de radio: déronlle dezasete á COPE e ningunha á SER, que aínda sendo a máis oída, resulta que unicamente ten unha emisora oficial en Galicia, as outras son privadas adheridas a esta.

2º.-A limpeza das rúas.

-¿Parécelle que o servizo de limpeza do Concello de Pontevedra é suficiente?

Si: 7 persoas. Non: 33 persoas.

-¿É eficaz?

Si: 8 p. Non: 32 p.

-¿Está de acordo con que só se poida tira-la vasura a partir das 8:30 do serán?

Si: 27 p. Non: 13 p.

Comentario.

A limpeza do Concello non é suficiente nin eficaz (a pesar dos espléndidos "pipi-cans" da Alameda). Segundo os enquisados é boa idea só tira-la vasura das 20:30 h en adiante.

3º.-Os xornais.

-¿Que xornal le con máis frecuencia?

La Voz de Galicia: 14 persoas. Faro de Vigo: 9 p. Marca: 3 p.

Diario de Pontevedra: 9 p. El País: 4 p. ABC: 1 p.

-¿Que apartado lle gusta máis?

Novas: 18 p. Sociedade: 3 p. Economía: 1 p.

Deportes: 16 p. Esquelas: 2 p.

-¿Cre que se editan poucos xornais en galego?

Si: 35 p. Non: 5 p.

Comentario.

O xornal mais lido é La Voz de Galicia con poucos máis lectores que o Faro de Vigo e o Diario de Pontevedra. Os apartados que a xente prefere son as novas e os deportes. Alguén díxonos que lle gustaban as esquelas, xa que eran as únicas que dicían a verdade. Case todos pensan que se editan poucos periódicos en galego (só: O Correo Galego e A Nosa Terra). ¿Por que non se fan máis na nosa lingua?

A VERDADEIRA HISTORIA DO TITÁNIC

—BRUNO VIDAL BARREIRO—

No 14 de abril de 1912, o buque da Mariña Real, Titánic, escorregábase a través das ondas do mar. Na súa viaxe inaugural cara á cidade de Nova York, enfrontouse a sucesos que facían prevelo seu fracaso. Un golpe de esguello cun iceberg, orixinou unha increíble catástrofe.

O Titánic era o orgullo de Belfast, elevándose sobre a cidade na que se construíra. Medía case cento setenta e cinco pés de alto e novecentos pés de longo. Os motores tiñan unha altura de catro pisos. Cada unha das tres hélices era maior ca unha casa. O casco do Titánic estaba formado por máis de dúas mil placas de aceiro dunha polgada de espesor e millóns de remaches. A prensa popular tildouno de invencible e insomexible, gracias a 16 compartimentos estancos. O iceberg perforou cinco compartimentos, con catro podería flotar.

A historia da destrución do Titánic comezou ó terceiro día da súa viaxe inaugural. O seu, señor Smith, recibe doutros barcos varios avisos por radio da existencia de xeo. Smith retifica o rumbo cara ó Sur, pero mantén a elevada velocidade que levaba. Ás once e corenta horas da noite do domingo, un iceberg perfora a blindaxe do casco. Un dos constructores do barco informa ó capitán que o barco pode permanecer a flote durante hora e media. O transatlántico está condenado. O mariñeiros lanzan os primeiros botes salvavidas, e a xente non sabe que o barco vai a pique. Os radiooperadores


emitían o sinal de SOS, pero sen resposta. A xigantesca popa elevábase cara ó ceo nocturno. En pouco máis de dúas horas o Titánic desaparecera. Máis de mil cincocentas persoas viaxaban no barco. A maioría das vítimas do Titánic non morreron afogadas, senón por estar expostas á friaxe das augas xeadas.

Baixo a luz da mañá, os superviventes do desastre encontráronse á deriva no Atlántico Norté. Setecentas cinco persoas sobreviviran. O buque de pasaxeiros Carpathia rescatou a moitos dos naufragos aquela mañá. Os superviventes completaron a súa viaxe a Nova York pero nada resultou como planearan. Os seus botes salvavidas estaban atados xuntos no lugar onde debía esta-lo Titánic.

Cando o transatlántico se fixo ó mar, a niguén lle preocupou que non tivese suficientes botes salvavidas a bordo, pero despois deste increíble desastre, a filosofía da seguridade cambiaría para sempre.

Hai case un século, o desastre do Titánic commoveu ó mundo, aínda hoxe nos esforzamos en comprender que aconteceu aquela noite.

En xullo de 1986 fixeron fotos do interior a bordo dun somexible pero non recuperaron obxectos. Ó ano seguinte un polémico salvamento francés esforzouse en recuperar pratos, xoias, moedas e outros utensilios, que en setembro de 1987 se mostraron en París.



Restos do Titánic somexido

TITÁNIC A PELÍCULA

Pasaron 68 anos dende o afundimento do Titanic, pero o maior barco da historia segue a ser tema actual de conversas e, sobre todo de películas. Do afundimento fixéronse varias produccions. A primeira fíxose en branco e negro *La última noche del Titanic* (1958), de Roy Backen, foi a versión do afundimento baseada no libro de Walter Lord. Algunha tamén apareceu na pequena pantalla, pero a máis importante, e a que todos coñecemos, é *Titánic* de James Cameron.

O presuposto inicial era de 16.000 millóns. Por culpa do presuposto, a rodaxe estivo a punto de rematar, pero o director renunciou ó seu soldo e á porcentaxe de taquilla. Bateu tódolos récords posibles, o seu éxito está xa fora de dúbida, e acaba de superar por primeira vez o teito 1.000 millóns de dólares de recadación. (aproximadamente 152.000 millóns de pesetas) e desbancou a Parque Xurásico como á película máis vista.

En premios, estando seleccionado para 14, só conseguiu 11, coma a película *Ben Hur*, que gañou o mesmo número

Non é de estrañar que tanta xente vise esta película. Catro razóns son as principais:

- Os seus maravillosos efectos especiais.
- A fermosa historia de amor contada.
- E por suposto, o seu protagonista, Leonardo DiCaprio, que comparte protagonismo con Kate Winslet.
- A industria cinematográfica norteamericana.

Desta película non se pode dicir que sexa precisamente unha curtámetraxe, xa que dura aproximadamente 194 min.!. Na película, desenvólvese unha historia de amor. Jack Dawson (Leo DiCaprio) consegue, nunha partida de pócker, dous billetes para embarcar no Titanic, na súa primeira travesía. Na viaxe coñece a Rose Dewir Bukater (Kate Winslet) e namóranse de contado. Antes de que o barco bata contra o iceberg, xuránse amor eterno, entre bágoas.

Todo isto é algo que pasará á historia, porque o Titanic tiña a importante fama de se-lo barco que nunca podería afundirse, e que o bater contra un iceberg, acabou coa vida de moitas persoas.

—SANDRA PEÑA DÍAZ, BLANCA LUACES MÉNDEZ • 2º ESO—



TEST: ¿É UNHA BOA AMIGA?

1. Se lle contas un segredo á túa amiga...

- A *Cóntallo a todo o mundo.*
- B *Mantén o segredo e dáche consello.*
- C *Déixate de lado e non lle dá importancia.*

2. Cando tes problemas cos estudos a túa amiga...

- A *Préstase voluntaria a axudar.*
- B *Pasa de ti e que axude outro.*
- C *Intenta axudarte unha vez e xa lle chega.*

3. Se vos gusta o mesmo rapaz e che pide para saír, a túa amiga...

- A *Enfádase contigo e ponte verde ás túas costas.*
- B *Compréndete e ámate para que teñas sorte con el.*
- C *Sente celos, pero aínda que ó principio lle custa comprendelo, ségue sendo a túa mellor amiga.*

4. A túa nai está feita unha fera e estache botando unha berradura monumental, mentres, a túa amiga...

- A *Inventa unha escusa para saír pitando, non vaia ser que a miña nai a colla con ela.*
- B *Quédase e aguanta a berradura, aínda que a miña nai a está duchando.*
- C *Espera uns minutos e despois... ¡Sálvese que poida!*

5. Cando marchas de vacacións a outro lugar, a túa amiga...

- A *Escríbete postais tódolos días. Ten que contarche todo o que lle pasa.*
- B *Non se molesta en escribirche nin unha cutre e palleira postal. Cando volves xa te cambiou por outra.*
- C *Escríbete unha vez e xa non se acorda máis de ti en tódalas vacacións.*

6. Cando vas de compras e probas un vestido, ela...

- A *Di o que pensa realmente. Non se anda con rodeos.*
- B *Aínda que minta, di sempre que che queda ben.*
- C *Sente moitos celos porque che queda mellor a ti cá ela, e diche que che queda mal.*

7. Cando ides pola rúa e aparece un mozo guapísimo, a túa amiga...

- A *Non cho di e fálache doutra cousa para que non o vexas.*
- B *Dicho axiña para que recrée-la vista.*
- C *Dicho cando xa pasou e non o podes ver.*

8. Cando te pos enferma, a túa amiga...

- A *Non sae e quédase contigo.*
- B *Pasa de ti e sae co resto das vosas amigas.*
- C *Chama ás amigas e lévaas á túa casa.*

Esperpento

C.E.I.P. CAMPOLONGO · 46

9. Os teus pais queren marchar de viaxe e ti non queres ir. A túa amiga...

A Convence ós teus pais para que poidas quedar na súa casa.

B Diche que é mellor que non protestes e que vaías con eles .

C Tenlle sen coidado que queiras ou non queiras ir. Ela xa ten a súa fin de semana planificada e non pensa cambiar.

10. Se a túa amiga consegue dúas entradas para o concerto do grupo polo que andades tolas. Ela...

A Non dubida un momento en regalarche unha das entradas para ir xuntas.

B Dáche unha escusa de que ten que ir cun adulto , aínda que sexa mentira.

C Non está moi segura de darche a entrada a ti ou a un familiar que tamén morre polo grupo.

| PUNTUACIÓNS | | | | |
|-------------|----------|----------|----------|-----------|
| <u>1</u> | <u>2</u> | <u>3</u> | <u>4</u> | <u>5</u> |
| A--2 | A-6 | A--2 | A--2 | A--6 |
| B--6 | B--2 | B--6 | B--6 | B--2 |
| C--4 | C--4 | C--4 | C--4 | C--4 |
| <u>6</u> | <u>7</u> | <u>8</u> | <u>9</u> | <u>10</u> |
| A--6 | A--2 | A--6 | A--6 | A--6 |
| B--4 | B--6 | B--2 | B--4 | B--2 |
| C--2 | C--4 | C--4 | C--2 | C--4 |

MÁIS DE 48 PUNTOS

¡Tes unha extraordinaria amiga ! ¡Sodes coma uña e carne! ¡Non a perdas! ¡Felicidades! Tes moita sorte, porque sempre podes contar con ela, sempre estará ó teu lado e axudarache ¡Parabéns!

DE 36 A 48 PUNTOS


É unha boa amiga, aínda que ten defectos que debes intentar mellorar, pero sen intentar cambia-la súa personalidade. Se segue así fala con ela. ¡Ti podes facelo!

DE 23 A 36 PUNTOS

Non é unha boa amiga. Fala con ela. Ten que demostrar que ti e-la súa mellor amiga.

MENOS DE 23 PUNTOS

¡¡¡Vaia amiga!!! Cámbiaa, non é de fiar. É unha cambia chaquetas. Non te merece.



Sara Míguez
Lidia Piñeiro
Sandra Rey
Cristina Palmeiro
Natalia Gonçalves
2º Secundaria

A PUBLICIDADE

—ÁNXELA MARTÍNEZ GARRIDO, RAQUEL MARTÍN LÓPEZ, CRISTINA NAVIA ESTÉVEZ—

A publicidade inflúe na sociedade máis do que pensamos , cando compramos unha marca determinada dun produto estamos influídos pola publicidade .

Hai xente que compra só os productos que anuncian os medios de comunicación porque pensan que son mellores cós outros . A publicidade é enganosa , ata o punto que fai que compremos cousas que non nos fan falta , pero por culpa da publicidade, cremos que nos son necesarias , pero en realidade non nos serven para nada , é dicir, trátanos coma se fosemos tontos.

A publicidade crea necesidade de consumir e orienta os nosos gustos , case nunca paramos a pensar que poida influír nas nosas escollas ou decisións , pero a verdade é esa , hai persoas que aínda que non lles convenza , ou ese non é o seu gusto, a publicidade consegue cambialo ou guialo e termina facéndoo o seu escravo , para que compre o que anuncia , tamén pode cambia-lo comportamento, e en realidade é a que cambia as modas.

A publicidade non vende só obxectos , vende tamén ideoloxías , posición social, roles sociais .

Moitas veces quere vender determinados productos pero en realidade ofrece outras cousas .

A publicidade incídenos desde os máis insospeitados medios , cobre tódolos soportes : cartas persoais, envoltorios de artigos, xornais, revistas, autobuses ,radio, televisión, marquesinas, esquinas..

Non soemos recoñecermos influenciados pola publicidade , resulta difícil libramos da rede publicitaria que nos envolve .

Por outra parte, a publicidade informa dos productos que hai no mercado , dá a coñecer novos productos , democratiza o consumo.

Os anuncios non informan soamente do prezo e da tenda onde podemos mercar algo. Pretenden facernos crer que a vida , os costumes e ata o propio país son como eles os presentan .Impoñen crenzas , prexuízos , estilos de vida , valores sociais.

A PUBLICIDADE E OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

A publicidade comercial é un feito ligado á máis antiga historia do periodismo.

A prensa foi o medio de soporte da publicidade anunciativa , característica dunha etapa inicial prolongada ata finais do século XIX , coa aparición dunha publicidade competitiva. A partir do 1840 , co desenvolvemento do periodismo industrial e sobre todo xa no século XX , as empresas periodísticas necesitaron do concurso da publicidade para sobrevivir . O desenvolvemento dunha sociedade competitiva estimulou a aparición dunha publicidade agresiva , baseada na destrucción do adversario competidor.

A publicidade non se dirixe xa á estimulación do nivel consciente de decisión do público consumidor , plantexándolle novas necesidades , senón ó seu nivel subconsciente , mediante o estímulo dos apetitos reprimidos. De aí a referencia continua do estímulo publicitario á sexualidade , agresividade e desexo de triunfo. A actividade publicitaria quedou configurada coma un sistema expresivo dotado de autonomía que actúa coma vangarda na evolución da linguaxe informática globalmente considerada. A partir de recursos tales como unha énfase nos neoloxismos , excesos semánticos ,sinonimias forzadas , introducción de voces estranxeiras etc. , confórmase unha linguaxe inventiva que se interpón entre o consumidor e a realidade.

diferenciación entre publicidade directa e publicidade indirecta, ou encuberta; a primeira engloba o conxunto de mensaxes que efectúan unha proposta comercial indiscriminada de forma aberta, mentres a publicidade indirecta tende a ser encuberta adoptando formas extrapublicitarias (reportaxes, documentais etc.) que confiren unha potencia adicional á mensaxe, ó actuar sobre un receptor que non é consciente do seu sometemento a un estímulo publicitario.

Os medios de comunicación teñen unha presenza importante na vida cotiá de calquera persoa. A través deles recibimos múltiples e variadas mensaxes.

Os medios de comunicación audiovisuais (televisión, radio) son os que teñen unha maior difusión, chegan á práctica totalidade da poboación.

Os medios escritos (xornais, revistas) teñen unha difusión menor. É porque non teñen hábitos de ler e porque estes non son gratuítos.

A radio e a televisión son os que maior presenza teñen na sociedade, así que imos falar deles, xa que teñen moita influencia na publicidade e son os que axudan a que a publicidade se adentre cada vez máis nas nosas vidas.

A radio é o medio que ten unha maior presenza na nosa sociedade. Os aparellos de radio están nas casas, nos coches ou en calquera lugar illado no que se atope unha persoa.

As emisoras de radio teñen unha programación moi variada. Os programas máis habituais son os informativos, os musicais e os magazines. No medio destes sempre aparece publicidade, xa que é a que permite o seu sustento.

A televisión é o medio de comunicación que exerce unha maior influencia nas persoas. No 98% dos fogares hai cando menos un televisor e case todo o que

popular. A televisión cambiou os hábitos de vida das persoas: As formas de falar, vestirse, comportarse, están condicionados por ela. E tamén, é o que máis publicidade ten, ou un dos que máis, por iso a publicidade que sae na televisión ten tanta ou máis influencia cá televisión.

Con isto queda claro que os medios de comunicación teñen un papel moi importante respecto á publicidade.

A PUBLICIDADE COMO TÉCNICA DE MERCADO

Desde o punto de vista da empresa, a publicidade é unha técnica comercial que pode definirse como unha comunicación máisica pagada, co propósito final de divulgar información, producir cambios de actitudes e inducir á acción beneficiosa para o anunciante.

A publicidade volveuse unha parte integral da política de utilidades máximas das empresas e serve ó mesmo tempo coma un muro formidable de protección para as posicións monopolistas. Anque ó principio a publicidade pareceulles ás administracións das empresas un custo deplorable, que debía manterse tan baixo como fose posible, rapidamente se transformou no que unha axencia de publicidade correctamente chamou unha necesidade de supervivencia para moitas empresas.

Por outra parte, a inversión nas campañas publicitarias supón o soporte financeiro fundamental dos medios de comunicación de masas, polo cal a publicidade permite o control indirecto do mundo empresarial sobre ditos medios.

A campaña publicitaria é o conxunto de mensaxes publicitarias, expresadas nas formas máis adecuadas (sons, imaxes, textos) cunha unidade de obxectivos, que se desenrolan dentro dun tempo prefixado. Pódese sinalar distintas fases para a realización dunha campaña publicitaria:

fase de estudio , de estratexia , de realización , de difusión e de control de resultados .

Durante a primeira fase , realízanse os chamados factores determinantes . Na segunda , preséntanse as liñas xerais da acción que se pensa seguir , baseadas nos resultados da acción anterior.

De acordo con estes principios califícase de ilícita a publicidade que ofenda ás institucións , atente ó bo decoro social ,

ou sexa contraria ás leis , á moral , ou á boa conducta . O sector estableceu un mecanismo de autocontrol , referente á liberdade de expresión e ós dereitos do honor , á intimidade , á propia imaxe , e á protección da xuventude e da infancia. Os medios publicitarios son as distintas formas de facer chegar as mensaxes ó público , radio , televisión , prensa , valados....

Consume e serás un "feliz" consumidor consumista consumido

RESUMO / RAZONS

— ANXELA MARTÍNEZ GARRIDO, RAQUEL MARTÍN LÓPEZ, CRISTINA NAVIA ESTÉVEZ —



A favor da publicidade

- . É un servizo público.
- . Informa dos produtos do mercado.
- . Dá a coñecer novos produtos.
- . Democratiza o consumo.
- . É soporte económico dos medios de comunicación.
- . Abarata os prezos , porque ó aumentar vendas , permite producir en serie , o que reduce os custos.

En contra da publicidade

- . Crea desexos de consumo innecesario na xente.
- . Fainos soñar con mundos irreais e maravillosos.
- . Crea frustración nas persoas que non teñen medios económicos
- . Aumenta o prezo dos produtos.
- . Condiciona e quita liberdade a moitos medios de comunicación custeados pola publicidade.
- . Non é certo todo o que din os anuncios.

OS VIDEO-XOGOS DO ANO

Elixe entre estes títulos de video-xogos que son os mellores do ano , ¡ah, e non esqueza-las claves: MOI BO-  BO- 

Ordenadores :

BLADE RUNNER

Sen dúbida, Blade Runner é un dos mellores xogos do ano. Non só porque lle desen este premio no festival "Imagina 98" senón polos seus increíbles gráficos e personaxes absorbentes.

-A TRAMA- Encarnas a Ray McCoy, un poli que vai nun caso de asasinato animal cunha compañeira de armas tomar ; Crystal Steele. Os dous xuntos son algo así coma Mulder e Scully.



— FÁTIMA PEÓN TORRES —

Nintendo 64:

GOLDENEYE

O axente 007 chegou á túa video-consola e non podía facelo mellor. Goldeneye ten posibilidade de loitar contra personaxes de películas anteriores, actuais, e de todo. Non te enrúgue-lo traxe, porque James Bond é moi fino. A historia céntrase na película, pero non te confíes moito porque non todo vai ser igual.

-A TRAMA- Es clavadiño a Pierce Brosnan, ¿por qué será? Non te perdas os combates man a man porque son impresionantes.



XOGOS DE ORDENADOR


—OSCAR OSORIO CONLES · 2ª ESO—

POD: É un xogo de coches futurista que se aparta do típico simulador. Ten uns gráficos pasables aínda que se poderían mellorar. Cando saíu á venda fixéronlle moita publicidade pero non foi tan espectacular como se esperaba. Non é un xogo realista pero non te aburres facilmente del pola variedade de circuitos.

MOTORACER: Divertido simulador de motos, aínda que un chisco esaxerado. Ten uns gráficos practicamente inmellorables (SVGA), diferentes motos para escoller e gran variedade de circuitos. Ten un prezo medio no mercado, se se compara con outros xogos e a posibilidade de xogar por módem.

DUKE NUKEM: O primeiro sucesor do Doom en SVGA. Moi famoso cando saíu pero agora quedou eclipsado polo Quake. Ten uns gráficos que non se quedan atrás respecto dos seus sucesores, pero coa chegada do Diablo e do Quake II este xogo quedou practicamente esquecido. É unha pena, xa que ó longo do xogo vanse aprezoando detalles que o diferencian de calquera outro da súa especie.

NEED FOR SPEED II: É actualmente o simulador de coches máis coñecido do planeta. Gráficos alucinantes, os automóbiles máis rápidos do mundo a túa disposición e, sobre todo, comprace a Necesidade De Velocidade. Os seus escenarios rebotan realidade e tamén ten a posibilidade de xogar por módem.



TRUCOS:

Proba os seguintes trucos durante a carreira:

- garag:** Repara el vehículo.
- label:** Poner nombre a los vehículos.
- retro:** Retrovisor.

Introduce estes códigos cando, ó principio, o xogo che pida que poñas o teu nome.

Escoitarás un pitido e despois poderás poñer o teu nome real.

- cdnalsi:** Tódalas pistas.
- cesrever:** Dálle a vorta ós circuitos.
- ctekcop:** Motos pequenas.

Proba estes trucos durante a partida:

- dnitems:** Tódalas armas.
- dnstuff:** Tódalas municions.
- dnview:** Outra vista.
- dnmonsters:** Desaparecen os malos.
- dnkroz:** Modo invencible.
- dnhyper:** Esteroides (forza).

No menú principal escribe:

bus- bus escolar.

coches: semi- furgoneta.

mercedes- Mercedes Benz.

volvo- Volvo.

bmw- Bmw.

armytruk- Camión exército.

snowtruk- “ “ “ de neve.

circuitos: hollywood- Estudios Monolithic de Hollywood.

PONTEVEDRIÑA

—IGNACIO GARCÍA, VÍCTOR CASAS • 2ª SECUNDARIA—

Os socialistas din que o goberno non fai nada. Os populares din que España vai ben. Aínda que os lodos tóxicos da mina de Aznalcóllar estean a punto de penetrar no Parque Nacional de Doñana, España vai ben. Aínda que se descubriron as oficinas e algúns nomes do CESID, España vai ben, e é verdade que en proporción con Pontevedra todo vai ben, ata o Sporting de Xixón. A razón é que Pontevedra non vai, quedou estancada, aínda que nos doa e nos preocupe. Exercendo unha comparación futbolística, Pontevedra vai coma o seu equipo de fútbol, na metade da táboa pero a punto de desaparecer, deixar de contar. Mentres tanto, Vigo está en alza en tódolos aspectos; e o que sobra para nós(léase empacadora).

Pero por suposto, imos avanzando, por exemplo o pipicán que é máis utilizado polos pobres, ca polos cans. Tamén a chegada de Continente provoca un avance, un avance nos atascos das estradas.

Só un Teucro de honra e un Rías memorable dan un chisco de ilusión a unha afección cansada de fracasos políticos e sociais.

E' como non, as obras interminables do aparcadoiro de Campolongo, que o único que fai é estorba-lo camiño. Ademais, o parque de Barcelos que sendo bonito, e iso non o negamos, pola súa culpa tiraron moitos plátanos de paseo, por unha árborede ferro homenaxeando as de verdade.

**SE ESPAÑA VAI BEN...
PONTEVEDRA É ESTRANXEIRA**

Pobre Pontevedra
sempre dela falando
pero nunca se fai nada
e seguimos protestando,

No proceso de mellora
que está sufrindo España
como non ía ser menos
Pontevedra a empañía.

Co parking de Barcelos
Pedrosa vai fardando,
pero o de Campolongo...
¿Para cando?

Os artistas lucíronse
coa árbore dedicada ó carballo
e mandaron os de verdade
a tomar polo carallo.

Mención merece o do Lérez
que xa dura un bo anaco,
aínda que algúns se divirtan
quitándolle a cabeza ós patos.

Nos patos da Alameda
houbo unha morea de ratas
agora están no concello
e andan a dúas patas.

Temos un novo invento
chamado empacadora
¡é moi útil! ¡sí, señor!
xunta merda a todas horas.

Pontevedra terra única
terra única de drogas
chupóns acomodados,
porretas, chulos e ratas.

Só Ignacio e Victor
meten dente ó tema
da Pontevedra de Padrosa
que está que dá pena.

OS VIDEO-XOGOS DO ANO

—FÁTIMA PEÓN TORRES · 1º SECUNDARIA—

« DORAEMON, RA NMA E MÁIS ALFREDO LANDA »

Xa, moita lería psicolóxica, que si os nenos de agora vemos máis a tele, que si somos máis *cibeméticos*, en fin, que todos estes mangallóns dos xornais e máis das radios, e máis das facultades de psicoloxía, non fan máis que dicir que somos uns desgarrados mentais. Para tanto tampoco será, digo eu. Home, si é certo que somos un pouco máis brutiños cos de antes, vemos máis *manja* e máis debuxos xaponeses, pero non é para poñerse a pensar que si vamos a ter unha sociedade violenta no futuro e todás esas cousas. ¡Total! Só porque boten uns debuxiños as dez da

mañá tódolos domingos nos que sae unha xaponesa en pelota picada detrás dun vello verde que está todo o rato a meterle man por detrás... As cousas como son, será que no Xapón aínda están na época do *destape* porque eu non sei a outros, esa escea en concreto peréceme sacada de esas películas de Alfredo Landa que poñen os domingos pola tarde na primeira. Por certo, a serie anterior chámase *Ranma*, e vai dun rapaz a camiño entre *travesti* e *Bakestrit voi*, que ten a mala sorte de converterse en muller coa auga fría, e claro cando é unha tía pásase todo o capítulo *literalmente en bolas*. ¡Ah, pero amigos meus, non todo son desgracias! Acaso temos ahí na galega,

aparte de a Juan Pardo, Ana Quiro e a Gaioso constantemente, os eternos debuxos de Doraemon, ese gatiño que a todos nos gustaría ter, que ten un peto máxico e que canta cantigas orteras sobre boas intencións. Cal foi a miña sorpresa o ver que rapaces de 1º de BUP colleccionaban os cromos oficiais da serie... Se *Ranma* era unha imitación das películas dos primeiros tempos de Alfredo Landa, Doraemon é *Bambi* e *La bella y la bestia* multiplicado por tres. Ó final só nos queda a *Abella maia* e máis *Heidi*... ¡*En un país multicolor*...!

Play Station:

Tomb Raider II

Miles de persoas esperaban o regreso da Indiana Jones feminina, Lara Croft. Lara é estupenda e nesta segunda entrega de Tomb Raider volve máis guápa que nunca. Existen moitos trucos para este xogo, pero só te diremos que antes de realiza-los encendas unha bengala, senón Lara explotará, e ti non queres iso, ¿verdade?



A TRAMA- Segue a mesma liña de xogo que a primeira parte, pero ante todo te recomendamos que non sexas bruto e te engaches as 24 horas do día. para deleite voso, a Paramount Pictures xa comprou os dereitos e a película de Tomb Raider xa está en marcha pero... ¿quen interpretará a Lara? Algúns din que Sandra Bullock, outros que Cameron Díaz... ¡xa veremos!

ESPAÑA FERIDA

O saqueo das riquezas naturais, a defensa a toda costa de posicións de dominio económico e político do progreso meramente material están acabando co fundamento vital do planeta Terra.

O panorama sobre a nosa pel de touro tampouco é alentador: España quéimase, inúndase, desertízase e exterminanse ós animais.

A natureza enteira periga. Cando isto ocorre degrádase a calidade de vida e envelécense as relacións humanas. España está ferida e case tódolos seus males son obra do home... ¿Estamos a tempo para cambia-lo rumbo ou é demasiado tarde?

Este escrito é un canto á vida e á beleza ameazada.

O perigo é, ademais, unha voz de alerta ante outros perigos que ameazan con destruí-lo noso contorno natural.

Estamos convencidos de que a auténtica cultura só pode florecer alí onde se respecta a vida. Se as conciencias despertasen, aínda sería posible evita-la perda irrecuperable do prodixioso mundo da natureza.

David Gulín Díaz
Jose Manuel Justo Garcia

6º Primaria

EN DEFENSA DA ESCOLA PÚBLICA

Desde estas páxinas da revista, quería dedicar unhas liñas ó pésimo estado do noso lugar de traballo. Todos somos conscientes de que hai que manifestarse e defende-los nosos dereitos. Anque os gobernos nacionais non saben o que fan, porque destinan máis diñeiro ós colexios privados ca ós públicos, temos que protestar e polo menos facer nós algo para que non se deteriore. Espero que os defensores do ensino público reaccionen e paremos esta desmantelación do público en favor do negocio privado. O ensino público é básico para un país democrático e unha sociedade máis igualatoria e xusta.

Un saúdo:

Miguel Magdalena Arias
2º SECUNDARIA

SEGREDO DO EVEREST

A noite caía sobre o frío e nevado Everest. Alí, o maxestoso pico observaba inmóbil a humanidade. Dentro, os ventos, o osíxeno puro e a propia noite, contábanse segredos entre eles para poder pasá-lo frío o mellor posible. Os segredos, eran murmurios e comentarios escapados na escuridade, rebotados dos confíns do universo, ata o rei da Terra. O Everest sempre anda moi amolado porque os segredos non lle deixan durmir, e claro, como dorme pouco, ó final hai esas avalanchas que lle provocan os dores na cachola. Os ventos, o osíxeno e a noite, nin caso, seguían a contar. O vento dicía que unha vez viu uns viaxeiros morrer xa case cando chegaran ó cume. O osíxeno imaxinaba como sería a vida alá abaixo, nin siquiera vira unha foto do mundo no que nós vivimos, e o pobre pensaba en voar ata abaixo e convertirse nunha partícula de osíxeno normal e corrente que puidese encher uns pulmóns. A noite non soc dicir gran cousa, agacha a cabeza e pensa sobre o que lle están a contar. O Everest séguese a berrar para que os segredos naren de armar barullo.


Esperpento

C.E.I.P. CAMPOLONGO · 54

O día vai saír xa, e a noite ten que durmir obrigatoriamente, inda que non queira, porque cando chega o día xa non pode estar máis tempo ceibe. Despidese do vento e do osíxeno cando a alba vai saír para que chegue o mencer. O osíxeno di que vai ser unha alba ben bonita, e o vento intrigado sempre polosilencio da noite, pregúntalle cal é o seu soño para podelo contar. Ela cala, sorri, e di que aínda que tivese que morrer, gustaríalle só por unha vez poder ver o mencer, do que sempre oe voces abraíadas, polo bonito e precioso que é, o mencer, do Everest, que ela nunca pode ver...

Fátima Peón Torres

1º Secundaria



José Miguel
4 años

Pontevedra, a 12 de marzo de 1998

A quen poida interesar.

Son un cidadán de Pontevedra interesado na ecoloxía desta cidade.

Coa instalación da empacadora en Vilaboa vai haber moita contaminación. O quero dicir é que ten que haber moita máis reciclaxe. En Pontevedra xa hai caixóns de papel e de vidro, e un na Praza de Galicia de pilas, que resultan totalmente insuficientes, aínda que parece que agora se instalan máis.

Pois ben, a xente interesada neste tema, ten que ir a Vigo a depositar alí en caixóns especiais as latas e o plástico, e isto é imposible.

Polo tanto, hai que fomentar máis a reciclaxe en Pontevedra para equipararnos con Vigo e poder ofrecer estes servicios ós cidadáns en beneficio de todos.

Sen máis,

Damián Fernández. 6º

PROGRAMA DE EDUCACION EN VALORES

Os alumnos de segundo de secundaria, participamos nun programa de educación en valores que constaba de cinco películas proxectadas no Teatro Principal. Estas historias foron escollidas co fin de educarnos. Unha vez ó mes acompañados polos nosos mestres, fomos ó Teatro Principal.

As películas foron as seguintes:

Rainbow: (Bob Hoskins), Trata de catro rapaces que conseguen adentrarse no arco da vella, pero un deles, Steve, pola súa ambición, colleu dúas das pedras de ouro que había para poder compra-la moto que fora do seu pai. O que Steve non sabía era que ó roubar esas pedras, (símbolo dos cartos), o equilibrio da terra desaparecía e todo ía ser un caos. Gracias á axuda de Mike todo volve á normalidade. Os valores a destacar foron: -aprender a respecta-la natureza- e triunfar con honestidade e esforzo.



Secretos del corazón: Esta película levou un premio no festival de Berlín e foi seleccionada para o Óscar á mellor película

estránxeira. Javi é un rapaz que vive nun contorno de mentiras pero pouco a pouco vaise dando conta das cousas e inicia o camiño cara á adolescencia. Esta película ensínanos que a vida está chea de segredos que temos que ir descubrindo co paso dos anos é dicir, a medida que imos madurando



Que nada nos separe: Dexter é un rapaz marxinado por te-la SIDA, fai un amigo. Xuntos intentan facer todo o posible para curar, pero ó final Dexter morre. Os temas principais desta película son: A tolerancia e a amizade, aínda que un rapaz teña SIDA, non debemos discriminalo.



De jungla a jungla: Un home de negocios viaxa á xungla para que a súa muller lle asine o divorcio. O que el non sabía era que alí tiña un fillo. O fillo pídelle ó pai que o leve con el a Nova York, onde fai a vida da selva ocasionando problemas. É a segunda versión de "Un Indio en París". O obxectivo principal da película é presentárnola vida en diferentes civilizacións e as súas diferentes culturas, que debemos valorar positivamente e respectar sempre



Volando libre: Unha rapaza queda sen nai nun accidente e ten que marchar co seu pai a Canadá. Alí, coñece mellor ó seu pai e atopa unha niñada de ovos de ganso e o argumento principal da película desenvólvese ensinándolles a volar ós gansos. Os temas principais son: O cariño ós animais e tamén as relacións pais e fillos.



Na nosa opinión son unhas películas especialmente escollidas por teren un contido interesante e por ser educativas. Aínda así o argumento das películas non foi do noso agrado agás o de De jungla a jungla.


Ademais fixemos unha enquisa a quince compañeiros, que tamen fixeron o programa


¿Gustáronche as películas?
SI:4 NON:11

¿Aprendiches algo delas?
SI:14 NON:1

¿O que?
Convivir coa xente:6
Novas civilizacións:4
Respecta-los demais:1

¿Volverías a facer outro programa?
SI:14 NON:1





"MENUDA" AXENDA!

- ¡Alba, deixa de face-lo parvo co can!
- ¡Uxío, deixa de berrarlle á túa irmá!
- ¡Xa estou farto de que lle tire do rabo!
- ¡Ti vas estar farto do que eu che mande!
- ¡Ben, xa que te pos así, voume!

Uxío era un neno con mal carácter, que non lle facía caso á nai. Tiña unha irmá chamada Alba, con quen se levaba como o can e o gato. O pai case nunca estaba na casa, porque o seu traballo impedíallo.

Esa tarde, despois de discutir coa súa nai, colleu a bici, e foi dar unha volta.

Parabá en cada tenda de ordenadores, pois a el encantábanlle, e quería ter un. O malo era que os cartos non lle chegaban; alí viu unha axenda electrónica do máis bonito; e dixo:

- ¡Isto si que o podo mercar! Vou ir á casa polos cartos.

En cinco minutos xa volvera á tenda.

- Señor, ¿poderíame da-la axenda que está no escaparate?

- Si, agora mesmo cha traio.
- Ben.

Despois de comprala leu as instrucións de pe a pá.

Logo acendeuna, e deulle sen querer a un botón. Misteriosamente apareceu un mapamundi. Colocou a frechiña en Namibia (África) deulle a intro e apareceu no medio dunha tribo africana. Todos botaron a correr tras el. Uxío, desesperado, volveulle

dar á frechiña, que estaba situada en Albania. Entón apareceu no medio dunha tremenda guerra. Comenzáronlle a disparar, pero para fortuna del non lle tocou ningunha bala. Volveulle dar á frecha e apareceu no colexio Campolongo. Alí coñeceu a varios amigos, pero tiña que volver á casa. Calculou mal e apareceu dentro dunha pirámide exipcia.

Preguntouse:

- ¿Onde estarei? Vou intentar saír de aquí.

Pasaron catro horas, e non daba atopado a saída.

De súpeto, caeu nun foso e a axenda caeu con el, e ó chegar ó chan escachou.

Uxío arrepeníuse moitísimo de ter comprado aquela axenda, pois non podía saír de alí. E pensou:

- Hai unhas horas eu quería estar lonxe da miña nai, e agora bótoa moito de menos.

Estaba gritando desesperado, e de repente apareceu na súa cama.

- Todo foi un soño, ¡que alivio!

Foi onda a súa nai e deulle un abrazo, e o mesmo fixo ela.

Uxío aprendeu a lección e nunca máis volveu desobedecer á súa nai. Logo meteu a man no peto e sacou un cacho da axenda, e exclamou:

- ¡É increíble!

José Miguel Fervenza Casal.

Adrián García Bouzas.

1º de Secundaria.

VIVAN OS LIBROS

Para que cando leas un libro che resulte divertido, debes ter imaxinación e pór tódolos sentidos.

Hainos pequenos e grandes, delgados e máis nutridos, pero todos son interesantes e tamén moi divertidos

Cun libro podes tremer, incluso podes cantar e ata podes chorar, sensacións que non vas esquecer

En vez de ler pola mañá, ou á hora de comer, procura roubar uns minutos á televisión para ler

Ler libros é o mellor, ¡non o dubides, por favor!

J. Miguel Fervenza Casal.

Daniel Vidal Alfárez.

1º Secundaria.


RATOS DE BIBLIOTECA

—MANUEL VIÑAS, MIGUEL MAGDALENA, SANTIAGO LUNA • 2ª SECUNDARIA—

Presentamos ós lectores do Esperpento os cadros de honra para libros e lectores, tomando coma referencia a biblioteca do centro.

| Libro | Nº de veces retirado |
|----------------------------------------|----------------------|
| 1. Mortadelo..... | 77 |
| 2. Asterix..... | 76 |
| 3. Trotamúsicos..... | 33 |
| 4. Tintín..... | 28 |
| 5. Zipi y Zape..... | 26 |
| 6. Hollister..... | 25 |
| 7. Das cousas de Ramón Lamote..... | 21 |
| 8. O misterio dos fillos de Lúa..... | 17 |
| 9. El libro secreto de los gnomos..... | 17 |
| 10. O pequeno Nicolás..... | 15 |
| 11. Las brujas..... | 9 |
| 12. A pantasma de Canterville..... | 7 |

| Lectores | Libros retirados | Curso |
|-----------------------------|------------------|-----------------|
| 1. Pablo Romero Pazos..... | 24 | 2º Secundaria C |
| 2. Manuel Viñas Solla..... | 22 | 2º Secundaria C |
| 3. Katherine Elvira..... | 21 | 1º Secundaria C |
| 4. Sara Ortega..... | 19 | 3º Primaria B |
| 5. Pablo Besada..... | 18 | 3º Primaria B |
| 6. Elisa Besada..... | 18 | 5º Primaria A |
| 7. Cristina Frade..... | 17 | 1º Secundaria A |
| 8. Isabel Domínguez..... | 16 | 5º Primaria A |
| 9. Rubén Pesqueira..... | 15 | 5º Primaria C |
| 10. María Vázquez..... | 14 | 4º Primaria C |
| 11. Adrián García..... | 13 | 1º Secundaria A |
| 12. Oscar Ballesteros..... | 12 | 1º Secundaria A |
| 13. Jorge Casal..... | 12 | 1º Secundaria A |
| 14. Santiago Luna..... | 12 | 2º Secundaria B |
| 15. Carlos Lino..... | 12 | 2º Secundaria B |
| 16. María Amado..... | 11 | 3º Primaria A |
| 17. Iria Argibay..... | 11 | 1º Secundaria A |
| 18. Miguel Magdalena..... | 11 | 2º Secundaria B |
| 19. Laura Fernández..... | 10 | 3º Primaria A |
| 20. Ruth Bensada..... | 10 | 3º Primaria B |
| 21. Javier González..... | 10 | 3º Primaria B |
| 22. Manuel Quiroga..... | 10 | 3º Primaria A |
| 23. Xoel Vázquez..... | 10 | 4º Primaria C |
| 24. Manuel Novás..... | 10 | 5º Primaria C |
| 25. Borja Antonio Toja..... | 10 | 1º Secundaria |



ANIMAIS EN PERIGO DE DESAPARICIÓN

En Galicia hai moitas especies animais a piques de desaparecer debido, na maioría dos casos á influencia do home: caza, destrución dos bosques, contaminación, queima de montes, deforestación, etc.

Algúns animais encóntanse en perigo de desaparición debido á perda das especies vexetais, ou á inversa, fórmase así unha cadea de extinción na que se ven afectados, tanto os vexetais coma os animais. Este tipo de cadeas rematan, en moitos casos coa desaparición completa da especie.

As especies desaparecidas en Galicia son:

O OSO

A vida do oso estímase entre 15 e 30 anos no seu hábitat natural e aínda máis en cativeiro. Ten un sentido do olfato excelente e, aínda que

son necesarios máis estudos, é moi probable que a súa vista e o seu oído sexan comparables ós do can.

O período de xestación destes animais varía entre 6 e 9 meses, nacen de 1 a 4 osiños que por camada cun tamaño diminuto e sen pelo. Os nacementos teñen lugar no inverno no interior da oseira elixida pola nai. A cría permanece coa osa ata a segunda primavera da súa vida, momento no que é rechazado pola súa nai e empeza a levar unha vida independente.

O oso ten un carácter solitario e os lazos familiares só existen entre a femia e as crías.



Oso

A caza do oso aumentou e,

polo tanto, diminuíu o seu número; outra causa de conflito é o descubrimento e a explotación de novas fontes de alimento.

Hai presenza de exemplares en Galicia, procedentes de León e Asturias.

O VOITRE COMÚN


É unha áve de gran tamaño, coa cabeza núa e o peteiro ganchudo. Aliméntase case exclusivamente de carroña e, ás veces, atacan os animais feridos ou recién nados. Para isto, a maioría das especies utiliza o sentido da vista:



Voitre

remontáse e axeca ós outros voitres que descenden para alimentarse. Algunhas das especies teñen o olfacto moi desenrolado e carecen de voz debido á ausencia do órgano de fonación.

O LOBO



Lobo

Un lobo adulto pode medir 1,6 m de longo, incluíndo a cola, e pode pesar hasta 80 kg. A coloración da súa pelaxe adoita ser roxa-amarelenta ou gris-amarelenta, cunhas manchas negras polo dorso e brancas polo peito e a zona ventral.

Os lobos teñen uns dentes moi poderosos, cola peluda e pupilas redondas. Diferéncianse dos cans domésticos en determinadas características dos ósos do cráneo.

Estes animais aliméntanse de veados, rnos, e outros ungulados, aínda que tamén se alimentan de paxaros, lebres ou algúns roedores, normalmente ataca primeiramente ós animais enfermos ou vellos, xa que son mais fáciles de capturar.

O GATO BRAVO

É moi parecido ó gato doméstico, pero algo máis grande, máis robusto e coa cola grosa, curta e peluda. A súa pelaxe é sempre raiada. O



Gato bravo ou montés

gato bravo era moi abundante nos bosques e nas zonas de matogueiras pero agora está case extinguido e é unha especie moi protexida. Unha das causas da súa desaparición é que se está comezando a cruzar esta especie cos gatos domésticos.


O gato bravo é un animal nocturno e solitario. Aliméntase, sobre todo, de roedores, coellos, ras, paxaros, réptiles...

A LONTRA

Ten o corpo alongado, parecido ós dos visóns, pero máis grande; poden medir ata 75 cm de lonxitude, cunha cola que é a metade do corpo, grosa, carnosa e rematada en punta. A cabeza é ancha e aplastada, coas orellas redondas e o fociño, que é chato, ten os orificios nasais

dispostos lateralmente. Tanto as orellas coma os orificios do nariz pódense pechar de forma hermética cando o animal nada. A pelaxe é castaña e moi apreciada pola industria peleiteira.

As lontras viven en madrigueiras nas ribeiras de todo tipo de augas dóces e teñen unha entrada



Lontra

subacuática. Aliméntanse de mamíferos pequenos, paxaros, ras, peixes e cangarexos de río.

O BUFO REAL



Bufo Real

A principal característica dos bufos determinana os seus ollos que son moi grandes e están dirixidos cara a diante e

incorporados nunha cápsula ósea que lles dá unha limitada capacidade de movemento, por iso, teñen que xirar toda a cabeza para mirar ós lados, aínda que o movemento se ve facilitado por un pescozo relativamente longo e flexible, que lles permite xira-la cabeza ata 270°. A maior parte dos bufos posúen uns ollos rodeados cun disco facial de plumas rixidas que dan un aspecto de ócellas.

Dado que poucos bufos capturan as súas presas á luz do día, o seu oído é moi importante. Moitos bufos teñen o cráneo asimétrico, coas aberturas auriculares a diferentes alturas; isto, permíttelles localiza-las súas presas polos ruídos que fan.

A AGUIA REAL

As femiás miden aproximadamente 1 m dende o extremo do pteiro ata o extremo da cola, mentres que os machos son máis pequenos.



Águia real

Unha das características destes animais é a plumaxe da parte inferior das patas. Noutras águas esa zona carece de plumas e ten un aspecto escamoso. A plumaxe do corpo é castaña escura cunha pincelada dourada na parte posterior da cabeza e do pescozo, que dá á especie o seu nome. A cola dos adultos é parda con bandas pálidas. Nas aves xoves é branca cunha banda terminal parda.

A dieta destas aves componse sobre todo de mamíferos, e as súas presas poden ser dende ratos ata cervos. Cando hai escaseza de alimento a águia aliméntase de carroña.

O FALCÓN PEREGRINO



Falcón peregrino

Estes animais miden de 38 a 50 cm e as femiás son maiores cós machos. Os falcóns adultos teñen o dorso dunha cor gris-azulada, son

abrancazados con raias negras pola parte ventral e teñen unha marca prominente en forma de mostacho nos lados da cara. As aves xoves son castañas polo dorso e tostadas polo ventre. A súa forma habitual de cazar consiste en picar a grande velocidade sobre a súa presa matándoa cun golpe dunha das súas patas.

Durante a década dos 60 os falcóns peregrinos víronse gravemente afectados polos pesticidas químicos en boa parte da súa distribución, casi mundial. Os pesticidas afectaron á súa reprodución e chegaron a extinguirse como reprodutores.

A GAIVOTA



TRIDÁCTILA

Mide aproximadamente uns 41 cm. Caracterízanse por ter o dedo traseiro moi curto ou ausente. Son brancas, a excepción do dorso e as ás, grisáceas cos extremos das ás negras. Miden uns 35 cm de

lonxitude. Rara vez se ven preto da costa, excepto na época de reprodución, durante a cal viven en grandes colonias nos cantís. As gaivotas tridáctilas prefiren busca-lo seu alimento mar adentro. Vive a ambos lados do océano Atlántico. En España vive en Galicia e está considerada unha especie rara. Ten o peteiro amarelo verdoso e as patas, os pés e a punta da cola negras.

A LEBRE



É un mamífero cuadrúpedo semellante ó coello, aínda que as súas extremidades posteriores e o seu corpo son máis longas e as orellas maiores. A pelaxe é parda roxiza, excepto na parte ventral abrancazada.

Caracterízase por:

-Bigotes grandes: Negros e cos, os brancos máis grandes.

-Ollos: Laterais, grandes, con pupila horizontal, que le proporcionan un amplo campo de visión.

-Dentes incisivos: Como en tódolos roedores, crecen constantemente, ata o punto de que poderían chegar ós 10 cm anuais se non os desgastasen roendo.

Na planta das patas teñen falsas almofadiñas compostas por pelos duros. As dimensións das lebres oscilan entre os 60 e os 70 cm de lonxitude total, de 7 a 10 cm a cola e de 12 a 13 as orellas. O seu peso oscila entre os 4 e os 5 kg.

O LEIRÓN GRIS

Son mamíferos pequenos (20 cm mais 13 cm da cola), coa pelaxe suave e densa, a cola peluda e longa, as orellas



Leirón gris

grandes e redondeadas, os ollos escuros. Son animais nocturnos e aliméntanse de noces e insectos. Ó chega-lo inverno, hibernan, e en climas

moi fríos a hibernación pode durar ata seis meses. Os liróns fan os niños para pari-las súas crías, en número de catro por camada e, polo xeral, a femia pare dúas camadas por ano.

É un animal depredador aunque se alimenta tamén de insectos e de animais pequenos.

As poboacións están diminuindo pola perda de bosques e refuxios adecuados para goremorse.

PERDIZ CHARRELA



Perdiz charrela

É de menor tamaño cá perdiz rubia (30 cm) e menos redondeada. Caracterízase por te-la cabeza totalmente alaranxada, o peito gris costados barrados de pardo roxizo e unha distintiva mancha castaña en forma de ferradura no baixo peito; patas grises e peteiro amarelo.

Teñen o corpo algo grosso, cola curta e o peteiro pequeno, adaptado á recollida de sementes. Teñen as ás redondeadas e poderosos músculos pectorais que lle permiten os explosivos despegues que realizan para fuxir dos depredadores. Prefiren correr, e soamente voan nas distancias curtas. O seus hábitats varían dende ladeiras rochosas de montaña ó chan dos bosques; unhas poucas pousanse nas árbores.

A ARCEA

A arcea habita nas ladeiras húmidas dos montes, camuflada gracias á semellanza da súa plumaxe co medio.


Alimentanse de vermes, caracois e larvas de mosquitos, etc. para o cal válese do seu peteiro especializado e sensible que se introduce no limo con facilidade. Pode considerarse como ave nocturna, pois soe permanecer en repouso durante o día. Fai o niño cerca da auga e de abril a agosto pon 4 ovos, que chocan durante 20 días; as crías abandonan o niño ás poucas horas de nacer.

O UROGALO

Os urogalos ou pitas do

monte alcanzan unha lonxitude duns 91 cm e poden pesar máis de 5 kg. A plumaxe é negra, con reflexos verdes metalizados no peito; arredor de cada ollo teñen un círculo vermello de pel con intensidade e tamaño que varía co estado de actividade sexual da ave. As femias poden alcanzar unha lonxitude de 30 a 60 cm, son pardas moteadas por riba e pardas roxizas no peito, o círculo de pel arredor do ollo a penas existe e non ten unha función especial coma nos machos. Estas aves viven nos bosques e aliméntanse de bagas, sementes, vermes e insectos durante o verán, e dos brotes dos piñeiros durante o inverno.

O macho é polígamo e pode ter ata 12 compañeiras. As femias fan os niños no chan, poñen entre 6 e 12 ovos.



Urogalo

O ARAO DOS CONS

Estas aves miden aproximadamente uns 41 cm. Son brancos por baixo e negros por riba, teñen as patas e cabeza negras. O peteiro está atravesado por unha liña branca. As "orellas" tamén son brancas. Aliméntanse de peixes, que capturan mergullándose na auga.

Abundan no mar aberto e son escasas na costa, aínda que se encontran nos cantís e nos illotes. Morren moitos a causa das mareas negras.



O SISÓN

Alcanzan os 43 cm de lonxitude. O macho, en plumaxe nupcial, ten a cabeza e o dorso pardos ocracios; a gorxa e a cara grises azuladas; a rexión ventral, branca; as ás posúen unha ampla mancha branca moi visible no voo; a cola é parda e barrada de negro; o colo é moi chamativo, negro cun dobre colar branco que forma ángulo

cara a baixo na parte dianteira e outro cara a riba, ata o pescozo, na traseira, a peituga está cruzada por unha liña negra. A femia, de dorso máis claro e con barras negras, ten amarelenta a parte ventral e carece do colorido do colo do macho. Teñen unha conducta recelosa. Vive en pequenos grupos. En Galicia ocupa unha franxa central que vai de Norte-Sur.

Aliméntase de herbas, sementes e brotes; pero tamén come pequeno animais e insectos, como os saltóns e os grilos.


Ana Yáñez

Ángela Pose

Carmen Paz





María Pérez

1º ESO





CRÓNICA DUN SUCESO ANUNCIADO ¡ ENCORO NON!

—SANTIAGO LUNA · 2º ESO—





Esperpento


C.E.L.P. CAMPOLONGO · 68




NO ANO 2001
O ENCORE QUE-
DOU REMATADO.
DEPOIS DO
PRIMEIRO ANO,
OS PROBLE-
MAS XA
CHEGARON...

CALDAS, CUNTIS E MORAÑA,
ENCHÉRONSE DE NÉBOAS...



E AQUI REMATA A HISTO-
RIA DUN SUCESO ANUNCIADO,
QUE POR CULPA DO PP,
CALDAS, CUNTIS E MORAÑA
QUEDARON BEN AMOLADAS.



A EMPACADORA DE VILABOIA

A "eco"-planta de transferencia de Vilaboa é un proxecto da Xunta para almacena-la vasura de toda Galicia, para despois ir a unha planta incineradora en Cerceda na provincia de A Coruña. Esta planta pretende construírse co obxectivo de substituí-la construída en Vigo hai pouco máis de un ano, que sería derribada.

■ Custos

Neste suposto, o transporte dos R.S.U.(Residuos Sólidos Urbanos) dende Vigo a Vilaboa habería de producirse nos propios vehículos recolectores utilizados na recollida, cun custo adicional de transporte dende Vigo a Vilaboa de entre 3.500- 5.000 ptas/hora; a velocidade media do transporte 60/50 km/h. ; cada hora de transporte significa unha perda de tempo útil da recollida do 15-20 % con respecto a situación actual. Partindo dunha produción anual de 100.000 tm., e un custo de recollida de 6 ptas/kg., a cidade de Vigo tería un incremento de custo en recollida e transporte duns 450-500 millóns de ptas./ano, engadindo un coste estimado de máis de 400 millóns de pesetas que custou construí-la actual planta de Guixar, Vigo.

■ Errores e deficiencias

Estes son algúns dos fallos da Empacadora de Vilaboa:

-Error no Prego de Condicións ó referirse á instrucción para recibir cementos, e facelo en cambio a actualmente derogada.

-O volume de partidas alzadas é agora a metade do presuposto.

-O proxecto aparece sen o preceptivo visado do correspondente colexio profesional.

-Os planos e o cadro de prezos aparecen sen firma nin identificación do autor, constituíndo unha determinante carencia para a validez do "suposto" proxecto.

-Carencia de Estudio de Seguridade e Saúde Laboral, así como Estudio xeotécnico, obrigatorios para este proxecto de máis de 200 millóns de pesetas.

-Inadecuada suxeición da protección contra incendios á normativa derogada.

Xose Luís Fortes e Fco. Xavier Centeno. 2º Secundaria.

A ría de Pontevedra,
pasado e presente,
posúe unha historia
non moi recente.

Vida e cultura;
pesca e navegación,
mariscos moi ricos,
coma a ameixa e o mexillón.

¡Ría, ría de Pontevedra,
ría do meu cantar!
Ría que che quero tanto
que ata nos fas bailar.

A RÍA DE PONTEVEDRA


—COLECTIVO 6º PRIMARIA—

A ría de Pontevedra
é máxica e dá algo de noxo,
aínda que a están limpando
gústame, gústame moito.

A nosa ría de Pontevedra
podería se-lo noso orgullo,
e por estar contaminada
non ten ningún gusto.

Xa sabemos que o Lérez
está contaminado
pero aínda así é fermoso
e ten asquerosos pescados.

Queridos turistas,
algo estades perdendo,
é a ría de Pontevedra
que non estades vendo.




UN MONUMENTO HISTÓRICO A CONSTRUCCIÓN DA CAPELA DA VIRXE DA PEREGRINA


O templo da Peregrina, auténtico símbolo da cidade nos nosos días, é de construción bastante tardía. Todo comezou en 1.757, co nacemento dunha nova confraría relixiosa baixo a advocación da Nosa Señora do Camiño. Isto, aparentemente sen menor transcendencia, acabou derivando nunha fonte de problemas e enfrontamentos con outra congregación máis antiga e que adoraba á mesma Virxe, de gran tradición e devoción na vila. Ante a posibilidade de compartir esmolos e labores de culto, as autoridades optaron por unha solución salomónica, convidando ós novos cofrades a escoller outra capela das xa existentes ou construír unha nova. Esta derradeira opción foi a preferida. Solicitados os terreos, o Concello concedéulle-los que estaban inmediatamente ó lado da Porta de Trabancas e pola parte externa das murallas, entrando de cheo no "Camiño Portugués". A nova advocación escollida viña ser unha nova versión da antiga; a Virxe que, segundo a tradición, guiaba ós peregrinos que viñan do Sur ou desembarcaban en Baiona camiño de Compostela. Os planos

do novo templo, de moi orixinal deseño de planta cunha espectacular e ideal forma de vieira, foron realizados por Antonio Sante, Sarxento do Reximieto de Milicias, e as obras do mesmo comezaron en 1.777, pero diversos contratemplos, coma a Guerra da Independencia, foron retrasando a súa consecución ata ben comenzado o século XIX. É un exemplar extraordinario do barroco galego.

Por: Miguel Magdalena Arias 2º
Secundaria.



UN MONUMENTO HISTÓRICO



VIDA URBANA

A vida urbana en Pontevedra a penas difire das restantes capitais de provincia españolas. Caracterízase por un uso intenso das rúas e os espazos comunais.

A cidade desempeña ó mesmo tempo diversas funcións: é un centro comercial, industrial, de lecer e burocrático, e tamén é un lugar de residencia proporcionando vivenda a grande número de persoas nun espazo relativamente reducido. Todas estas funcións están centradas nas rúas, que son dominio dos transeúntes (agás as rúas sobrecargadas de tráfico, que forman parte da trama das rúas principais de transporte rexional).

Esta combinación de actividades fai que os espazos públicos se utilicen continuamente, o que vela pola seguridade dos cidadáns, xa que a vida nocturna segue ata moi avanzada a noite.

Un dos principais factores da determinación da situación da vivenda ante os cidadáns é a cercanía ós centros de traballo; o aforro de enerxía no transporte é unha prioridade, xa que, pola contra dos habitantes do campo, a súa economía depende totalmente da cidade.

Implicacións na paisaxe.


O senso de veciñanza está moi desenvolvido en Pontevedra, debido ó pequeno tamaño das súas comunidades individuais. O deseño de espazos e o seu grandor desenvolvéronse de acordo con isto, pois evolucionan naturalmente a partir dos entramados antigos que se foron axustando a usos máis intensos. O tamaño das rúas está en correspondencia coa súa utilización predominante peonal.

A maior parte de actividade ten lugar na planta baixa dos edificios, con conexión directa coas rúas, tanto na

cidade (tendas e industrias pequenas ou obradoiros), como no campo (cortes e cuartos para o almacenamento de ferramenta e trebellos). A elevada densidade de construción mantén unha demanda alta de plantas baixas, que exclúe a súa utilización para fins residenciais.

Os edificios distínguense polos seus usos máis que pola súa aparencia física. A maior parte das residencias están sobre as tendas, que serven como puntos de referencia xeográfica. Isto é o resultado da proximidade das casas entre si, así como da complexidade do entramado urbano.

Fernando Martínez Sarandeses.
Arquitectura vernácula en Pontevedra.
COAG, 1982.



HISTORIA DE PONTEVEDRA

“Os primeiros tempos de Pontevedra son descoñecidos. A fábula atribúe a súa fundación a Teucro, fillo de Telemón que, despois da guerra de Troia, abandona Grecia e cruzando o estreito **Fretum Herculium** segue a costa ibérica e detense na nosa ría, abraiado da súa beleza, e funda a primitiva Pontevedra, a **cidade de Helenes**, alá polo ano 1525 antes da era vulgar.

Escritores gregos e romanos asignaran a Pontevedra orixe grega, e tan admitido está isto pola tradición, que foi consagrado solemnemente nun monumento que podemos chamar histórico: a famosa inscrición da fachada da antiga Casa Consistorial de Pontevedra, cunha primeira estrofa que di así:

“Fundote Teucro valiente
de aqueste río a la orilla,
para que en España fueses,
de villas, la maravilla.”

Esta lenda da orixe grega de Pontevedra non podemos nin debemos rexeitala en absoluto, pois ten algúns fundamentos. **Helenes** chámana Estrabón e Troque Pompeyo, e Helenes chámana Plinio, que a denomina tamén **Grecorum sobolis omnia**.

González Zúñiga di que o nome de **Tenlo**, que recibiu sempre o apéndice da illa de **Tambo**, sobre o que actualmente se ergue o faro, foi dado á illa por Teucro, en honor do seu pai **Telemón**; e o P. Sarmiento cre que este nome de Teucro debe se-lo primitivo da illa, corrompido despois en **Tenlo** e **Tambo**.

Murguía, en cambio, impugna a tradición da orixe grega de Pontevedra, e no seu firme celtismo afirma que esta tradición non ten maior apoio “que o que lle prestan os antigos xeógrafos, non sempre ben informados nin sempre ben entendidos polos modernos que, tomando ós **celenos** por **helenos**, fixeron dunha tribo céltica un pobo grego.”

García de la Riega di que para el non hobo tal cidade de **Helenes** senón

que este é un dos moitos casos en que a un conxunto de pobos se chamou cidade, porque “ningún dos escritores que refiren a conquista de Galicia polos romanos, nin xeógrafos tan importantes como Plinio Mela e Ptolomeo a mencionan, limitándose o primeiro a consignar “pobos helenos”, como pertencentes ó convento xurídico bracarense e de estirpe grega.”

Estrabón, en troques, consigna a devandita cidade e Justino cita a lenda de Teucro, ó que considera fundador daquela.

Deixemos, pois, a fábula na súa escuridade, da que en van pretenderíamos sacala coas nosas forzas; respectémo-lo helenismo duns e o celtismo doutros, e consignemos que “son efímeros e nus de xustificantes o poder e a dominación dos gregos en Galicia”

A conxetura

Deixando a un lado a lenda, e por conseguinte o feito de se Helenes foi unha cidade ou unha comarca, vemos con que entidade de poboación primaria podemos identificar Pontevedra.

Hai, para facelo así, unha discutida referencia: o texto de Pomponio Melana na obra **De situ Orbis**: “a mesma dobradura (do mar) que rodea a cidade Lambriaca recibe o río Laeron e Viam”.

O texto non ofrece ó noso xuízo dúbida ningunha. Trátase dunha flexión do mar que rodea unha cidade e nese anaco de mar ou ría desembocan dous ríos. Haberá, pois, que busca-la cidade alí onde se dean estas circunstancias.

Tódolos datos apuntados réunense expresamente no solar que ocupa Pontevedra, porque aquí están os ríos Lérez e Alba, que son segurament o **Laeron** e o **Viam**, citados por Mela, e porque eses dous ríos desembocan na **mesma dobradura do mar que rodea a cidade** e que máis aínda deben rodeala nos tempos en que el escribía, porque

HISTORIA DE PONTEVEDRA

entón o mar penetraba máis no interior que agora.

García de la Riega di na súa obra **Galicia Antigua**:

“Non debe estrañar que Mela consignase os nomes de ámbolos ríos Lerez e Veán (denominación que aínda lle dan os veciños de Berducido e Cerponzóns ó río Alba) para puntualizar a cidade Lambriaca. O mesmo exactamente fixo, séculos adiante, o historiador árabe Ben-Adzari ó referir a expedición de Almanzor a Santiago, citando os ríos Illerk e Elba, que as hostes mouriscas pasaron en Pontevedra por dous vados.”

Se, pois, existen dous ríos que primitivamente se chamaron Laeron e Viam ou Beam e a dobradura de mar onde desangan eses ríos rodea a unha cidade, ¿por qué ir buscar Lambriaca a ningunha outra parte e porque non identificala definitivamente con Pontevedra?

Desta opinión son, ademais, o P. Sarmiento, González Zúñiga, o P. Fitadón Aureliano Fernández Guerra e outros escritores, que consideran que non foi outra que Pontevedra a Lambriaca conquistada e destruída por Junio Bruto (Gallaecus) no ano 137 antes de Cristo.

A etimoloxía

Entremos xa nos antecedentes históricos, sen saír por iso plenamente da conxuntura.

Cercada a cidade polo perseguidor das hostes de Viriato, as lexións romanas obrigaron ós veciños a desaloxala e logo destruírona, apoderándose do tesouro veciñal.

Debeu ficar entón Lambriaca reducida a un pequeno burgo; pero as circunstancias do seu porto e a súa magnífica situación deberon ser causa de que pronto fose reedificada, o que permitiu que se incluíse no **Itinerario** de Antonino (século III despois de Cristo) co nome de **Ad Duos Pontes**.

Na **Historia de Pontevedra**, de González Zúñiga, atopamos este parágrafo: “No ano 1831, compoñendo uns canteiros a rúa que chamaban da

Ponte noutro tempo e hoxe Real, que dá entrada á cidade pola ponte chamada do Burgo, atoparon naquela paraxe dous arcos dunha ponte antiga que alí está terraplenada, que deixaron no mesmo estado. ¿Será esta ponte antiga da que Pontevedra tomou o nome que hoxe ten?

Este descubrimento encerra, no noso concepto, a clave do por que Pontevedra ten sido chamada **Duos Pontes**. Cremos que esta denominación obedece á existencia de dúas pontes, unha a continuación da outra: a actual do Burgo e a que había no lugar onde eses arcos foron atopados e que chegaba, quizais, ata preto da actual rúa Real.

Ponte Veteris

Vexáanse algunhas versións que do seu nome dan algúns autores:

González Zúñiga: “A voz **vedra** ten a súa natural derivación de vetera, cousa antiga ou vella, e así chamamos ós soldados vellos veteranos, ós homes ancianos **vedraños** e na antiga lingua galega **omes vedrayos**, sendo derivados tamén desta mesma voz: Torres Vedra, Fonte Vedra, Santa Baia de Vedra, Saavedra, etc.” “Algúns autores din que, coñecendo os reis suevos de Galicia a súa antigüidade (a de Pontevedra), en canto a reedificaron chamárona **Vedra**, como quen di vella (de vetis), e despois, con alusión á súa antiga e famosa ponte, nomeouse **Vedra Ponte**, voz composta que, invertida ou cambiada, deu lugar despois a Pontevedra.”

P. Sarmiento: “Xa dixen que por haber no mesmo sitio unha ponte vella ou vetera chamouse a vila Pontevedra... significando **vedra**, vella, de **vetera**.”

Murguía: “Cumpriu chegar ó ano 1141 para tropezar cunha escritura desta data, pertencente ó mosteiro de Lerez, e ler nela as seguintes palabras: inde per medium flumen Pontis Veteri, usque cum lorum cuo Elva intrat in Lerz.”

Vimos xa as distintas opinións do que foi ou puido ser a Pontevedra dos tempos primitivos.

Desde a posibilidade de ser un pequeno burgo céltico ó amparo do seu castro, como quere Murguía; ata a

HISTORIA DE PONTEVEDRA

probabilidade dunha colonia grega entrevista na fabulosa Helenes, ou concretada na realidade de Lambriaca; desde a mansión romana de Duos Pontes ata a verosimilitude dunha poboación sueva reedificada, como di González

Zúñiga:... nada hai fixo nin determinado. Só empeza esta determinación ó chegar ó **Pontis veteris** do documento do mosteiro de Lérez, que da orixe ó nome da actual cidade.

Geografía General del Reino de Galicia

GERARDO ÁLVAREZ LIMESÉS

SERRA DO XURÉS


Declarada Parque Natural en febreiro do 92, encóntrase fronte ó Parque Nacional de Peneda-Gerés, que está nos concellos de Lobios e Muíños na provincia de Ourense. Localízase nunha serra granítica de considerable altitude na que o seu maior pico ten 1.500 m de altitude, e carece case por completo de superficie arbórea, xa que foi eliminada polo forte pastoreo e mais polo lume. Arestora necesita unha importante plantación de árbores autóctonas, xa que se está a producir unha forte erosión.

Vegetación: Nas zonas máis escarpadas quedan pequenas carballeiras con algúns castiñeiros. Pero o máis importante destas terras son os restos de acivros e teixos que aínda persisten nos barrancos inaccesibles ó lume e inservibles para o pastoreo, restos das antigas riquezas arbóreas destes lugares. Tamén podemos encontrar pequenos restos de especies moi raras ou únicas do noso país coma o acerceiro, de lugares normalmente máis cálidos e a *Amelanchier ovalis* Medicus representante das macciras bravas que nesta provincia só se dan aquí e á beira do Bibeí. Tamén

encontramos mato con especies coma o toxo, a carqueixa e o *Iris boissieri*, que se dan na Serra do Courel, na Serra de Oribio e aquí.

Fauna: Aquí os animais existentes veñen de paso xa que se dirixen cara a Peneda-Gerés, tal coma o lobo que ten aquí algunha poboación autóctona, o corzo, a aguiá real, a curuxa de bosque e o merlo azul. Entre os réptiles vémo-la lagartixa galega, a lagartixa dos penedos e a víbora fociñuda.

Manuel Viñas Solla 2º Secundaria



PONTEVEDRA

PONTEVEDRA, en conxunto, responde realmente á denominación de cidade magnífica, pois algúns dos seus edificios, especialmente os conventos, non teñen igual en España nin en Italia. Está cercada por unha muralla e érguese no extremo dunha enseada na que desemboca o río Lérez. Dise que foi fundada por unha colonia grega, o caudillo da cal era nada menos que Tencer ou Telemonián. Noutros tempos foi un punto sumamente comercial, e preto do seu porto poden observarse os restos dun faro ó que se atribúe unha gran antigüidade. Non obstante, o porto está a considerable distancia da cidade e ten pouco calado. As inmediacións de Pontevedra son moi fermosas, e abundan os froitos de toda sorte, sobre todo en viñedos que cando é o tempo penduran das parras con gran exuberancia. Un vello autor andaluz ten dito que aqueles contornos producen tantos laranxeiros e limoeiros coma os de Córdoba. Mais as súas laranxas non son boas e de xeito algún poden competir coas de Andalucía. Os nativos alardean de que a súa provincia produce dúas colleitas ó ano e que durante o tempo que recollen unha, aran e labran a outra. Poden sentirse moi orgullosos do seu país, que foi certamente favorecido pola natureza.

A propia cidade está en acusada decadencia, e pese á suntuosidade dos seus edificios públicos, atopamos nela maior suciedade e miseria ca no resto de Galicia. A pousada tiña mísero aspecto, e para colmo das desditas, a pousadeira unha muller sumamente grunona.

¿Donde vive el notario público? preguntete.

A este personaxe, que vendía libros, fun recomendado por meu amigo de Santiago de Compostela. Un rapaz

levoume á casa do notario, que se chamaba señor García. Era un home baixiño, activo e parlanchín, duns corenta anos.

Eran as seis da tarde e entón o señor García levoume a unha pastelería onde me obsequiou cun xeadado e unha taciña de chocolate. Ó saír fomos dar unha volta pola cidade e el foime mostrando varios edificios facéndome notar en particular o Convento dos Xesuítas.

—Vexa vostede este frontal, ¿que lle parece?

Expreséi a miña sincera admiración e con elo gañei por completo o corazón do bo notario.

—¿Supoño que en Vigo non deben ter nada parecido?— dixeran.

Miroume por uns instantes, chiscou o ollo, deixou escapar unha risiña triunfal e empezou a andar a paso moi rápido. O señor García ía ataviado ata o último detalle coma un notario inglés: sombreiro branco, levita marrón, calzóns apardazados abrochados nos xeonllos, medias brancas e zapatos relucintes.

Pero xamais vin un notario inglés andar tan de présa; dificilmente podería chamárselle andar, mellor parecía unha sucesión de pasos axigantados. Érame imposible segui-lo.

—¿A onde me leva vostede?— dixeran finalmente, ampeando.

—Á casa do home máis sabio de España —respondeume—, a quen quero presentarlle.

Porque, non vaia vostede supor que en Pontevedra só podemos alardear de espléndidos edificios e fermosa campiña. Pontevedra produce as máis ilustres intelixencias que calquera outra cidade española.

De "La Biblia en España".
GEORGE BORROW.

O T A B A C O

TABACO E SOCIEDADE

Fumar é un costume frecuente para moitos dende os 16 anos en diante. O tabaco ataca coa publicidade, na prensa e na televisión.

As distintas marcas lanzan anuncios moi lucidos nos que aparece alguén dicindo que o tabaco é enerxético e revaloriza o corpo.

A xente mércao para darlle unhas caladiñas, despois dos aperitivos e das comidas. Na prensa aparece xente moi leda ou disfrutando da marca do tabaco. Hai ditos que invitan á xente a consumilo: "O adicto é o amigo do tabaco, se adicto". Outros preveñen contra el: "Se antes queres morrer, tabaco has de consumir". Tamén no paquete de tabaco: "As autoridades sanitarias advirten que este produto é prexudicial para a saúde".

Tabaco é o nome común de dúas plantas solanáceas cultivadas polas súas follas que, unha vez curadas, fúmanse, máscanse ou aspiranse en forma de rapé. A especie máis cultivada alcanza entre un e tres metros de altura e produce de dez a vinte follas anchas e alternas que brotan dun talo central. Conteñen un alcaloide, a nicotina. É tóxica e pode producir alteracións no aparello circulatorio e nos pulmóns do ser humano. En ocasións utilízanlo como insecticida.

HISTORIA

O tabaco é unha planta orixinaria do continente americano. Segundo observou Cristovo Colón, os indíxenas do Caribe fumaban o tabaco valéndose dunha cana en forma de pipa chamada tobago, de onde deriva o nome da planta. Ó parecer atribuíanlle propiedades medicinais e usábano nas súas cerimonias. En 1510, Francisco Hernández de Toledo trouxo a semente a España, 50 anos despois introduciuna en Francia Jean Nicot, ó que se lle debe o nome nicotiana. En 1585 levouno a Inglaterra o navegante Francis Drake; o explorador inglés Walter Raleigh iniciou na corte isabelina o costume de fuma-lo tabaco en pipa ou cachimba. O novo produto difundíuse rapidamente por Europa e Rusia, e no século XVII chegou a China, Xapón e á costa occidental de África.

España monopolizou o comercio do tabaco, estableceu en 1634 o estanco para Castela e León, réxime que en 1707 se ampliou a tódolos territorios da coroa, acompañado da prohibición de cultivala planta na península para facilita-lo control na alfándega. A extensión de estado de Cuba, onde tiña lugar grande parte da produción, provocou numerosas revoltas e en 1735 España cedeu a explotación á compañía Habana. A América colonial de fala inglesa converteuse no primeiro produtor mundial de tabaco; o cultivo iniciouse en

Jamestown, onde xa en 1615 a planta medraba en xardíns, campos e ata nas rúas; en pouco tempo converteuse no produto agrícola básico e no principal medio de cambio da colonia. En 1776, o cultivo estendeuse ata Carolina do Norte e chegou polo oeste ata Missouri. Polo 1864, un agricultor de Ohío obtivo por casualidade unha cepa deficiente en clorofila que recibiu o nome de burley branco e acabou por converterse no ingrediente principal das mesturas de picadura americana, sobre todo a partir da invención en 1881 da máquina de elaborar cigarros.

PRODUCCIÓN

Cultívase o tabaco nuns 120 países de condicións climatolóxicas diferentes que chegan polo norte ata uns 50° de latitude. Os mellores labores comerciais fabricáronse co produto obtido en certas rexións que dedican moita atención e traballo ó seu cultivo.

As distintas cepas - como as destinadas á produción de picadura Maryland ou burley para cigarros e de tripa, capela e capa para cigarros puros - transplántanse das caixoneiras frías onde crecen no campo; cada tipo esixe un réxime especial de rego e aplicación de fertilizante. Para obte-las follas grandes e delgadas coas que se elabora a capa dos puros esténdense sobre os campos grandes cubertas de tea de saco (costal). Co fin de favorecer-lo crecemento das follas maiores, as plantas desmóchanse antes da floración.


TABACO E SAÚDE

Numerosos estudos médicos vincularon o consumo de tabaco co cancro de pulmón, as afeccións vasculares de corazón, o enfisema e outras enfermidades; todo isto levou a moitos países a financiar intensas campañas orientadas a restrinxi-lo uso e a venda de tabaco. En xeral, o consumo diminuíu en Occidente, aínda que aumentou entre as mulleres dos países do sur de Europa. Un regulamento do GATT (Acordo Xeral sobre Aranceis e Comercio) autoriza ós países asinantes a "considera-la saúde humana máis importante cá liberación do comercio", pero o comercio internacional de tabaco segue crescendo a bo ritmo. Nos países en desenvolvemento o consumo aumenta a razón do 2 % anual.

Borja Rodriguez Nogueiras
Borja Peña Díaz
Sergio Gálvez Torrente
Iago Rodriguez Pérez
José A. Rodriguez Otero

1º B de Secundaria





RELATO DENDE UN OITAVO

Encontrábame no peitoril da fiestra disposto a saltar. Non sei nin como nin porque cheguei alí. Só sei que unha forza interior me impulsaba a saltar.

Respirei fondo, e, sen pensalo dúas veces, dei un paso cara ó baleiro.

Via como a película da miña vida pasaba por diante dos meus ollos. Aínda que só durou uns segundos, fíxoseme interminable.

Os bombeiros chegaron. Non sei quen os avisara. Tentaban salvarme a vida, crían que me facían un favor. Non se daban conta de que cando alguén desexa morrer ninguén pode detelo.

O aire azoutaba a miña cara. Non me arrepentin de nada que fixera. Só sentía medo polos meus fillos. ¿Qué sería deles?

Os bombeiros nada puideron facer. Chegara ó chan e o pesadelo rematou.

ESTABA MORTO.

LETICIA FERNANDEZ CARBALLO.

CRISTINA FRADE AVENDAÑO.

O ruído:

Soan as campás, ó lonxe,
nunha igrexa.

Tintelean cun ruído coñecido,
elas anuncian
algo que a percibiron.

O vento móveas con ansia,
as árbores empúxanas,
o po invádeas,
o temor estrúgaas.

Soan doce campanadas,
a noite está escura,
as estrelas sorrintes
e a lúa tremebunda.

-¡Gústame!- dixo unha campá para si.
non hai como que te movan
e ti ó mundo sorrir
non hai como que te miren
e ti estar quedo aquí.

A campá que a acompaña,
está triste e desconsolada,
non lle gusta que a toquen,
pois séntese moi pesada.

As árbores ó darse conta,
dispónense a parar,
pero o vento que a marea,
non o pode evitar.

Á mañá seguinte,
todos contentos están,
as campás soan alegres,
e o bosque tranquilo xa.

Inés Martínez Blanco
6º Curso de Primaria

A CASA DOS CAMBIOS

Ó entrar na casa encontrei unha revista de hai cincuenta anos, eu non lle dei importancia. Andei pola casa e ía vendo cadros de Reis, ó pasar dúas horas saín da casa e fun ver que había detrás e vin un gran xardín de rosas cun espacío cheo de bancos, atrás corría un río.

Aquilo pareceume moi raro, unha casa en ruínas cun xardín precioso, pensaba que estaba soñando. Ó día seguinte conteillo ós meus amigos, describinlle todo, así que decidimos volver a aquela casa.


Cando chegamos un dos meus amigos dixo que escoitara que aquela casa estaba encantada e decidiu non entrar. Nós, con valentía, non lle fixemos caso e entramos. Ó chegar todo parecía normal, pero nunha das cousas nas que me fixei era que xa non había nin os cadros, nin o xardín, nin sequera os bancos e o río. Pensaba que onte o imaxinara, pero non foi así porque todo cambiara de sitio. Comenteille isto ós meus compañeiros e decidimos investigar. Ó entrar nunha das habitacións encontramos restos humanos e metímolos nun saco, pensamos que esta sería unha proba, pero quixemos facer máis investigacións. Por sorte Maite, unha das miñas compañeiras levaba unha cámara de fotos e de todo aquilo que se

cambiara faciamos fotos: ¡isto xa nos chegaba. As fotos levounas Maite e Patricia a revelar mentres Paola, Raquel e mais eu levámo-los ósos á forense.

Ós dous días chegaron as fotos e os resultados dos ósos. Nós levamos unha sorpresa, os ósos pertencían a unha familia de príncipes asasinados había cen anos. Algo que non comprendía foi o da revista, se os príncipes morreran cen anos antes, e a revista era de cincuenta anos ¿como podía estar alí?

Meu pai, que nos escoitara, díxonos que había cincuenta anos foran vivir uns herdeiros desta familia, que llo contara o seu avó. Eu díxenlle o dos cambios, e iso mesmo estábese preguntando el. Un investigador díxonos que eran visións pero o do xardín era verdade; o que pasaba era que había dous xardíns. Ó final a casa converteuse nun museo, onde se expoñían as pertenzas dos príncipes.

María Fontán Sueiro
1º Secundaria



A CRIADA NOVA

-Bárbara: Criada, criada.

-Paula: ¿Mande?

-Bárbara: ¡Vou traer unha venezolana! E quero que me fagas todas estas cousas: Bótalle cera ó chan, fai café e bótalle dúas gotiñas de limón, leva o pis do neno ó médico e fai tostadas con manteiga.
¡A ver, repíteme todo o que che dixer!

-Paula: Que faga café e que lle bote dúas gotiñas de limón, que faga tostadas con manteiga, que lle bote cera ó chan e que leve o pis do neno ó médico.

-Bárbara: Voume busca-la miña amiga venezolana. Ata logo, non me fagas unha falcatruada coma a última vez.

-Inés: Vou ir á farmacia.

Na farmacia, a farmacéutica Sara:

-Sara: ¡Ola, bos días! ¿Quere algo?

-Inés: Dáme, por favor, unha venda normal e un bote de pímulas LIZIPAINA.

-Sara: Aquí ten.

-Inés: ¿Canto é?

-Sara: Cincocentas pesetas.

-Inés: Teña, ata logo.

Na casa de Inés:

-Bárbara: DIN-DON.

-Inés: ¿Quen é?

-Bárbara: Son Bárbara, a veciña do lado.

-Inés: ¡Ola! ¿Queres algo?

-Bárbara: Viña invitarte a tomar un café á miña casa.

-Inés: Vale, agora mesmo vou. Ala, xa estou, imos aló.

-Bárbara: ¡De acordo!

Inés: ¡Ai, as chaves!

Chegan á casa de Bárbara:

-Paula: A ver, manteiga ó chan, cera ás tostadas, dúas gotiñas de pis do neno ó café e o limón do neno ó médico.

Chegan á casa de Bárbara:

-Inés e Bárbara: DIN-DON.

-Paula: ¡Ola! Benvidas, ¿Queren xa o café?

-Inés: ¡Queremos!

-Bárbara: Entremos ó salón grande.

-Inés: ¡Aaaaaaaaaahhhhhhhh! ¡Pum! (Inés cac ó chan)

-Bárbara: A ver que che axudo. ¡Pum!(Cac Bárbara tamén)

-Paula: Déame a man.

-Inés: O café está moi rico pero non quero máis.

-Bárbara: ¡Puag! ¡Vaia asco! ¿Botástelle algo ó café?

-Paula: Si, dúas gotiñas de pis.

-Inés e Bárbara: ¿Cooooooooooooooooo?

-Bárbara: ¿E o limón?

-Paula: No médico.

-Bárbara: Vou ver se está.

-Paula: Mentres, vou prepara-las tostadas.

-Inés: ¡De acordo!

-Bárbara: DIN-DON. ¡Non estaba!

-Inés: ¡Oohhhhhh!

-Paula: Tomen as tostadas.

Inés e Bárbara: Están moi ricas pero non queremos máis. ¡Oe! ¿Ó chan que lle botaches para que caeramos tan facilmente?

-*Bárbara*: Iso, iso.

-*Paula*: Manteiga.

-*Inés e Bárbara*: (Abraíadas e anoxadas) Xa, xa.

-*Bárbara*: ¿ E as tostadas? ¡Non me dirás agora que lle botáches cera!

-*Paula*: Pois si, señorita. ¿Non era iso o que me dixo?

-*Bárbara*: NON.

-*Inés*: Bo, eu voume, ata outro día.

Uns días máis adiante:

-*Paula*: ¿Quere que vaia busca-la veciña de novo?

-*Bárbara*: Si e rápido, dista vez preparo todo eu.

Na casa de Inés:

Paula: ¡Ola, veciña! ¿ Podería vir á nosa casa?

-*Inés*: Si, encantada.

De novo na casa de Bárbara:

-*Paula e Inés*: DIN-DON.

-*Bárbara*: Ola, ¿ Como vas?

-*Inés*: Moi ben.

-*Sara*: DIN-DON. Vefio traérvo-lo limón.

-*Bárbara*: Gracias, quedese a tomar un café...

-*Sara*: Está ben.

AUTORAS E ACTRICES DE 6º C.:

PAULA, SARA, BÁRBARA E INÉS.

A COR DO INVERNO

Mirei pola ventá da miña casa,
estaba xeada, había frío,
o inverno chegou á vila de súpeto,
a neve dálle unha cor bonita.

Os árbores íspeas o vento,
el non ten nin piedade
e coa chuvia que pega sen parar
máis fina que calquera fío.

—YOLANDA • 6º PRIMARIA—

A CARTA

Vin a unha nena escribir,
pareceume unha carta,
a pluma sulca o papel
coma dous fíos de prata.

¡Que bonita despedida
tan ben asinada!
Sobre a cor pálida de papel
que xura estar feito de nácar.

A PARODIA ESCOLAR

¡Ola, meus amigos lectores!
queríavos unha cousa dicir:
a escola está máis ben regular
e isto non é para rir.

Están de seguido rompe que rompe,
están de seguido a roubar,
a ver se cun pouco de sorte
alguén o pode remediar.

Señor concelleiro de educación,
os valados sáltanse. ¡Faga o favor!
non queremos que poña máis,
¡poña alarmas polo ben de nós!

Primeiro rompe unha cousa,
logo cae un cristal,
a ver se van arreglando as cousas,
porque un día ímonos matar.

Ben, señores,
o escrito escrito está
E eu xa me despido,
porque alguén caso me fará.

OS MORCEGOS VOAN Á MEDIA NOITE

—BEGOÑA LORENZO, PATRICIA GARCIA • 2º SEC.—

Era unha noite escura, pero vía-la lúa brillar con moita intensidade. Aquela noite os nenos dos Banks estaban sos no cemiterio. Aquela paisaxe era arrepianante pero eles non tífan medo, xa que eran moi valentes, e xa planearan aquela visita. Corrían entre as lápidas xa algo ennegrecidas polo tempo, cando viron que non estaban sos, había alguén máis pero... ¿Quen era?, iso non se sabía. Decidiron acercarse e cando xa estaban preto, aquela sinistra personaxe, emitiu un berro calafriante, en seguida descubriron que se trataba da Santa Compañía. Pronto palideceron e non foron quen de berrar nin de saír correndo. A Santa Compañía achegouse a eles e, non se sabe como, os nenos que parecían hipnotizados, fóronse levantando un por un e seguiron á Santa Compañía a través do cemiterio. Ó chegar a unha das lápidas, esta abriuse e foron conducidos ó tenebroso mundo de ultratumba e nunca máis os volveron a ver. A Santa Compañía conducira unha vez máis ás súas vítimas ata a fin das súas vidas, é dicir, á morte.



A NAI

A persoa que máis quero
é a miña nai.
¡É moi boa comigo
é a mellor que hai!

Ás veces ríffannos,
é polo noso ben
porque todos sabemos
que nos queren tamén.

Eu quero moito á miña nai
porque é quen me coida
e quen máis me mima,
ela foi quen me deu a vida.

Todos debemos querelas
por unha simple razón:
porque elas tamén nos queren
con todo o seu corazón.

Sen elas nós non teríamos
nin vida, nin corazón,
porque elas nos deron
todo o seu amor.

Debemos estar felices
Porque temos unha nai
Non coma outros nenos
que non teñen nai nin pai.

Cecilia Pérez González.
6º Primaria.

—REBECA • 6º PRIMARIA—

O mellor agasallo

A nai ten un día moi especial
na que a familia regalos lle fai.
A nai encantada
abre os regalos entusiasmada.

Unha pulseira, un colar
há moitas cousas que regalar,
pero nada é tan especial
como o amor que ti lle dás.

A NAI

A nai ten que aguantarnos nove meses na súa barriga e nós aínda enriba, dámoslle patadas, poñémola gorda...

Agora en serio, a nai é alguén especial, que nos coida, que nos fai de comer e é a persoa que máis, máis, máis nos quere en todo o mundo.

Ás veces soño que morre a miña nai, non sei por que, pero nese soño sintome a persoa máis desgraciada do mundo, pero á mañá, cando desperto, e vexo a miña nai, éntrame unha sensación de alegría indescribible, e vou xunto a ela e empezo a bicala.

Se cun só soño me sinto a persoa máis desgraciada do mundo, non podoo nin imaxinar como o pasarán os nenos e as nenas que non teñen nai.

Tampouco hai que esquecer ós pais, que tamén nos queren moito, pero isto é unha homenaxe ás nais.

Damián Fernández. 6º Primaria

MIÑA NAICIÑA

Tódolos días pola mañá
o meu ser máis querido vexo.
¡Ai, miña naiciña!
¡Ai, como me queres!

Cando eu era miudiña,
a miña nai sempre me estaba a coidar.
Aínda cando estaba enfermiña
ela ó meu carón me estaba a mimar.

O primeiro domingo de maio
é un día moi especial
porque é o día sinalado para dicirle a
miña nai: ¡Es xenial!

Agora a poesía hei de rematar,
pero non sen antes dar por explicado
que aunque hai un día marcado
eu, a miña nai, quéroa todo o ano.

Ana Dámaris Fernández
6º Primaria

AS FORMIGAS TRABALLADORAS

Estabamos miña nai e mais eu paseando por un parque moi bonito de A Toxa, cando vimos que un anaco de pastel se movía lentamente por un camiño; paramos a mirar de que se trataba, agachámonos e observamos como un montón de formigas tiraban cun esforzo moi grande do anaco de pastel; seguimos mirando e atopámo-lo seu formigueiro, aínda lle faltaba un bo trozo para chegar, collémo-lo anaco do pastel, acercámosllelo




e tódalas formigas detrás o seguían de présa. Esfrangullámo-lo pastel e vimos como cada formiga levaba a súa ración ó formigueiro moi despaciño.

Unhas pasaban as frangullas desde arriba e outras esperaban no bordo e recollían as que lle mandaban as súas compañeiras, ata que lentamente desapareceron tódalas frangullas do camiño.

Fátima Martínez Gómez. 4º Primaria

FLORINDO E VESPASIANO

EN BUSCA DE
GOLEARDINHO




SECUSTRAMOS
A GOLEAR-
DINHO, PO LO
QUE NON PO-
DERÁ DEBU-
TAR HOXE.




Esperpento

C.E.I.P. CAMPOLONGO · 86




Esperpento

C.E.I.P CAMPOLONGO · 87



Esperpento

C.E.I.P CAMPOLONGO · 88



Esperpento

C.E.I.P. CAMPOLONGO · 89



Unha clase de armas tomar *

Odiaba aquel profesor. El disfrutaba coa humillación dos seus alumnos. Cada mañá, na miña imaxinación, vía a ese asqueroso e noxento profesor chegar á primeira hora co mesmo xersei do día anterior, o que nos facía pensar a todos que só tiña esa roupa, e cun flamante sorriso provocado cos seus dentes color vainilla de tanto beber viño barato e fumar negro. Non entendía a súa forma de actuar cara a nós, os alumnos; chegaba á clase e o único que lle daba razóns para vir ó día seguinte era te-la esperanza de poñer uns cantos ceros, cantos máis mellor.

Eu, coa miña fama de liberal e rebelde fronte ás inxustizas da escola, actuei na defensa dun dos meus compañeiros, o que me custou a primeira avaliación suspensa...

-¡Feliciano Sánchez!-gritou entusiasmado por terceira vez consecutiva o nome do meu pobre amigo-

-¿Si?

-Dime as leccións dúas e cinco.

Este horrible señor tiña o mal costume de preguntar leccións de hai catrocentos anos, co cal o pobre Feliciano comezou a poñerse moi pero que moi nervioso...

-Isto...iso non...non viña...para hoxe.

-¿Que? ¿E a ti que che importa se viña ou non? O teu deber e sabela...

Eu interrompín farta daquela falta de respecto.

-Perdoe señor , pero vostede dixo que só viña a dez...

Só dixeran iso, pero cunha broncaza das que fan historia o meu suspenso quedou condenado na asignatura de

Decía que el mandaba todo e bla, bla, bla...o de sempre que din estes profes pelmazos. No seguinte trimestre, preparamos unha importantísima vinganza na miña clase que acabou coa súa arrogancia para sempre...

Cando o profe mandou tan só a lección quince para estudar, eu tiña unha gravadora que recompilou o que dixera:

-¡Estudiade a quince para mañá, pequenos insectos !.

O día seguinte ningún de nós estudiou nada aínda que coma sempre, preguntou a Antía a lección seis, e ahí entrei eu...

-Perdoe profesor , pero esa lección non viña, vostede dixo só a quince.

-¡Maldita rata asquerosa!

-Non me gusta que me chame rata, vostede sabe que todo o mundo me chama Bicho.

-Dá igual o que te chamen, eu digo o que me da a gana e pregunto o que me da a gana.

-Síntoo señor, pero escoite isto...

Púxenlle a cinta co que dixera agora e o do outro día, e baixei os humos:

-Sepa vostede que segundo o código desta escola non pode insultar a ningún dos nenos que aquí estamos, e que só pode manda-las as leccións que di que vai preguntar.

O meu profe parecía moi nervioso e colleu a cinta de súpeto.


-¡O, non, non se moleste en destruí-la cinta, porque cada neno desta clase ten unha copia, e se en quince días non cambia de actitude mandaremos unha copia á Dirección do centro e a Consellería de Educación!

Votou a chorar un pouquiño, sentou na súa mesa, e comezou a ser amable con todo o mundo...

¡Nós somos unha clase de armas tomar!

*-No sitio vacante dos puntos podes poñer o nome do profesor que odias e a súa asignatura. Xa sabes que isto non ten nada que ver coa realidade e bla, bla, bla...NON LAVAR EN AUGA FRÍA,

Fátima Peón Torres
1º Secundaria




¡¡¡¡¡ LAS FUERZAS !!

CASA DAS CIENCIAS


OS SACOS E AS POLEAS:

Esta experiencia é sobre tres sacos co mesmo peso e que unha polea é moi difícil de levantar-lo saco que está suxeito a ela, con dúas xa é máis doado e con tres non hai problema. Coa polea as forzas divídense.




O PLANETARIO:

Eu levo soñando tres anos con ir ó planetario, cando chegou a miña oportunidade de velo, o señor non cesaba de berrar porque algúns quitaban fotos e estropeábano. Había dez rapaces doutro que non dixeron nin mu. Alí ensináronno-la constelación de Leo, a Osa Maior, a estrela Polar e o cinturón de Orión.



Fomos de excursión á Casa das Ciencias, nela había unha roda de bicicleta de cor amarela á que lle dabas forte, logo collíala, sentabas nun taburete e dabas voltas coa forza da roda.



Tamén fomos á Domus, vimos como era un corazón por dentro: toda a súa forma por fóra e tódalas veas, arterias e demais por dentro.

A verdade é que como a luz era vermella impresionaba un pouco, velai o seu dibuxo.



VISITA Ó MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

O pasado mes de marzo fomos de visita ó Museo de Arte Contemporánea en Santiago de Compostela.



No autobús todos ilusionados fomos cantando e armando un pouco de barullo. Mentres algúns facían o parvo outros contaban chistes e ríanse moito.

Ó chegarmos ó museo vimos que era un edificio moi moderno con forma entre romboide e triangular e de cor area.

Na entrada había unha sala enorme cunha cristaleira todo ó redor e algúns nenos comezaron a corretear por alí, pero cando a mestra dixo que estivesemos quedos, todos obedeceron.

Na primeira sala había unhas obras de madeira moi estrañas e con formas de carros de vacas, troncos de árbores e unha pintura que semellaba unha muller núa.

Noutra atopábase unha especie de colaxes feitas de ferro principalmente que non nos dicía gran cousa.



Eduardo Artime Rial
6º B

O ano pasado e este ano estamos recibindo unhas clases de arte contemporánea, é unha arte que para algúns non ten sentido, e ti tela que interpretar como queiras. Estas clases estámolas recibindo os venres; vemos unhas cinco diapositivas e ti tes que levanta-la man e dici-lo que pensas, e o que cres que significa esa imaxe. Tamén ás veces imos de excursión a Santiago de Compostela e visitámo-lo museo, alí hai de todo, cadros, esculturas, maquetas...

Máis adiante vimos unha sala na que había unha cúpula que se a mirabas por dentro non vías a fondura, e iso a min pareceume moi bonito.

Tamén estivemos nunha pirámide de cristal e ó meterse dentro ti podías ve-lo exterior pero as persoas do exterior non nos podían ver a nós.

Durante toda a visita vimos máis cousas, como un home de madeira colgado polos pés ou un oso mudando de pel, fotos de panos de mesa que estaban postas consecutivamente, cadros de lagartos e moitas cousas máis.

Na volta fixémo-lo mesmo barullo que á ida, e o conductor creo que nos debeu coller un chisco de mania, pois quentámosille a cabeza.

Aínda así, mereceu a pena ir a esta fermosa excursión.

Algunhas exposicións son permanentes pero outras o artista fai algo e ó mes xa o quitan e xa non hai nada, nin escultura, nin sala con cousas... nada. Esta arte non é coma os cadros de Leonardo da Vinci que per duran ata a eternidade, estas exposicións duran un tempo.

Eu aconsello que vaiades contempla-lo museo porque é moi divertido e ademais tamén é cultura.

alba Fresco Taboada
6º a

VIAXE DE ESTUDIOS. CITROËN VIGO

O pasado mércores, día 28, en lugar de ir á escola marchamos a Vigo de excursión. Collémo-lo autobús fronte ás pistas do recreo ás dez da mañá.

Acomodámonos nos nosos asentos, encendémo-los "walkmans" e non os apagamos ata ve-lo emblema da Citroën dende o autobús. ¡Moita convivencia! ¡Si señor! Baixamos e como tiñamos fame, comemos gran parte das reservas de comida antes de que Neves, que así se chamaba a nosa guía, nos dixera que alí non se podía entrar con comida ¡Que ben! Un pouco desilusionados por non poder come-las lambetadas volvemos leva-las carteiras de novo ó autobús.

Ó baixar entramos, e Neves conduciunos a unha sala onde había un Citroën Xsara de mostra. Alí deunos algúns datos e entregounos uns anteollos de plástico que nos servían para protexe-los ollos das chispas que podían saltar ó soldar. Díxonos algunhas cousas tan sorprendentes como que alí non podía entrar no recinto ningún coche que non fose da marca Citroën.

Primeiro fomos á nave de ensamblaxe, onde observamos como se modelaba a chapa dos coches, ata converterse en diferentes pezas que logo eran soldadas por robots con forma de brazo.

Acto seguido chegamos á sala de montaxe a onde chegaban os armazóns dos coches xa pintados, listos para acondicionalos por dentro e meterlles as lunetas e o motor. Alí tamén se encontraba un gran aparcadoiro, onde se gardan os coches acabados e o recinto de probas para comprobar se os coches están en óptimas condicións..

A continuación vímo-los xardíns e o centro médico da empresa. Agasalláronnos cun bolígrafo, un chaveiro e un bloc de notas, todos eles co emblema da casa. ¡Como non!

Despois de visitar Citroën fomos ata Castrelos admira-lo Pazo, que ten uns trescentos anos de antigüidade. Alí había moitos cadros, todos eles de pintores famosos galegos. Había habitacións moi grandes, entre elas un despacho con mobles moi antigos, un recibidor onde tiñan dúas armaduras, unha biblioteca con libros moi vellos e moitas cousas máis, algunhas tan fascinantes coma un comedor para os domingos e un impresionante xardín moi ben coidado.

TERMINAL DE MONTAXE

A terminal de montaxe de Citroën en Vigo ten unha extensión total de 635.000 km cadrados, dos cales 400.000 km están cubertos, e o resto son xardíns e aparcadoiros para os traballadores e para os coches que fabrican alí. Recentemente esta empresa comprou novos terreos co fin de fabricar un maior número de coches e poder contratar máis traballadores.

Conta con 9.000 traballadores aproximadamente, dos cales 7.000 son fixos e os 2.000 restantes son por contrato. Prevese que o número de obreiros aumente ó amplía-la fábrica.

Traballan por quendas. Os de oficina teñen unha soa quenda de 8.45 ata as 16.00 horas. Traballan oito horas, e os tres cuartos de hora que quedan son para comer. O resto dos traballadores traballan en tres quendas; a de mañá de 6.00 a 14.00 horas, a de tarde de 14.00 a 22.00 horas e a de noite de 22.00 a 6.00 horas.

Tan só fabrican catro modelos de coches: o Citroën Xsara, o Citroën Berlingo, o Citroën C15 e a Partner de Peugeot. É a única terminal europea que fabrica o modelo Xsara de tres portas. Fabrican unha media de 1.300 coches ó día, dos cales tan só un 30% queda no territorio nacional, o resto vai ó mercado internacional.

FASES DE FABRICACIÓN DUN COCHE


1º- Embutición: É a fase onde se corta a chapa e se moldea cunha enbutidora que crea unha presión de 11 toneladas, logo pasa por outras embutidoras menores.

2º- Ferraxe: Alí ensámblanse as pezas ás carrocerías; úsanse soldadores eléctricos colocados en brazos - robots hidráulicos.

3º Pintura: Pintan os coches e sécanos a unha temperatura de 180 graos C.

4º- Montaxe: É a derradeira fase de fabricación, alí acaban de montalo, pónselle o motor, os asentos, ultiman os detalles...

En Citroën tamén teñen unha sección de tapicería onde fabrican os asentos.



- SANTIAGO LUNA BARREIRO.
- SANDRA GONZÁLEZ CHAPELA.
2º SECUNDARIA.

Un soño ó revés

*Era unha vez,
un lobiño bo,
ó que maltrataban
tódolos carneiros.*

*E había tamén
un príncipe malo
unha meiga fermosa
e un pirata honrado.*

*Todas estas cousas
había unha vez.
Cando eu soñaba
un mundo ó revés.*

Rubén Blanco.
6º Primaria.

A nai

*Bonita, bonita
e boa es ti.
Sabes contar contos
e facerme rir,
sempre que non durmo
rezas por min.*

*Moitos corazóns
a later, a later,
moitos bicos
a ti, a ti...*

Andrea Reissman. 6º Primaria.

EXCURSIÓN Ó MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

O mércores, 18 de marzo, fomos de excursión ó C.G.A.C. (Centro Galego de Arte Contemporánea).

Fomos en autobús 5ºB xunto con 6ºB. Noutro autobús ía 6ºA e 6ºC.

Ó chegar separámonos en tres grupos; un ía con Diego e os outros dous con dúas chicas. Nos íamos cunha delas. Entramos a un vestibulo enorme e deixamos as mochilas. Cando todo o noso grupo estaba preparado, baixamos unhas escaleiras e pegados ás cortizas das paredes había uns d'bxos e traballos de colexios, tamén de Campolongo, pero non estaban os nosos.

Despois vimos unha escultura de madeira. Entramos nunha sala, que era salón ou espacio dobre. Estaba colocada nela unha especie de campá xigante. Pero fixemos unha cousa. Ó entrar íamos cos ollos pechados, de modo que ó abrílos e mirar para arriba parecía que non tiña teito. Pero non era así.

Na seguinte sala había cadros e esculturas. Os cadros eran abstractos, coma un de puntos, e simbólicos coma o que representaba unha man cunha agulla. As esculturas eran tamén moi variadas.

Fixemos un percorrido ó longo de todo o Museo observando esculturas, pinturas, fotografías e proxeccións na parede, que pertencían a distintos autores e épocas e polo tanto de diferente estilo.

A nos o que máis nos gustou foron as pinturas abstractas pola súa orixinalidade, creatividade, a súa cor, etc.

Entre as esculturas a que máis nos gust foi unha pirámide feita cuns cristais que se caracterizaban por deixar ver de dentro a fóra pero non ó revés.

Gustounos moito esta excursión porque vimos moitas técnicas e xeitos de pintar, facer esculturas, ou o que o é todo: a arte.

Aida e Santiago, 5º.


A EXCURSIÓN Ó GROVE

O luns, coma tódolos días, fun ó colexio; pero en vez de asistir ás clases fomos de excursión. Saímos a primeira hora do colexio e subimos ó autobús. Na primeira parada poidemos observa-lo monte da Siradela. Nunha gran casa uns monitores explicáronnos a través dunhas diapositivas todo o que máis tarde íamos ver, como, por exemplo, a gran diversidade de aves existentes, o tipo de alimentación, onde anifan, ... Tamén nos ensinaron o esqueleto dunha balea e dun golfinho, cráneos de peixes e aves.

A segunda parada foi nun parque natural onde subidos ás rochas e con prismáticos e enteollos puidemos ver moitas aves: garzas, gaivotas, garcetas, etc.. Máis tarde chegamos a un parque onde xantamos e ó rematar xogamos un pouco.

Despois fomos ó acuario e vimos unha cantidade variada de peixes, tartarugas e tiburóns. Tamén vimos un esqueleto dunha balea que morrera por ter moitos plásticos no seu estómago. E por último volvemos a Pontevedra.

Coral González, 5ºB




EDUCACIÓN VIAL



ACTIVIDADES NA RÚA





O ASCENSO DA S.D. TEUCRO O TRIUNFO DA HUMILDADE

O ASCENSO.

O Caixa Pontevedra-Teucro consumou o día 26 de abril do 1998 a súa volta ó reino dos grandes do balonmán ascendendo á División de Honra nese lugar que só algúns poden alcanzar. Anque non era un favorito para ascender, e, como dixemos no Esperpento 97, o equipo para ascender tiña que ser canteirán cun adestrador da casa, e así foi.

Hai vintecinco anos un Teucro dos Sansilvestre, Núñez, Arca e compañía lograron o primeiro ascenso na historia do club.

O Caixa Pontevedra foi o triunfo da humildade e a recompensa ó traballo dun grupo de persoas, que a pesar dos prognósticos que sinalaban a outros -Eresa, Barakaldo, Prasa Pozoblanco, Ivesur Málaga-, como candidatos ó ascenso. Foi un éxito que custou sangue, suor e que en máis dunha ocasión provocou bágoas, como as que derramaron moitos dos compoñentes dun equipo que coa súa victoria en terras andaluzas confirmou o ascenso.

UN GRAN EQUIPO.

Se o Teucro ascendeu foi por algo, ese algo chámase sacrificio, carisma, potencial, humildade e ambición durante tódolos partidos. Tódolos equipos gañadores teñen estrelas e a do Teucro chámase Quique Domínguez. Non só Quique foi a clave senón que en xeral todos tiveron un papel importante. Javi Díaz ou Marcos foron grandes porteiros; Fran González e Quique Orge foron os centrais máis decisivos cunha gran defensa; Nano de pivote e Cabero tiveron tamén un gran papel.

AS CELEBRACIÓNS.

O chegar a Pontevedra ó día seguinte, a afección ofreceulle o mellor dos recibimentos para un ascenso co Alcalde á cabeza. Os seguidores xadearon ó equipo ó grito de ¡champions, champions!.

UN FUTURO NON MOI DISTANTE.

¿Que fará o equipo na División de Honra? Todos temos que esperar con paciencia e todos temos que axudar ó mellor equipo do histórico balonmán galego. O único futuro do club é intentar mante-la categoría e concienciar á xente de que sen a súa colaboración o futuro é inviable pola escasa economía. Todos temos que colaborar co Teucro e co Pontevedra C.F.

DECLARACIÓNS.

- Modesto Augusto (adestrador):

“Este triunfo é tan noso coma dos afeccionados.”

“Eu creo que cando se pon todo o empeño e todo o traballo durante todo un ano e se ten un pouco de fortuna, necesaria tamén para estas cousas, pódense conseguir estes obxectivos.

“Sobre o futuro, a disfrutar e especialmente coa afección que despois do palizón que se deu, creo que este triunfo é tan noso coma deles.

- O capitán (Quique Domínguez)

“Despois dun ano de decepción, agora vivimos a alegría do ascenso porque témolo traballo cumprido.

- Quique Orge (central).

“O Teucro merece estar na Asobal!”

AGRADECEMENTOS.

Gracias ós xornais “Diario de Pontevedra e Marca” e á S.D. Teucro pola súa colaboración.

¡AÚPA TEUCRO!

Miguel Magdalena, Pablo Paz e Santiago Luna 2º SECUNDARIA



O TEUCRO, OUTRA VEZ ENTRE OS GRANDES DO BALONMAN

Despois dunha moi boa tempada, o Teucro logrou o ascenso á liga Asobal. Unha excelente campaña que culminou coa vitoria fronte ó Almería 2005, acadando así o 2º posto da clasificación. As vésperas do encontro falamos co segundo adestrador da S. D. Teucro, Ignacio Patiño, que nos atendeu amablemente:

P.: ¿Canto tempo levas de segundo adestrador do Teucro?

R.: Levo 2 anos.

P.: Co Teucro ascendido, ¿seguirá o mesmo plantel ou haberá renovación?

R.: Penso que a base seguirá sendo a mesma, pero haberá incorporacións.

P.: ¿Que pensas das categorías inferiores?

R.: Penso que son moi importantes para promociona-lo balonmán e para crear xogadores para o primeiro equipo.

P.: ¿Hai algún xogador que destaque na canteira?

R.: Moitos, pero o importante é que sigan traballando para seguir mellorando.

P.: ¿Cres que a estrela en activo, Quique Domínguez, se retirará a próxima campaña?

R.: Non, creo que aínda lle quedan moitos anos.

P.: ¿Pensas que algún membro da xunta xestora se presentará para

ocupa-la presidencia do club

R.: A verdade é que non o sei, pero están a facer un bo traballo.

P.: ¿Tes pensado cambiar de club?

R.: En principio non, pero depende da xunta directiva.

P.: ¿Se o fai, a cal lle gustaría ir?

R.: A calquera, sempre que traballase a gusto.

P.: ¿Cres que tes posibilidades de chegar a se-lo primeiro adestrador do Teucro?

R.: Non o planteo. Son moi xove e teño que seguir formándome como adestrador.

P.: ¿Cal sería o teu plantel ideal?

R.: Un plantel que traballase nos adestramentos e que coincidise cos obxectivos do club.

P.: ¿Xogaches algunha vez no Teucro?

R.: Non, xoguei no Chapela.

P.: ¿Cando?

R.: Fai tres anos, na tempada 95-96.

P.: ¿Que opinas da afición do Teucro?

R.: Creo que é unha boa afición pero que debería animar ós xogadores xoves da casa.

A clasificación

1º- Baracaldo: 51puntos

2º- Teucro: 48puntos

3º- Pozoblanco: 45puntos

4º- Eresa Valencia: 44puntos

5º- Ivesur Málaga: 44puntos

15º- Estadium Casablanca: 20puntos

16º- G.E.I.G.: 4puntos



O sete ideal

Porteiro: Javi Díaz

Extremo dereito: Coque Fontenla

Extremo esquerdo: Quique Domínguez

Pivote: Nano Vázquez

Lateral dereito: Cabero

Lateral esquerdo: Fran González

Central: Quique Orge

Quique Domínguez, a estrela da tempada.

Quique Domínguez foi unha das claves do ascenso da S. D. Teucro, xa que gracias ás súas xogadas e ós seus goles gañaron gran parte dos partidos. Na primeira volta tivo unha media de dez goles por partido, media que baixou na segunda volta. Tivo moitos acertos desde os sete metros, cousa que axudou ó equipo. Ademais, fixo un gran labor como adestrador das categorías inferiores, ó igual que Ignacio Patiño cos cadetes. Este, levou ó equipo ó campionato nacional, tras gañar ó Cangas na final galega.

Os outros equipos galegos: Cangas, Octavio e Chapela.

Este ano, os tres equipos galegos da liga Asobal non tiveron unha gran tempada, a excepción do Chapela, que quedou de sétimo. O Cangas e o Octavio tiveron que xoga-la liguiña de descenso, xunto con Naranco e Altea. Ó final da liguiña descenderon Naranco e máis un dos equipos galegos, o Octavio. Salvouse o Altea, mentres que o Cangas xogou a promoción. Fíxoo contra o Pozoblanco, e para a sorte do balonmán galego, gañou. Tras un non moi bo partido de ida en Cangas, no que só gañou por dous tantos, foi a Pozoblanco e sentenciou a eliminatoria gañando por unha vantaxe de catro goles (21-25).


Os alumnos do colexio público Campolongo, desexámoslle moita sorte ós equipos galegos da liga Asobal.

Adrián García Bouzas.

Julián Conde Rodríguez.

Alexandre Carballal Fortes.

1º de secundaria.



SENDEIRISMO

Crónica. Pontevedra, a 20 de febreiro de 1998

O 18 de febreiro fomos ó Pontillón do Castro na parroquia de Xeve. É un lugar moi bonito e hai un encoro que é o máis moderno de Pontevedra, había na auga moitas gaivotas.

Alí estabanos a esperar uns mozos que eran os mōñitores e se chamaban David e Begoña, que eran moi simpáticos. Cando estabamos todos, marchamos cara ó monte. Despois paramos para que David nos explicase algo: dixo que neste monte había moitos animais: esquíos, raposos, coellos... e para que saísen tiñamos que ir en silencio. E seguimos andando.

Máis adiante David parou outra vez para explicarnos outras cousas; que en Galicia hai tres clases de árbores que son: os carballos que son os que menos abundan en Galicia porque son os que máis se tallan para facer mobles, os piñeiros son para mobles e tállanse para facer navidade pero por lei non se poden cortar. E por último, os eucalip-


tos, que son as árbores que máis abundan e os que máis estragan o solo se se tallan moito. David contóuno-la historia dun monxe que foi a Australia e cando volveu traía debaixo dun brazo un libro e debaixo do outro a planta de eucalipto. E tamén nos explicou as plantas protexidas de Galicia que son a carriza que se arrinca para facer nacementos e o acívro para adornar en navidade.

Seguimos andando e vimos lonxe uns cabalos salvaxes preciosos.

Despois de andar un anaco chegamos a unha ponte con grande altura e despois arriba había unhas mesas para comer e algúns compañeiros, os máis atrevidos, foron facer "rapel" que é poñer unha corda arredor da cintura para logo engancharse e vante baixando pola ponte. Eu non fun porque tiña vértigo.

E máis tarde regresamos no autobús para o colexio.

Begoña Gil Partal
6º Primaria




O DIÁBOLO

O diábolo é un xogote tradicional con forma de cono que se tira ó aire dándolle un movemento rotatorio moi rápido. Este ano púxose de moda no verán do 97, aínda que sempre se usou. É importante que sigamos usando estes xogos para que non desaparezan.

OS MOVEMENTOS SON:


LÁTEGO




TOBOGÁN




CADEIRA




SINFONÍA




SALTO




XINCANA




SALTÓN



ASCENSOR




AFÍA



CRUZ




PONTE




XINXER




TEARAÑA



TOBOGÁN FANTASMA



HOLANDESA



Daniel Otero e Eric Nieto
6º de primaria.

Maru

SURFING

—JOSÉ COSTAL CAMIÑA • 2ª SECUENCIA—

O surf é un deporte que consiste en esvarar sobre as ondas con axuda dunha táboa ou outro obxecto que flote e ás veces só co corpo. O surfista sitúase de pé nunha táboa oca con forma de fuso esvarando cara a baixo pola rompente dunha onda e utilizando o peso do seu corpo para dirixi-la táboa. Anque é posible practicar surf con ondas de 30 cm de altura, as ondas con máis pendente permiten unha cabalgada máis rápida e excitante. A zona meridional de California, con máis de 40 praias para realizar este deporte, converteuse no maior centro de surf de ondas pequenas de EE UU. O mellor lugar para a práctica deste deporte está en Hawai, onde as ondas poden alcanza-los 9 m. Moitas praias australianas, como Bondi, tamén teñen condicións ideais. En Europa teñen gran fama as praias de Tarifa en España, aproveitando os ventos que se producen no Estreito de Xibraltar. E xa na nosa Comunidade témo-la sorte de contar con moitos quilómetros de costa e unhas condicións meteorolóxicas favorables para practicar este

deporte. Podemos salienta-las praias de Valdoviño, Doniños, A Lanzada, Montalvo e Patos nas que ademais se realizan campeonatos europeos de surf.

O surf orixinouse en Oceanía e desenvólvese nas illas Hawai na época en que o capitán Hook as descubriu en 1778. As táboas de surf daquel tempo eran planchas longas que pesaban uns 68 kg ou máis, de forma que só os atletas máis fortes podían manexalas.

Coa creación dunha táboa máis lixeira, o surf converteuse nun deporte popular. Na década de 1930 as planchas sólidas substituíronse polas de láminas superpostas e madeira de balsa con aleróns para dirixilas. Nos anos 60 produciuse unha táboa aínda máis lixeira, co uso de materiais novos como o istirofoam e a fibra de vidro. As táboas de surf modernas miden de 2'7 a 3 m de longo por 56 a 58 cm de ancho e 7'6 a 10'2 cm de espesor. As que pesan menos de 11'3 kg son as máis populares entre os xoves.




FUTBOLMANÍA


—SANTIAGO LUNA, MANUEL VIÑAS, MIGUEL MAGDALENA—

Nunha enquisa realizada a 50 persoas sobre un tema tan vital obtivemos os seguintes resultados:


¿Mereceu o Barcelona gañala liga?




¿Cal foi o equipo que mellor xogou nesta liga?




¿Quen ten mellor dianteira?




¿Que equipo ten mellor defensa?




¿Cal foi o mellor xogador da liga?




¿Cal foi a decepción?




¿Cal é o mellor porteiro da liga española?




¿E do mundo?



¿Que selección vai gañala copa do mundo?



¿Cal é o mellor xogador da selección?



OS ÁRBITROS DE BALONCESTO E OS MESAS

Nos partidos de baloncesto, a parte dos xogadores, o público e a tensión que vive a xente das gradas, tamén están os árbitros e os auxiliares de mesa. Nós somos auxiliares de mesa. O noso traballo pode ser de cronometrador ou de anotador.

*Se es cronometrador, o que fas é:

- Leva-lo tempo do partido.
- Detelo e poñelo en marcha cando o árbitro o indica.
- Dar cambios ós xogadores.
- Dar tempos mortos.
- Subi-la puntuación.

*Se es anotador o traballo consiste en:

- Anota-las faltas, os tantos, os tempos, os cambios e os nomes de toda a xente que intervéñ no partido.

A folia onde se escriben todos estes datos chámase acta. O bloque das actas consiste en catro follas, por orde:
-A branca e a azul son para o comité.
-A rosa é para o equipo gañador.
-A amarela para o perdedor.

Para ter cubertas tódalas follas, fan falta calcos. No primeiro tempo empréganse calcos e bolígrafos azuis xeralmente, para o segundo tempo calcos e bolígrafos vermellos.

Normalmente, facémo-lo traballo que nos indican as designacións, que son unhas follas onde están os partidos que temos cada un. Antes de comeza-la temp_ada, dánno-lo cursiño para aprende-las dúas funcións.


Nos partidos de maior categoría hai auxiliares de 30 segundos, que son os que levan o tempo de posesión do balón.

O mellor disto é que coñeces a moita xente (aínda que son case todos maiores).

—RUTH FERNÁNDEZ, OLALLA MONTEAGUDO • 6º PRIMARIA—


O HUSKY SIBERIANO


-O Husky siberiano é un can tirador de trineos. É de elegante movemento lixeiro e moi rápido. Parece que pode correr eternamente e é que, a igual peso, ningún can de pura raza pode comparase con este equilibrio de poder, velocidade e resistencia. O Husky Siberiano naceu para correr. Convertido nun can de compañía, destaca a súa intelixencia, a súa docilidade e o seu desexo de ser un compañeiro agradable.



O PASTOR ALEMÁN

-O Pastor Alemán ten un corpo lixeiramente alongado e unha complexión forte e musculosa, encóntrase entre as razas máis populares do mundo. Un traballador entusiasta e versátil que realiza moitas funcións, incluída a de busca e rescate e a de can lazarriño. Hai tempo recoñecíanse as formas de pelo liso, longo e duro, pero agora só se acepta para exposicións, o can de pelo curto





FILOSOFIA FEMINISTA

- ¿ En que se parece un home a unha cigala ?
- En que se aproveita todo menos a cabeza.
- ¿ En que se parece un home a un cepillo de dentes ?
- En que sen pasta non serven para nada .
- ¿Que fai unha neurona no cerebro dun home ?
- ¡ Eco , eco !
- ¿ E dúas ?
- Non se deu o caso .
- ¿ Que parecido ten un home intelixente con Spiderman , Batman e Supermán ?
- En que todos son ficción.
- ¿Que lle pasa a unha muller se se queda sen o 99% das neuronas ?
- Que iguala a capacidade do home.
- ¿ En que se parece un home a un caracol ?
- En que son rastreiros, babosos, teñen cornos e cren que levan a casa.
- ¿ Cal é o día do home ?
- O día menos pensado
- ¿En que se semellan os homes ós garavanzos ?
- En que cando chegan os novos ninguén quere os vellos.

COPLA ÓS MESTRES

Os mestres do noso colexio
xúlganos continuamente,
dín que sómolos peores
de entre toda a xente.

Estamos falando, claro está,
do grupo de 2ºB
por que se ve que ós mestres
non lle caemos moi ben.

Esta gran enemizade
é só por aparentar,
cando marchemos da escola
moitísimo imos chorar,
polas notas, claro está.

Cando marchemos ó Sánchez :
¿ Que será de D. Fariña ?
¿ Seguirá coas súas fórmulas ?
¿ Ou comerá unha sardiña ?

E o mestre de galego,
¿ Afeitarse as barbas
ou cambiará de "look"
e poñerá trenzas rastas ?


En fin, o que está moi claro
é que os botaremos de menos.
Aínda que custe dicilo
xusto é recoñecelo.

Lorena Patricio
Sandra Peña
Carmen Labaca
Elena Jabois
Blanca Luaces

Esperpento

C.E.I.P CAMPOLONGO · 106





- E DIN QUE O VIÑO TAMÉN É CULTURA.
 - ¡AH!... POIS DAQUELA VOU CELEBRA-LO DÍA DAS LETRAS GALEGAS BEBENDO TODO O ABECEDARIO.

XOGO DE MAXIA

Moitos magos empregan carísimos materiais para face-los seus espectáculos. Simplemente con auga, un cazo e unha moeda pódese facer un orixinal xogo de maxia.

Pasos:

- Coloca a moeda no cazo baleiro coa persoa que vaias sorprenden diante.

- De seguido, dille que se vaia separando ata que deixe de vela completamente.

Despois, bótalle auga e ... ¡Maxia! O teu amigo quedará sorprendido porque sen moverse conseguiu ve-la moeda.


Como todo xogo de maxia ten explicación; neste caso científica: A REFRACCIÓN. Isto débese ó cambio de dirección que experimentou a luz ó pasar dun medio a outro distinto e transparente. A luz desviouse coa moeda cara a esa persoa; por iso foi capaz de vela sen esforzo.

Isto non é máis ca unha pequenísima mostra do que se pode facer coa luz.

Carmen Benavente, 5ºB

Esperpento

C.E.I.P CAMPOLONGO · 108



**DIFUSIÓN E ACTUALIDADE
DE ESPERPENTO 98**

DAMERO

| | | | | | | |
|----|----|----|----|----|----|----|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | | 11 |
| 12 | 13 | | 14 | 15 | 16 | |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |

Símbolo da área. $\frac{\quad}{18}$

Satélite da Terra. $\frac{\quad}{22 \ 15 \ 10}$

Acto de suxeitar, en futuro. $\frac{\quad}{1 \ 5 \ 21 \ 9 \ 20 \ 19 \ 23}$

Utensilio con mango e unha folla de ferro. $\frac{\quad}{17 \ 2}$

Xogo composto por 63 casiñas. $\frac{\quad}{12 \ 11 \ 4}$

Danza de orixe alemana. $\frac{\quad}{6 \ 13 \ 8 \ 14 \ 7}$


Elena Jabois Sueiro, 2º Secundaria



ENCRUCILLADO

Busca as trece localidades galegas.

- 1.- Tamén lle chaman a cidade das burgas.
- 2.- Nela está a Citróen.
- 3.- Caracterízase polos seus roscóns.
- 4.- Aquí celébrase a Semama Verde de Galicia.
- 5.- Ten campo de fútbol en Pasarón.
- 6.- O centro da cidades está amurallado.
- 7.- Destaca polo seu cocido con "garavanzos negros".
- 8.- Famosa polos seus mercados dominicais. Aquí naceu Macías o Namorado e Rosalía.
- 9.- Famosa pola Pedra de abalar e a Pedra dos cadrís.
- 10.- Á beira do río Cabe. Ten o Mosteiro de San Vicente e o Col exio do Cardeal.
- 11.- Porto de pescadores na Costa da Morte. Era a fin da terra para os romanos.
- 12.- Famosa polo viño tinto de Cela e polas vieiras.
- 13.- Aquí arribou Colón despois de descubrir novas terras.



Santiago Luna.

Busca 10 nomes ingleses de roupa: coat, dress, hat, jeans, jersey, shorts, tie, trousers, shirt, tracksuit.

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| T | H | C | O | A | T | B | I | X | J | R |
| K | R | L | J | E | R | S | E | Y | T | M |
| L | K | A | M | M | T | S | U | R | L | O |
| D | S | S | C | P | S | T | O | M | Ñ | J |
| R | H | H | D | K | F | U | X | Y | B | E |
| E | O | I | T | R | S | K | O | P | K | A |
| S | R | R | M | E | P | U | B | V | S | N |
| S | T | T | R | K | T | S | I | W | Z | S |
| R | S | S | Y | T | I | E | O | T | M | N |
| S | B | C | G | A | V | X | Y | Z | P | T |
| O | T | B | F | H | A | T | C | S | B | P |


M^a Teresa Floriani 1º Secundaria.
Patricia González 1º Secundaria.

Sopa de letras: 10 EQUIPOS DE FÚTBOL

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| D | C | E | O | N | S | E | P | E | N | O | P |
| C | E | L | T | A | S | L | S | F | U | T | O |
| O | L | P | I | O | X | N | V | E | S | L | N |
| N | L | R | O | M | E | F | L | R | F | S | T |
| U | A | C | B | R | F | I | H | R | O | A | E |
| S | C | L | U | N | T | Q | P | O | N | R | V |
| P | A | O | R | X | R | I | M | L | T | D | E |
| A | C | I | F | R | T | S | V | O | R | N | D |
| L | D | L | R | A | L | U | G | O | L | O | R |
| A | L | C | O | M | P | O | S | T | E | L | A |
| L | I | A | N | L | R | L | C | R | S | A | L |
| I | E | S | P | I | N | E | T | E | D | R | O |
| N | V | L | O | S | U | R | S | E | C | A | C |

PEDRO
RAÚL
JULIÁN CONDE
ADRIÁN

ENCRUCILLADO



Laura P.R.

Letícia

VERTICAIS

HORIZONTALAIS


1. Moeda que se implantará no 2002.
2. Parte posterior das armas de fogo.
3. Fiestra pequena para dar luz ó faiado dunha casa.
4. Mamífero acuático.
5. Abertura na parede para ventilar ou iluminar.
6. Doce composto de fariña ,leite,ovos.....típico no carnaval.
7. Morto vivente.
8. Cando medra chámase ollomol.
9. Ferramenta de labranza con 2 ou 3 dentes e un mango.
10. Pezo para pousa-lo pé o xinete no cabalo.

1. Mamífero carniceiro muy axil, felino.
2. Conxuntos de muros que forman unha barreira.
3. De condición social baixa,modesto.
4. Parte da gorra que sobresa e pa^{ra} protexe-los ollos do sol.
5. Doce elaborado con azucre,auga e outros elementos mesturados e conxelados.
6. Constelación zodiacal desde o 20 de abril o 20 de maio
7. Paxaro insectívoro co pico moi longo,galo merdeiro.
8. Aro de ferro que protexe a roda.
9. Embarcación lixeira, estreita e sen quilla.
10. Caixa transparente que ten dentro a bombilla.


Esperpento

C.E.I.P CAMPOLONGO · 112

Eu disfraceime de:



Pablo. 5 anos.



Paloma. 5 anos.



JUAN. 6 anos.



Andrea. 5 anos.

¿DE QUÉ SE DISFRAZOU?


PABLO: _____

PALOMA: _____

JUAN: _____

ANDREA: _____





**Centro de Educación Infantil e Primaria
CAMPOLONGO. PONTEVEDRA.**